PARLAMENTO DE GALICIA

ANECDOTARIO DO PARLAMENTO DE GALICIA

JESÚS FONTENLA RODRÍGUEZ

ANECDOTARIO DO PARLAMENTO DE GALICIA

JESÚS FONTENLA RODRÍGUEZ

PARLAMENTO DE GALICIA

ANECDOTARIO DO PARLAMENTO DE GALICIA

EDITA
© Parlamento de Galicia, 2019
Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
www.parlamento.gal

AUTOR
Jesús Fontenla Rodríguez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Teófilo Comunicación | www.teofilocomunicacion.com

FOTOGRAFÍAS INTERIOR
Arquivo do Parlamento de Galicia

FOTOGRAFÍA PORTADA
Teófilo Comunicación

ISBN: 978-84-7836-121-2
Depósito Legal: C 232-2019

Hoxe en día, como outrora, o libro continúa a ser un soporte privilexiado e determinante para a ciencia, o ocio e a cultura. E teño para min que os profetas do catastrofismo, que lle auguraban curta vida como consecuencia da universalización do acceso ás TIC, colleitaron un fracaso estrepitoso na medida en que a irrupción de novos soportes, como o libro electrónico, non fan máis que multiplicar o seu potencial como ferramenta imperecedoira.

Ao tempo que conmemoramos o 40 aniversario da Constitución española de 1978, berce e sustento da nosa autonomía política, quixemos recuperar para o gran público o vasto anecdotario que o Parlamento de Galicia acumula ás súas costas.

Xorde este libro a modo de crónica desenfadada das sete primeiras lexislaturas do poder lexislativo galego e agardamos que teña continuidade no futuro. Unha crónica que ten a súa orixe inmediata nunha serie de programas divulgativos elaborados pola TVG a partir de entrevistas con ex-deputados e ex-deputadas da Cámara nas que se mesturan, en primeira persoa, a historia do Parlamento coas vivencias e recordos persoais de cada protagonista.

Resulta obrigado deixar constancia dun merecido recoñecemento a cantos fixeron posible que este proxecto tomase forma definitiva. Mención obrigada á Asociación de Ex-deputados/as do Parlamento de Galicia e ao seu presidente, Jesús María Fernández Rosende, dos que xurdiu a idea inicial deste proxecto e, por suposto, polas facilidades brindadas para a materialización do mesmo. Agradecemento tamén a todas as persoas entrevistadas e a todo o equipo da TVG, do que me permito destacar dous nomes: o director xeral da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo, por asumir como propia a idea impulsada polo Parlamento; e o xornalista Jesús Fontenla, director da serie e autor deste libro, polo entusiasmo co que abordou este cometido.

Nunha etapa caracterizada pola desafección da sociedade respecto á política e as institucións democráticas, urxe reconectar coa xente e calquera esforzo resulta sempre benvido na procura dese obxectivo.

Desde o Parlamento de Galicia estamos empeñados nesa tarefa cunha manchea de iniciativas: visitas guiadas, portas abertas, unidades didácticas, charlas divulgativas para o estudantado, conferencias, visitas, xornadas, participación cidadá na actividade parlamentaria e tantas outras, sempre ao carón da cidadanía.

Tanto este volume como a serie de televisión que serviu de base para a súa elaboración, responden á mesma finalidade: achegar un pouco máis o Parlamento de Galicia ás galegas e galegos aos que serve cada día.

Agardo, amigo lector, que o texto que ten nas súas mans –sexa en soporte papel ou como libro electrónico– contribúa, polo menos, a espertar o seu interese polo Parlamento de Galicia e polas demais institucións democráticas que, durante estas case catro décadas de camiño conxunto, fixeron de Galicia e de España espazos de convivencia pacífica, de prosperidade e de estabilidade. Así foi no pasado, e así agardamos que sexa no futuro, a poder ser aínda con máis acerto.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia

Escribo estas liñas cando o Parlamento de Galicia acaba de cumprir 37 anos de existencia, desde a súa primeira sesión do 19 de decembro de 1981, aínda no Pazo de Xelmírez. Desde entón ata hoxe, vai unha rica historia que explica o inicio e asentamento da autonomía de Galicia.

Esta historia foi contada, día a día, polo que é hoxe a Corporación Radio e Televisión de Galicia, a través dos seus servizos informativos e moi especialmente a través do programa informativo Parlamento. Un espazo presente nas dez lexislaturas e no que foron entrevistados un número moi representativo dos preto de 420 deputados e deputadas que conformaron ata hoxe esta cámara de representación popular.

En todos estes anos, podería dicirse que o Parlamento e a CRTVG correron vidas paralelas en moitos sensos, na convicción de que é a nosa responsabilidade reforzar os lazos coa sociedade, con compromiso e con transparencia. E este proxecto de homenaxe aos 35 anos de parlamentarismo galego responde tamén a eses obxectivos e obrigas.

A Corporación Radio e Televisión de Galicia presta un servizo público a prol da cultura e da identidade galegas, e non podía estar ausente neste recoñecemento en honra dunha institución na que reside a soberanía popular, e que é reflexo da vontade e pluralidade do pobo galego. Tamén desexamos que a CRTVG sexa o reflexo de toda a diversidade do pobo de Galicia.

Non podemos esquecer nestas liñas que os medios públicos galegos naceron cunha das primeiras leis emanadas do Parlamento de Galicia, a de Creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia en 1984. E é outra lei aprobada nesta cámara, a Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia de 2011, a que actualmente rexe a súa actividade, unha lei que recolle a obriga de render contas da súa xestión, e supón a garantía definitiva deste servizo público de medios de comunicación.

As páxinas desta publicación recollen as mellores vivencias de exdeputados e exdeputadas e van fiando a intrahistoria do parlamentarismo galego. Dan contido, en definitiva, a esa frase aparentemente inconcreta –pero tan chea de significado– dun dos episodios históricos vividos ao longo dos anos nesta cámara, o célebre «Aquí pasou o que pasou», do deputado Iglesias Corral.

Unha frase que dá título hoxe en día ao arquivo online da CRTVG. Este arquivo representa un dos maiores tesouros audiovisuais da historia de Galicia e agora, grazas a esta homenaxe ao Parlamento galego, é desde hoxe máis completo e reflicte con maior nitidez, e co punto de vista esencial dos protagonistas do parlamentarismo galego, a nosa historia democrática recente.

Alfonso Sánchez Izquierdo

Director xeral da Corporación
Radio e Televisión de Galicia

O Parlamento é sempre o mesmo e sempre distinto. Un espazo físico serve ao desenvolvemento dun marco xurídico, e esta é a gran imaxe que gardan todos os cidadáns na retina: un edificio, unha actividade. A esta fría inmobilidade inicial contraponse a calor humana das persoas que en cada lexislatura conforman a representación parlamentaria. Todo cobra sentido.

A nosa Cámara é sempre distinta porque se renova en cada lexislatura cos deputados que entran. Eles reflicten os soños, as esperanzas e as preocupacións de Galicia. O Parlamento fano os deputados, os grupos parlamentarios... o pobo galego.

Setenta e cinco mulleres e homes que representan outras tantas maneiras de ver as cousas, individualidades que lle achegan á institución todo o seu sentido. Setenta e cinco personalidades únicas que sentan nos seus escanos en cada lexislatura.

Precisamente, estas visións particulares de moitos dos grandes acontecementos vividos nos últimos anos danlle corpo e valor a este interesantísimo traballo que ninguén debería perder.

Por iso, a todos os que se involucraron nesta obra, e no nome da Asociación de Exparlamentarios do Parlamento de Galicia, quero agradecerlles sinceramente a súa colaboración.

Aos compañeiros exdeputados que participaron e fixeron posible cos seus relatos a base indispensable deste proxecto.

A Miguel Ángel Santalices Vieira, presidente do Parlamento de Galicia, á Mesa da institución e aos voceiros dos grupos parlamentarios (Ana Pontón, Xoaquín Fernández Leiceaga, Luís Villares e Pedro Puy), polo total e absoluto apoio que prestaron a esta idea e o que prestan á nosa Asociación.

Á Televisión de Galicia e ao director xeral da Corporación, Alfonso Sánchez Izquierdo.

Mención específica merece Jesús Fontenla, xornalista, autor deste libro e director da serie de sete capítulos que o complementan, que soubo rodearse dun equipo entusiasta de profesionais do medio público, que foron quen de levar adiante este inxente traballo: 90 entrevistas e centos de horas de conversación, centos de horas de gravacións en distintos puntos de Galicia.

Grazas a todos!

Jesús M.ª Fernández Rosende

Presidente da Asociación de Exdeputados
do Parlamento de Galicia

Anecdotario do Parlamento de Galicia

Introdución

Ten nas mans un libro que é froito da escoita paciente e atenta. Posiblemente non había outra forma honesta de achegarse ó reto de contar a historia do Parlamento de Galicia co enfoque que encargaron os seus promotores: recoller –tamén evitar que se perdesen– as anécdotas e vivencias dos exdeputados, que son as que lles dan sentido pleno ás cousas que foron pasando na Cámara galega. Dalgunha forma, este libro tenta dar resposta a esa frase ocurrente e retranqueira de Manuel Iglesias Corral, que pasa por ser unha das máis famosas na historia parlamentaria: *aquí pasou o que pasou, e sabémolo todos*. E non dixo máis, porque nin podía nin era o momento.

Pasados os anos, é hora de explicar polo miúdo por que pasaron as cousas que pasaron, darlles pleno sentido. E podemos facelo porque contamos coas declaracións francas dos que foron protagonistas, xa afastados da primeira liña da batalla política, liberados dos compromisos de silencio e confidencialidade, distanciados das liortas que antes os anoxaban e cegaban e agora ven cun sorriso e con máis claridade.

Precisamente por isto o traballo chegou ata onde podía chegar, é dicir, ata a sétima lexislatura. Na oitava abriuse un novo tempo político en Galicia que, á hora de poñer a última frase a este libro, aínda non rematou. Cando o faga, cando repousen e maduren os recordos, será o momento da colleita. Anticiparse sería estragala.

Para completar este *Anecdotario* do Parlamento de Galicia recolleuse un amplo material documental, de orixe privada –achegado polos propios exdeputados– e pública. Pero a fonte principal de información vén dada polas 90 entrevistas feitas. Todas a exdeputados agás seis casos: dous funcionarios do Parlamento e catro parlamentarios que seguen en activo pero que resultaban fundamentais para explicar algún episodio desas sete primeiras lexislaturas.

Semellante número de entrevistas, de centos de horas de conversa, fan que este libro poida cualificarse de *autobiografía coral*. Contan a historia parlamentaria os seus propios protagonistas, e o abano de testemuñas é tan amplo que dá cabida a todos os grupos e sensibilidades. É un achegamento á *intrahistoria* da Cámara, aos seus bastidores, ás razóns que se agochaban realmente detrás dos acontecementos. Por iso non se debe entender este traballo como un relato histórico convencional, como unha simple narración expositiva e cronolóxica de feitos. Esa tarefa, necesaria, xa estaba ben feita por outros.

Hai exdeputados que se botan en falta neste libro. Cómpre advertir que todos os que pasaron polo Pazo de Xelmírez, o de Fonseca ou o do Hórreo, foron convidados a participar. Algúns con moita insistencia. Pero non todos aceptaron. As razóns do rexeitamento, variadas, quedan no anecdotario privado do autor.

O que corresponde é darlles as grazas ós que aceptaron o convite da entrevista, que foron moitos. E de xeito especial a eses que non puideron vir por problemas de saúde, que foron poucos. A achega de todos fai posible que contemos agora cunha historia enriquecida que explica o asentamento da autonomía de Galicia, impulsora da democracia na nosa terra.

O agradecemento esténdese tamén ós promotores deste libro: a Asociación de Exparlamentarios de Galicia, xermolo da iniciativa, e o Parlamento de Galicia. É de xustiza recoñecer que a nosa primeira institución achegou non só a edición da obra senón un apoio entusiasta e constante.

Jesús Fontenla Rodríguez

PARLAMENTO DE GALICIA

I Lexislatura (1981-1985)

PARLAMENTO DE GALICIA

SECRETARIO

Pablo González Mariñas
▼ 30.03.1982

VICEPRESIDENTE 1º

Pablo Moure Mariño

PRESIDENTE

Antonio Rosón Pérez

VICEPRESIDENTE 2º

Ramiro González Amadeo
▼ 22.09.1982

VICESECRETARIO

Mariano Rajoy Brey

SECRETARIO

Antonio Olives Quintás
▼ 29.09.1982

VICESECRETARIO

Antonio Varela Álvarez
▼ 22.09.1982

Adolfo Abel Vilela

José Luis Alonso Riego

Bautista Goyel Álvarez Domínguez

José Luis Barreiro Rivas

Miguel Barros Puente

Senén Bernárdez Álvarez

Ramón Félix Blanco Gómez

Juan Carretea Gómez

Antonio Carro Fernández-Valmayor

Benjamín Casal Vila

Carlos Casares Mouriño

José Castro Suárez

Ramón Evaristo Castromil Ventureira

José Ramón Cociña García

Alfredo Conde Cid

Manuel Couce Pereiro

Manuel Ceferino Díaz Díaz

Luis Domínguez Vázquez

Manuel Elría Cabeza

Xerardo Denis Felipe Estévez Fernández

Gerardo Fernández Albor

Fernando García Agudín
▼ 26.10.1982

José Luis García Casasnovas

Benito García Dorgambide

Antonio Edelmiro Gato Soengas

Jesús Gayoso Rey

Emma Rosa González Bermello

José González Dopeso

Gerardo González Martín

Anxo Guerreiro Carreiras

Benito Iglesias Cacicedo

Manuel Iglesias Corral

Juan Manuel Iglesias Rivera
▼ 20.09.1983

José Lage Lage

Ramón Lareo López
▼ 23.10.1984

Claudio López Garrido

María del Carmen Lovelle Alén

Fernando Martínez González

Julián Martínez Larrán

José Carlos Mella Villar

Aurelio Miras Portugal

Manuel Morán Morán

José Pedro Moreno González
▼ 24.10.1980

Camilo Nogueira Román

Santos Oujo Bello

José María Pardo Montero

Maximino Pérez Hortas

Ricardo Pérez Queiruga

Tomás Pérez Vidal

Juan Luis Pía Martínez

Ramón Piñeiro López

Miguel Gerónimo Piñeiro Sánchez

José Quiroga Suárez

José Carlos Rodríguez González

Ángel Rodríguez Vázquez

José Romero Becerra

Antonio Sangiao Pumar

Francisco Suárez-Vence Santiso

Ramón Taboada Soto

Víctor Manuel Vázquez Portomeñe

Francisco José Vázquez Vázquez
▼ 24.11.1983

Flora Vega Aldariz
▼ 20.09.1983

Ramón de Vicente Vázquez

Manuel Ángel Villanueva Cendón

José María Casas Rosendo
▼ 26.10.1982

José Luis Mourín Estela
▼ 20.09.1983

José Recimil Tábora
▼ 26.09.1983

Antolín Luis Mariano Sánchez Presedo
▼ 20.09.1983

Anxo Teixeiro Piñeiro
▼ 24.11.1982
▲ 22.02.1982

José Luis Torres Colomer
▼ 26.09.1983

▼ data de baixa
▲ data de alta

Preautonomía
e Primeira Lexislatura

1978-1985

Galicia conta hoxe cun status político de autonomía. A moitos pareceralles un nivel axeitado, mentres outros ansían ir máis aló. O certo é que esta situación se resolveu logo dun proceso de impulso democrático de moitas persoas, de distintas opcións ideolóxicas, que viron na democracia española que se acababa de estrear unha oportunidade de fornecer tamén politicamente o noso territorio. O camiño non foi doado. Agora parécenos todo dado, que xa estaban aí, desde sempre, o Parlamento, a Xunta e as distintas institucións de autogoberno. Pero a situación política e social que vivimos hoxe non foi un agasallo senón unha conquista colectiva que foi dando pasos, todos eles custosos, que cómpre non esquecer.

Tras a celebración das primeiras eleccións da actual democracia española, unha asemblea de parlamentarios galegos aprobou, en outubro de 1977, un texto que foi a base do período preautonómico para Galicia. Instituíuse entón a Xunta de Galicia, que actuaría como órgano provisional mentres non se aprobasen a Constitución e o conseguinte Estatuto de autonomía.

A Presidencia da Xunta de Galicia recaeu en Antonio Rosón Pérez, que foi elixido no seo da propia Xunta. E con que medios contaban eses adiantados do autogoberno? Pois eran inversamente proporcionais á ilusión que poñían.

Xosé Ramón Cólera Leirado, Oficial Maior do Parlamento de Galicia (1981-2005): Os medios materiais e humanos eran escasísimos. Eu podo dicir que, para as reunións, tiña que poñer o coche e a gasolina. O único que cubría era a axuda de custo. E o meu despacho, na planta segunda do concello, tiña só dous funcionarios.

Xosé Ramón Cólera era a man dereita de Antonio Rosón, a persoa elixida para levar a comisión de transferencias entre as deputacións galegas e a Xunta preautonómica. Tamén foi quen, xa con Xosé Quiroga Suárez como segundo presidente preautonómico, de levar a cabo a construción do Parlamento de Galicia na súa vertente administrativa e xurídica. Cólera foi nomeado posteriormente oficial maior do Parlamento, cargo no que permaneceu 24 anos.

A PRIMEIRA *CAIXA B* DA DEMOCRACIA

Traballar con Antonio Rosón era fácil, polo seu bo carácter e porque se movía ben na austeridade, que daquela non era virtude senón pura necesidade. Así que foi o presidente acaído para esa primeira fase, na que primaron o diálogo e a responsabilidade.

Tomás Pérez Vidal, Alianza Popular: Don Antonio Rosón era un personaxe moi importante xa cando xurdiu a Autonomía. Fora delegado do Goberno en Galicia e presidente preautonómico. Despois presentouse ás primeiras eleccións pola UCD e digamos que, no acordo entre Coalición Popular e UCD, foi elixido presidente do Parlamento.

Tiven moito trato con el e sempre me pareceu un home moi xeneroso, un galeguista convencido, un home que trataba sempre de buscar o consenso. Na dirección dos plenos era, quizais, demasiado xeneroso na administración dos tempos de intervención dos deputados.

Amais da súa bonhomía incuestionable, Rosón era un político preocupado pola imaxe favorable da autonomía e das súas institucións, pola creación dunha incipiente oratoria parlamentaria que tivese un grao de dignidade. E pronto comezou a ser coñecido tamén o seu celo no gasto dos poucos cartos dos que se dispoñía.

Antonio Gato Soengas, PSdeG-PSOE: Rosón estaba sempre preocupado polos deputados e polas carestías dos medios que tiñamos. Era un home moi austero e sempre tiña medo de gastar. A el chegábanlle sempre os cartos..., aínda que non había nada.

Ese ánimo semellante ó da formiga do conto, levouno a emprender un aforro nunha *caixa b* que, sendo honestos, só podemos cualificar de virtuosa.

Miguel Barros Puente, PSdeG-PSOE: Un grupo de deputados viaxou á Arxentina con motivo dunha visita institucional, e alí foron convidados e agasallados polas asociacións galegas e galeguistas en Bos Aires. Á volta, Rosón reuniu a Mesa do Parlamento e dunha maneira suave pero persistente, moi persuasiva, formulou o seguinte: *dado que os deputados foran agasallados decontino, non se produciron quebrantos nas súas economías. Polo tanto, se lles parece ben, esas cantidades asignadas como provisión deberían pasar ó fondo para a construción do futuro Parlamento e a súa reforma, no Pazo do Hórreo*. Convén saber que esa conta tivo despois os seus problemas serios porque desde o punto de vista estritamente contable non tiña xustificación... pero era unha especie de *caixa b virtuosa*.

Xosé Torres Romar, funcionario do Parlamento de Galicia: Tiña empeño por aforrar pero tamén soubo ter xestos como cando, tras un sobrante pequeno nos orzamentos, fixo unha paga extra inversamente proporcional para o persoal. É dicir, aplicou unha peculiar regra de repartición: os que menos cobraban, nesa paga cobraron máis; e os que cobraban máis, recibiron menos.

O primeiro que fixo Antonio Rosón foi encargar a redacción dun Estatuto de Autonomía. Como paso previo, elaborouse un anteproxecto por parte do chamado *Grupo dos 16*, que se formou a partir da convocatoria que Rosón fixo a todos os partidos políticos e entidades culturais, sociais e sindicais para que colaborasen neses traballos.

Pablo Padín Sánchez, UCD: O primeiro que acordamos –e iso é merito da UCD– foi incorporar non soamente ós que tiñan representación institucional, senón a partidos externos que non estaban no xogo político daquel intre nas institucións, como o POGA (Partido Obreiro Galego) ou o propio Partido Comunista. Así puidemos contar co traballo de Anxo Guerreiro ou Camilo Nogueira.

Traballamos ilusionados, sen ningún tipo de retribución, algo que veu despois. E digo isto agora, cando a xente mira moito o que gañan os políticos, porque para facer un traballo o importante non é gañar máis ou menos senón ter a formación necesaria e unha gran ilusión.

Pablo González Mariñas, UCD: Nese anteproxecto estaba, por exemplo, o deber de coñecer o galego. Posi-

bilitábase a creación da Policía Autonómica, estableceíase un Consello de Contas, a semellanza tamén do Tribunal de Cuentas do Estado. É dicir, para discutir todos estes temas había que realmente profundar en moitas cuestións.

Nese texto tamén se incluia a elección de Santiago de Compostela como capital de Galicia. Todo quedara ben traballado e ben acordado por aquel *Grupo dos 16,* pero o texto que se levou finalmente ó Congreso para a súa aprobación sufriu varios recortes, tantos que moitos falaron de *aldraxe a Galicia*. O certo é que tivemos Estatuto, por fin, o 6 de abril de 1981. E conforme a el, convocáronse as primeiras eleccións autonómicas galegas.

Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, Alianza Popular: Daquela os mitins electorais eran espontáneos, moi distintos ós que vemos hoxe en día. E nós, os políticos, eramos espontáneos que saíamos da sociedade e empezabamos a predicar á propia sociedade as nosas convicción. En consecuencia, despois de perorar, admitiamos quendas de preguntas por parte do público, de maneira que calquera cidadán alí presente levantaba a súa man e formulaba o seu problema, as súas dúbidas ou os seus vituperios, que ás veces a maior parte dos mitins remataban cuns vituperios tremendos.

Adolfo Abel Vilela, Alianza Popular: Os partidos non tiñan un peso. Eu mesmo pegaba un cartel ou facía un decorado para un mitin ou participaba como orador. Tiñamos que facelo practicamente todo. Recordo que Xosé Luís Barreiro e mais eu servimos de *coellos de indias* nesa primeira campaña electoral. Leváronnos a Barcelona para mellorar a nosa imaxe, que era fundamental porque daquela había moita cartelería. Unha casa especializada levounos a comprar roupa, pero a cousa non parou aí. Recordo que a Barreiro lle cambiaron as lentes. Levárono a unha óptica e alí estiveron horas e horas probándolle distintas monturas ata que deron coas axeitadas.

Claudio López Garrido, Bloque-PSG: Había moi pouco diñeiro. Eu recordo das primeiras eleccións que a nós nos quedou un *pufo* de 2 millóns de pesetas, non de euros, e aquilo custounos moito pagalo. De feito, houbo que dividilo entre os militantes porque, claro, os bancos tampouco lle concedían un crédito a un partido. Logo había que dividilo e personalizalo, que era como se facía. Hoxe as cifras que se manexan dan medo.

E O AMAZONAS CAMBIOU DE CURSO...

O resultado daquela primeira cita electoral tamén meteu medo, sobre todo a algúns. Xosé Quiroga, segundo presidente da preautonomía, chegara a dicir que era máis difícil que perdera a UCD as eleccións que que o río Amazonas cambiara de curso. A frase perseguiuno moitos anos. Alianza Popular gañou esas eleccións con 26 deputados. A UCD conseguiu 24 e o PSdeG-PSOE, 16.

Pois con ese resultado, Xosé Quiroga, reposto do susto, convocou a sesión de constitución do Parlamento de Galicia. Esa primeira xornada parlamentaria foi o 19 de decembro de 1981, no histórico Pazo de Xelmírez. Desde logo, non sobraban as comodidades. Pero é algo que daquela non contaba, era secundario, porque todos eran conscientes de que estaban a facer historia. Agora contan esas anécdotas e dálles a risa.

Adolfo Abel Vilela, Alianza Popular: Había moitísimas carencias e dificultades, ata o punto de que cando se constituíu o primeiro Parlamento tivemos que facelo no Pazo de Xelmírez, nunhas condicións lamentables, no mes de decembro, cun frío tremendo, subindo unhas escaleiras medievais que custaban moito traballo. As cadeiras eran prestadas polo Concello de Santiago. O frío era tan intenso que Xosé Luís Barreiro acabou collendo un canón de aire quente dunha granxa de polos para que se puidese quentar aquilo.

Xosé Luis Barreiro Rivas, Alianza Popular: O canón era de gasóleo, e soltaba un chorro de aire quente impresionante. Non se podía ter durante as sesións de traballo, que estaban cheas de radiadores de electricidade e estufas de butano. Pero o canón quedaba traballando de noite. Fomos Ramón Castromil e mais eu a pedir o canón, que en realidade tamén se utilizou despois na igrexa de San Domingos de Bonaval, na toma de posesión do presidente Albor.

Pablo González Mariñas, UCD: Recordo unha anécdota daquela sesión inaugural. Eu sempre tiven fotofobia, e con aquel frío intenso que facía no Pazo de Xelmírez chorábanme os ollos. Entón puxen unhas lentes, uns anteollos de sol. Víaseme moito porque era o secretario da Mesa. Algúns facíanme acenos pero eu non entendía o que querían. Logo explicáronme que Alfonso Guerra, que estaba entre os convidados, non paraba de preguntar, estrañado: *que fai Pablo con lentes de sol aquí dentro?*

Pablo González Mariñas era un dos membros desa primeira Mesa do Parlamento de Galicia. Nela tamén estaba un mozo de 26 anos, Mariano Rajoy; e un veterano Rosón, como presidente da Cámara, que fixo que todo fose máis doado. A súa forma de moderar os debates aínda se recorda.

Santos Oujo Bello, UCD: Rosón era unha persoa que tiña unha gran *socarronería* e que sabía facer ben as cousas. Unha anécdota que me impresionou é que lle chamou a atención a un deputado polo discurso que estaba facendo. Ó rematar a sesión plenaria, o aludido preguntoulle ó presidente: *por que me amoestou, se todo o que dixen é normal e non soltei ningunha palabra malsoante ou ofensiva?* Rosón, con moita parsimonia, contestoulle: *era polo ton*. Debeu ser a primeira vez en España que un deputado é reprendido polo ton que emprega.

Tomás Pérez Vidal, Alianza Popular: Pois eu recordo ben unha anécdota de Santos Oujo, cando estaba falando na tribuna e non tiña traza de rematar. Entón, Antonio Rosón díxolle: *señor deputado, vaia acabando. —Si, señor presidente, agora remato*. Pero non deixaba de falar. Entón o presidente volveuno apremar: *señor deputado, abreve*. Así que Santos Oujo, que era ocorrente, colleu o vaso de auga e *abrevou,* dándolle un grolo. Entón produciuse un momento de gran hilaridade na Cámara que eu sempre recordo como unha anécdota típica de don Antonio e de Santos Oujo. Moi típica deles, que eran dous personaxes.

ALBOR, UN MÉDICO METIDO A POLÍTICO

Xa contamos que aquel Parlamento tiña moi repartidos os escanos, sen ninguén que tivese unha ampla maioría para propoñer, sen máis, un candidato a presidente da Xunta. Con todo, buscouse o acordo porque non se podía atascar o autogoberno. Buscouse o acordo desde un galeguismo que estaba moi presente en todas as filas e que fomentara paseniñamente Ramón Piñeiro. O histórico galeguista tamén estaba detrás do salto á política de Xerardo Fernández Albor, que era un coñecido médico de Santiago.

Xerardo Fernández Albor, Alianza Popular: Ramón Piñeiro foi quen conseguiu de verdade que eu aceptase ser candidato. Un día, no Hostal dos Reis Católicos,

insistiume nesa idea, e eu accedín, porque Piñeiro tiña autoridade moral. Acababa de estar tres anos no cárcere e non tiña un real. Andaba por Galicia tentando levantar o movemento galeguista. Era un mártir, o home que máis traballou pola autonomía de Galicia e polo galeguismo.

Para sermos xustos, amais de Ramón Piñeiro, o xornalista e escritor Felipe Fernández Armesto e a súa dona, María Victoria Fernández España, convenceron definitivamente a Albor nun xantar na súa casa de Xanceda. Tamén convidaron a Manuel Fraga para que persuadise o futuro candidato, pero cando se levantou da mesa apenas lle dirixira a palabra a Albor.

Xerardo Fernández Albor, Alianza Popular: Ás 9 da noite saín de Xanceda e fun para a casa e conteille á miña muller que querían que me presentase ás eleccións para o Parlamento de Galicia. E dime: *pois creo que é o teu deber. —Mira*, aclareille, *non é para ser deputado sen máis, senón para ser candidato a presidente.* Entón mudou de opinión: *Ah, non, iso si que non!* Pero cando lle contei que me presentaba por Alianza Popular accedeu, porque non vía perigo, é dicir, que contaba con que as eleccións as ía gañar a UCD e que, polo tanto, eu non tería que ser presidente. Pero o Amazonas cambiou de curso...

Albor conseguiu a investidura sumando os votos de Alianza Popular cos da UCD. Mesmo o apoiaron tres galeguistas independentes que estaban integrados no PSOE: Ramón Piñeiro, Carlos Casares e Benxamín Casal. Albor tiña prestixio profesional e era respectado por todos. E nunca tomou o papel de político profesional, cousa que a algúns lles chocaba.

Claudio López Garrido, Bloque-PSG: Sobre Fernández Albor, unha das cousas que máis graza me ten foi na sesión de investidura. No seu discurso hai un momento no que di *eu que non son político*... E Bautista Álvarez, que estaba ó meu carón, saltou como un resorte: *entón, que pinta aquí? Por qué se presenta a candidato? Lárguese!*

ENTRE CHAVES DO BISPO E A FUGA DUN PRESO

Botaba a andar a primeira lexislatura con 71 deputados e os medios xustiños pra comezar. Os plenos celebráronse primeiro no Pazo de Xelmírez, durante uns poucos meses, antes do traslado ó Pazo de Fonseca. A sede era prestada polo Arcebispado de Santiago, situación algo risíbel.

Xosé Carlos Mella Villar, UCD: Aquel Parlamento reunido en Xelmírez..., co señor bispo facendo de *can de palleiro* porque non nos daba a chave. Había que pedirlle a chave para cada sesión. Ás nove estabamos alí todos na porta de Xelmírez, cun frío que pelaba, e o bispo tardaba o seu cuarto de hora ou vinte minutos en deixarnos a chave da porta. Vamos, que o Parlamento non se abría ata que nos daba a chave a Santa Madre Igrexa.

Alfredo Conde Cid, PSdeG-PSOE: Eu estou recordando agora a Mariano Rajoy e a Tomás Pérez Vidal –que eran dous rapaciños daquela– discutindo porque a máquina de escribir correspondía a un os luns, mércores e venres; e a outro quedáballe os martes, xoves e sábado. Logo entón, como os sábados apenas se traballaba, un deles tiña a máquina un día menos á semana.

Xosé Luis Alonso Riego, Alianza Popular: Eu acordo que para todos os conselleiros había un coche ou dous nada máis. Entón, aparecían eles nos sitios máis recónditos de Galicia e ían conducindo o seu propio coche. Ó principio nin había presuposto. Creo que o primeiro foron 525 millóns de pesetas, é dicir, o que serían hoxe sobre tres millóns de euros. Con iso xa nos podemos dar unha imaxe de como se puxo en marcha aquela autonomía.

A primeira institución de Galicia contaba entón con 28 funcionarios, que traballaban como podían nos baixos de Raxoi. Xusto enriba deles estaba o cárcere da Policía Local, outra situación curiosa que deu lugar a algunha anécdota.

Xosé Torres Romar, funcionario do Parlamento de Galicia: Condicionaba moito o noso traballo porque escoitabamos continuamente os berros da xente que estaba nos calabozos. Ás veces levábanos a parar no traballo para escoitar e saber de que se queixaban. Eles adoitaban saír ó patio unhas ou dúas veces ó día para tomar o aire fresco. Dunha vez, un deles agatuñou pola canle de baixada de augas e presentouse nas dependencias do Parlamento. Levamos un gran susto, e co tempo puxéronse reixas nesas ventás.

Higinio Estévez Adán, funcionario do Parlamento de Galicia: Aqueles inicios tan precarios daban para moitas curiosidades. Por exemplo, as comisións gravábanse nun aparello con cintas grandes que debían durar sobre as dúas horas. Se a comisión se alongaba, había que parar a comisión. Avisábase ó presidente para cambiar a cinta e os deputados esperaban ata que estivese outra vez listo.

E como un Parlamento ten que lexislar, puxéronse a iso. O primeiro foi designar a capital de Galicia. Aquilo levantou unha guerra entre deputados, mesmo dentro dos propios grupos. A cousa non ía de siglas ou ideoloxías, senón de ser un de Santiago, de Vigo... ou da Coruña. Ó final gañou Santiago por 60 votos a favor e 8 en contra. Tres deputados ausentáronse.

Antonio Carro Valmayor, PSdeG-PSOE: Eu era partidario de que a capital fose A Coruña. Estiven en contra da decisión que dunha maneira maioritaria se tomou despois no Parlamento. Decidín entón ausentarme do pleno para non votar. Mentres se producía aquela votación estiven paseando pola praza do Obradoiro. O único que quería era preservar a miña conciencia.

Alfredo Conde Cid, PSdeG-PSOE: Eu recordo fundamentalmente a *estampida*, se se lle pode chamar así, que deu Paco Vázquez. Estouno vendo en Xelmírez, marchando da Cámara, axitando un sobre no que o ameazaban de morte a el e os fillos e lle chamaban fascista. Marchou axitando aquel sobre como unha bandeira, contra as dúas da mañá, porque aquela sesión prolongouse ata tarde.

Manuel Couce Pereiro, PSdeG-PSOE: Participei en varias consultas con xente de Ferrol, da literatura, da avogacía, e a min dixéronme que a capital debía de estar na Coruña. Falei con Paco Vázquez e díxenlle que tamén desde Ferrol estabamos dispostos a apoialo. Participei na gran manifestación que houbo na Coruña e mesmo defendín aquela postura cunhas palabras desde o Pazo de María Pita. Pero á hora da verdade o partido tomou unha decisión e houbo un drama bastante importante: o partido acordou Santiago e Paco Vázquez presentou a dimisión. Eu votei Santiago a pesar de ter feito campaña pola Coruña.

O XURAMENTO É PARA FACER PERXUROS

Recuperados todos dese primeiro sobresalto, pronto chegou o segundo: os tres deputados da coalición Bloque-PSG negáronse a xurar a Constitución e o Estatuto de Autonomía. Segundo unha discutida aplicación do Regulamento, foron suspendidos de dereitos. O único que volvería á Cámara, anos máis tarde, foi Bautista Álvarez. Lois Diéguez e Claudio López quedaron desencantados. Aquilo non foi agradable para ninguén, e moitos deputados lamentaron a decisión aínda que non xustificaran a postura dos tres deputados nacionalistas.

Lois Diéguez Vázquez, Bloque-PSG: O que me doeu máis foi que, o día seguinte da decisión, tentamos entrar os tres deputados a traballar. Había varios policías na porta e negáronnos a entrada. De pronto, apareceu un funcionario para pagarnos unhas cantidades do traballo que tiñamos feito. Aquilo doeume porque era *recochineo,* unha imposición brutal e unha forma de deshumanización. Moitos dos deputados e deputadas dicíannos que era unha aberración. O propio Rosón chegou a comentarmo.

Claudio López Garrido, Bloque-PSG: Nós tomaramos unha decisión e asumímola e levámola adiante. Había unha persoa –curiosamente Manuel Iglesias Corral– coa que eu falaba moitas veces que pretendía convencerme de que abandonásemos esa postura e que continuásemos no Parlamento. E dicíame: *bueno, e que máis ten. O xuramento... é para facer perxuros.* Eu creo que tiña razón. Despois viuse. Iglesias Corral era unha persoa moi intelixente. Fora fiscal xeral na República.

Bautista Álvarez Domínguez, Bloque-PSG: Tivemos o apoio, que se manifestou na votación, dos que estaban con nós no Grupo Mixto: Esquerda Galega e o Partido Comunista de Galicia. Tamén recibimos o apoio (e non teño ningún interese en ocultalo) de Xerardo Estévez, que logo foi alcalde de Santiago. No momento da votación ausentouse. Anos despois eu deille as grazas pola actitude que tomara. El díxome que se ausentara para ir ó baño, pero sei que o fixo deliberadamente. Houbo tamén un deputado da UCD, Pardo Montero, que tentou impulsar unha modificación do Regulamento para corrixir esa anomalía.

Camilo Nogueira Román, Grupo Mixto (Esquerda Galega): Eran compañeiros meus. Defendinos e votei en contra da expulsión. Pero creo que se equivocaron profundamente. A cuestión de xurar ou non a Constitución –simplemente a aceptamos– era unha cousa que non tiña importancia. Aí non había por que demostrar fortaleza, e creo que se equivocaron.

Xosé Ramón Cólera Leirado, Oficial Maior do Parlamento de Galicia (1981-2005): Iso deume moito traballo, e sei que a Rosón lle causou un gran desgusto persoal. Era unha situación moi difícil pero o Regulamento estaba aí, o artigo 7. O certo é que eles eran deputados antes de que ese Regulamento fose aprobado. Mesmo traballaron na súa redacción. Tiñan os tres plenos seguintes como prazo para xurar a Constitución. Eles non o aceptaron.

O acatamento é unha posición lóxica para quen está dentro do sistema, pero sumarlle a fidelidade é moi forte, porque un pode ser un íntimo discrepante co Estatuto ou a propia Constitución.

O PRIMEIRO *CUPO* E ALGUNHAS *ANIMALADAS*

Aquel desacougo xeral non durou moito. Non había tempo que perder para lexislar e poñer en marcha a autonomía. Volveron as augas ó rego do consenso e aprobáronse por unanimidade leis tan importantes como a de símbolos de Galicia ou a de normalización lingüística. Outras tiveron menos sona pero ocasionaron algunha chanza.

Pablo González Mariñas, UCD: Discutíase a primeira Lei de protección de animais domésticos. Entón, ese día presidía a sesión Luis Cordeiro e os grupos nomearon voceiros a distintos deputados para defender as súas postura no debate. Un grupo designou a Becerra, outro a Antonio Gato... En fin, produciuse unha situación un tanto hilarante na Cámara e, para poñer algo de orde, Cordeiro dixo: *bueno, quedan prohibidas as alusións persoais.*

Xosé Carlos Mella Villar, UCD: Agora fálase moito de concertos económicos e de cupos. O cupo xa se aprobou para Galicia. Propúxeno eu sendo conselleiro, foi aprobado polo Parlamento galego e defendido nas Cortes de Madrid. Recordo que lle comentei a Manuel Iglesias Corral: *home, non sei se nos estaremos pasando nisto do cupo*. El, que era moi sereno, un paxaro de coidado, mírame de arriba abaixo e sóltame: *Mella, ti cantos anos tes?* Díxenlle que ía para os 50. E retrucoume: *es un lactante*. Claro, el xa fora fiscal da República con 27 anos. Co tempo, fun comprendendo que hai tíos de 50 e 60 anos que son verdadeiros lactantes.

Adolfo Abel Vilela, Alianza Popular: Había momentos aburridos, pero pasabámolo ben. Recordo que nun debate pesado lle escribín unha carta a Carlos Casares, que estaba na oposición. Levabámonos moi ben. Preguntáballe por cal cría el que era o mellor método para capar os capóns. O uxier levaba e traía a nosa correspondencia sobre eses temas banais por todo o hemiciclo. Aínda conservo esas cartas...

A verdade é que nesa primeira lexislatura houbo moitos acordos. As leis saían adiante a pesar de que o Goberno estaba en minoría, cousa que hoxe en día sería case impensable. Fernández Albor ofrecéralle á UCD un pacto de goberno estable, pero nunca o aceptou. Aínda así, conseguiu esgotar a lexislatura, a cabalo entre o Pazo de Xelmírez e a nova sede de Fonseca, algo máis confortable.

PARLAMENTO DE GALICIA

II Lexislatura (1985-1989)

PARLAMENTO DE GALICIA

SECRETARIO
Manuel Núñez Carreira
VICEPRESIDENTE 1º ▼ PRESIDENTE ▲
Tomás Pérez Vidal
PRESIDENTE
Antonio Rosón Pérez
VICEPRESIDENTE 2º
Francisco González Amadiós
VICESECRETARIO
Pablo Sande García
VICEPRESIDENTE 1º
Luis Cordeiro Rodríguez
VICESECRETARIO
José F. Nogueira Fernández

Gonzalo Adrio Barreiro
José Luis Alonso Riego
José Luis Barreiro Rivas
Miguel Barros Puente
Xosé Manuel Beiras Torrado
Senén Bernárdez Álvarez
Ramón Félix Blanco Gómez
Manuel Blanco Suárez
Antonio M. Ramón Campos Romay
Antonio Carro Fernández-Valmayor
José Ramón Cociña García
Alfredo Conde Cid
Juan Manuel Corral Pérez
Manuel Couce Pereiro
Ramón Díaz del Río Jáudenes
Manuel Ceferino Díaz Díaz
Pablo Egerique Martínez
Gerardo Fernández Albor


Alejandrino Fernández Barreiro
José Antonio Cesáreo Franco Cerdeira
José Antonio Gago Lorenzo
Fernando Garrido Valenzuela
Antonio Edelmiro Gato Soengas
Jesús Gayoso Rey
José Giráldez Maneiro
Emma Rosa González Bermello
Fernando Ignacio González Laxe
Pablo González Mariñas
Fernando González Suárez
José María Hernández Cochón
Manuel Iglesias Corral
Antonio Martínez Aneiros
Fernando Martínez González
Ángel Fernando Martínez Randulfe
José Carlos Mella Villar
José Miñones Trillo

Aurelio Miras Portugal
Jesús Mosquera Sueiro
Camilo Nogueira Román
Antonio Olives Quintás
Santos Oujo Bello
Pablo Padín Sánchez
Juan Manuel Páramo Neyra
Xulio Xosé Pardellas de Blas
Fernando Alfredo Penzado Barbeira
Ricardo Pérez Queiruga
José Enrique Rodríguez Peña
Fernando Carlos Rodríguez Pérez
José Romero Becerra
Cándido Sánchez Castiñeiras
Antolín Luis Mariano Sánchez Presedo
Antonio Sangiao Pumar


José Javier Suances Pereiro
Francisco Javier Suárez-Vence Santiso
Eladio Tesouro Romero
José Luis Torres Colomer
Celestino Torres Rodríguez
Rafael Valcarce Baiget
Manuel Guillermo Varela Flores
Víctor Manuel Vázquez Portomeñe
Manuel Veiga Pombo
Ramón de Vicente Vázquez
Constantino Vila López
Manuel Ángel Villanueva Cendón


Alfredo Atrio García
José Luis Castro Agrasar
Gerardo Conde Roa
Manuel Eiris Cabeza
Jesús María Fernández Rosende
Andrés Manuel García Picher
Rosa Gómez Limia
Emilio González Afonso
Ángel Ramón Mesa Torreiro
José Moas Pazos
Nazario Pin Fernández
Ildefonso Piñeiro Mouriño
Ismael Rego González
José Luis Suárez Cotelo

▼ data de baixa
▲ data de alta

Segunda Lexislatura

1985-1989

Hai moito, moitísimo que contar da lexislatura máis convulsa de Galicia, a segunda. En realidade, foi das máis axitadas da política española e concitou a atención de parlamentarios, xornalistas e analistas de moitos lugares. Así foi por dúas razóns: porque serviu de campo de probas para outros movementos a nivel estatal e porque a crise de goberno e a posterior moción de censura revelaron unha gran altura parlamentaria. Moitas das anécdotas das próximas páxinas teñen que ver con eses episodios.

Nas eleccións de novembro de 1985 gañara Coalición Popular, con Fernández Albor de cabeza de lista, a certa distancia do PSOE pero sen maioría absoluta. Os 11 escanos de Coalición Galega eran algo moi destacado. Deixábaos como terceira forza e partido chave para formar goberno. Aquel éxito só se explicaba –e explícase hoxe con máis detalles– polo apoio incondicional do partido catalanista *Convergència i Unió*, de Jordi Pujol, pero, sobre todo, da *operación reformista* liderada por Miguel Roca, que pretendía abrirse paso entre a hexemonía de Alianza Popular e o PSOE. Os *coagas* tamén recibiron o apoio do PNV, aínda que non co mesmo entusiasmo nin cos mesmos medios.

FLORENTINO PÉREZ Ó FRENTE DE... COALICIÓN GALEGA

En realidade, moitos deses políticos de Coalición Galega viñan da UCD, pero estaban descontentos co escaso peso que tiña Galicia nas Cortes do Estado. Xusto o contrario do que pasaba cos nacionalistas vascos e cataláns. Cando a UCD comezou a percorrer un rápido declive, xurdiu a iniciativa de Coalición Galega. Desde fóra, pronto viron algúns a oportunidade de acompañar ese movemento.

Cándido Sánchez Castiñeiras, Coalición Galega: Foi fundamental o apoio e a iniciativa de Eulogio Gómez Franqueira, que foi o gran factótum de Coalición Galega. A pena foi que a Franqueira lle pasara o que lle pasou, porque se non eu creo que Galicia tería aínda hoxe un partido nacionalista como se demanda realmente, moderado, de centro, pero que pense na terra por riba de todo. Así foi como se creou Coalición Galega.

Emilio González Afonso, Coalición Galega: O de Coalición Galega foi toda unha experiencia. Presentabámonos practicamente nesa lexislatura e conseguimos ter un resultado importantísimo, con once deputados. O noso slogan, aquel de *fagámonos respetar*, calou moito en Galicia.

Pablo González Mariñas, Coalición Galega: Coalición Galega tivo unha achega fundamental do mundo catalán, da política catalá, daquela *Convergència* de Jordi Pujol; e realmente, para facer aquela campaña, axudáronnos moito, desde facer o himno ata estruturar os discursos. Nós sabiamos moi ben o que queriamos en Coalición Galega e tiñamos as ideas moi claras. Fixemos un programa inmenso pero si, claro, tivemos un apoio de todo ese mundo catalán e da chamada *operación reformista*. De feito, Florentino Pérez, actual presidente do Real Madrid, era quen estaba connosco no día a día, quen dirixía realmente a campaña.

Noutro nivel estaba Miquel Roca, que xa entón tiña unha longuísima experiencia e iso, bueno, hai que recoñecelo e valoralo.

Coalición Galega podía sumarse a Coalición Popular para formar goberno. Era a súa gran oportunidade de entrar nun executivo ó pouco de nacer. Pero non quixeron. Máis ben habería que dicir que *algúns* non quixeron, e mesmo apoiaron a idea de formar goberno co PSdeG-PSOE e co PSG-EG, cos que sumaban os 36 escanos da maioría absoluta. Esa discrepancia sementou unha discordia definitiva en Coalición Galega.

Dos 11 deputados *coagas*, 5 estaban claramente a favor de coaligarse cos socialistas. Quedaba servida a primeira crise identitaria do partido.

Pablo Padín, Coalición Galega: Mella era un dos que quería facer un goberno de todos contra o PP. Tamén eran da mesma opinión Pablo González Mariñas ou o noso secretario xeral, que era Rodríguez Peña, de Ourense.

E estabamos seis, que eramos maioría, que non estabamos dacordo. Viñamos da UCD e tiñamos unha dimensión moito máis conservadora. Tamén había outra razón clara para opoñernos: as nosas bases, os votos de Coalición Galega –iso ninguén o discutía– viñan derivados fundamentalmente do centro dereita e do apoio da empresa Coren de Franqueira. Polo tanto, esa estrutura tiña un peso específico no partido que non había que esquecer naquel momento.

Os debates foron intensos e, ás veces, algo tensos. Tanto que Miquel Roca e Antonio Garrigues, mentores de Coalición Galega desde o exterior, tentaron mediar a petición dalgúns deputados. Non tiveron ningún éxito, e a posición de deixar gobernar a Albor en solitario triunfou só pola forza dos números: seis contra cinco. Gañaba a parte máis conservadora do grupo, pero tamén quedaban aliviados os da *operación reformista*, que non querían que os seus afillados fosen unha simple muleta do PSOE.

Antolín Sánchez Presedo, PSdeG-PSOE: Nós quixemos facer un acordo pero notamos que en Coalición Galega había unha certa reticencia porque había unha *operación reformista* en marcha e non querían ensinar as súas cartas de con quen poderían gobernar. Non querían ser tachados de apéndice do partido socialista. Camilo Nogueira, de Esquerda Galega, tampouco tiña neses momentos unha gran vontade de facer un goberno alternativo.

Fernando González Laxe, PSdeG-PSOE: Estivo a piques de saír pero, naquel momento, forzas alleas a Galicia, encabezadas por Roca Junyent –que quería lanzar un partido reformista con vistas a pactar con outros e defender os intereses cataláns– impediulles a algúns deputados galegos dar ese paso adiante.

Coalición Popular quería presentar a Albor á investidura, pero sumando apoios doutras forzas ós seus 34 deputados. A idea era contar con maioría suficiente. Faltábanlles dous escanos. Houbo intentos. Ó parecer, de todo tipo...

Alfredo Conde Cid, PSdeG-PSOE: Eu, daquela, paseino moi mal porque se correra o rumor de que ía votar a favor da investidura de Albor. É certo que se me pedira o voto e que tiven ofrecementos en compensación polo meu voto. En principio, pediuseme en prol da gobernabilidade e a estabilidade parlamentaria. Dixen que tiña que pensalo porque me parecía un asunto serio.

Había dous deputados de Lugo que, se eu votaba como un galeguista en prol da estabilidade, pois eles farían o mesmo. Pero cometeron a torpeza de ofrecerme unha compensación económica importante e a execución de compra do colexio da miña nai, que a Xunta necesitaba. Entón reunín a miña familia, comentámolo e decidimos que non. Así que Albor foi reelixido presidente da Xunta pero sen contar con maioría absoluta.

A VINGANZA CONTRA ROSÓN

Tamén Antonio Rosón quería ser reelixido presidente do Parlamento. A cousa semellaba máis doada. Pero estabamos na lexislatura dos sustos. En Coalición Popular non todos aceptaban de bo grao o novo compañeiro de partido, que fora dirixente durante moitos anos da UCD en Lugo, un partido co que tiveran innumerables liortas. De feito, cando se fixeron as listas electorais desa provincia, Manuel Fraga tivo que impoñer o seu criterio ante a negativa inicial de moitos *populares* a que Rosón encabezase a lista desa provincia. Acataron a decisión pero tomaron nota para logo pasar factura.

A oportunidade chegou cando tocou elixir presidente do Parlamento para esa segunda lexislatura. O Bloque e Esquerda Galega xa anunciaran que non entraban en ningunha negociación para conformar a Mesa do Parlamento. Ou se votaban a si mesmos ou se abstiñan. Polo tanto, quedaban os 34 escanos de Coalición Popular fronte ós 33 que sumaban PSdeG-PSOE e Coalición Galega. Na primeira votación precisábase maioría absoluta, pero na segunda chegaba coa simple, algo que tranquilizaba a Rosón..., a priori.

Xosé Luís Alonso Riego, Coalición Popular de Galicia: Houbo tres deputados de Alianza Popular que non lle votaron a Rosón. Pódense dicir os nomes porque non pasa nada, é historia. Foron Constantino Vila, Fernando Carlos e Fernando Pensado, que non cumpriron o mandato do partido. Aquilo non sentou ben no grupo porque os acordos que toma a maioría hai que cumprilos.

Fernando Carlos Rodríguez, Coalición Popular de Galicia: Na viaxe en coche de Lugo a Santiago decidimos darlle unha lección a Rosón, amosar publicamente o noso descontento pola actitude que tivera durante a campaña electoral, na que faltara ó 99 por cento dos mitins. Boa a fixemos...! Cando fan o reconto e Coalición Popular, en vez de ter 34 votos ten 31, empezan a escoitarse voces: *xa están aquí os cacharristas, que vergoña!* A verdade é que Paco Cacharro non tivo nada que ver, era cousa de nós os tres.

Entre a primeira e a segunda votación vívese o primeiro gran apuro da lexislatura. Os socialistas e os de Coalición Galega pensan que os de Lugo van en serio e que non votarán a Rosón tampouco na segunda volta. Mentres, a cara do candidato era un drama, resoprando mentres descansaba os ollos no chan.

Nos seguintes minutos –poucos– deputados de Coalición Galega e do grupo socialista comezaron a negociar as condicións dun apoio para que Antonio Carro, do PSdeG-PSOE, fose o novo presidente da Cámara. Recibiu 33 votos na segunda volta. Pero os tres de Lugo puxeron fin á brincadeira e votaron a Rosón, que conseguiu así continuar no posto que tan ben lle sentaba.

Fernando Carlos Rodríguez, Coalición Popular de Galicia: Claro, a cousa tivo máis consecuencias das que se pensaba. Coalición Galega mollouse apoiando os socialistas a cambio de nada. Despois, co tempo, coincidín nun coche con Manuel Fraga e díxenlle: *Don Manuel, quería falarlle do tema da elección do señor Rosón. Querido amigo,* retrucoume, *non me fale diso.*

Insistín tanto que ó final puiden explicarlle que nunca quixemos poñer en perigo real a reelección de Rosón, e que a manobra mesmo serviu para prender lume en Colición Galega, que xa era un *polvorín*. De feito, saltou feita anacos.

Aquilo acabou ben para Rosón, pero poucos saben que outro deputado do mesmo grupo estivo días antes facendo valer a súa candidatura, de xeito discreto pero incisivo...

Ramón Díaz del Río Jáudenes, Coalición Popular de Galicia: Estabamos falando fóra do hemiciclo, Carlos Mella, que pasaba dos cincuenta anos; Mariano Rajoy, que non chegaría ós trinta; *Manancho* Villanueva que debía andar polos cincuenta e tantos; e tamén estaba eu, que non era moito máis novo.

Nesas achégase Manuel Iglesias Corral, instalado xa nos setenta anos, e dínos: *Eu quería pedirvos por favor que deixedes que sexa eu quen vaia presidir o Parlamento. A fin de contas, vós sodes xente nova, tedes moitos anos por diante e a min... xa me queda pouco. Porque vós sodes tan novos!*

Rosón, que tampouco era novo, saiu elixido na segunda votación..., para alivio dalgúns e certa desilusión de Iglesias Corral. As sesións deselvolvíanse no Pazo de Fonseca, nun salón pequeno que fora refectorio. Algúns lle chamaban *o parlamentiño* ou *a caixa de zapatos*. Os deputados sentábanse uns fronte ós outros, ó estilo do parlamentarismo inglés. A falta de comodidades convidaba a saír fóra para conversar ou negociar o que fose preciso.

Antonio Campos Romay, PSdeG-PSOE: Era moi habitual que fósemos ó Hostal, que está no Obradoiro. Era moi cómodo. Algúns deputados mesmo nin consumían nada. Tamén había un par de bares fronte a Fonseca, moi concorridos de parlamentarios.

Ismael Rego, PSdeG-PSOE: O Parlamento era moi humano, porque había moita cercanía, mesmo de habitáculos, con deputados pegadiños uns a outros. Pero non era cómodo. Ademais, fumábase moito e aquel aire volvíase irrespirable. Entón, por esas incomodidades, moitas negociacións se producían na terraza do Café Monroy. Estou seguro de que unha parte da moción de censura xestionouse alí, como sucedeu coa Lei de Universidades Galegas.

UN DOS DOUS SOBRA NESTE POBO, FORASTEIRO

Os cafés poden non levar nada..., ou darlles algo de chispa botándolles unhas gotas de augardente. Así, remexendo neles constrúense leis ou argállanse conspiracións e movementos de xadrez.

Os tres partidos da Coalición Popular (Alianza Popular, Partido Demócrata Popular e Partido Liberal) comezaban a distanciarse e facer a guerra pola súa conta. Había que poñer orde dentro do Executivo, pero Albor e Barreiro, o seu vicepresidente, non compartían a mesma estratexia. Había tamén, era algo evidente, moitas diferenzas de carácter.

Antolín Sánchez Presedo, PSdeG-PSOE: Existía unha sensación de que Xerardo Fernández Albor era un líder político moi representativo, pero que a xestión, a máquina de goberno, a dirixía Barreiro. El consideraba que isto era disfuncional e nalgún dos paseos que dabamos por alí, polo claustro de Fonseca, Barreiro comentoume que pensaba que se debía producir unha remuda á fronte da Xunta de Galicia. Mesmo me chegou a comentar que ía haber un congreso do Partido Popular e que seguramente asumiría a Presidencia.

Xosé Luís Barreiro Rivas, Coalición Popular de Galicia/Coalición Galega: Producíase no Goberno unha discusión sucesiva sobre a falta de cohesión dentro do propio grupo. Eu dicía, *aquí hai que poñer orde,* e Albor respondía que *había que ir tirando.*

Un día produciuse unha circunstancia fútil, esa gota que enche o vaso. Albor móstrase de acordo en que había que unificar, pero con amizade e boas formas. Eu díxenlle que estaba de acordo en facelo así pero que... *ti iso non o sabes facer.*

Pareceume que, dito iso na mesa do Consello da Xunta, supoñía unha ruptura; algo así como dicir *un dos dous sobra neste pobo, forasteiro*. Inmediatamente vin que non podiamos continuar os dous e díxenlle que marchaba.

Aquel dúo de personalidades tan distintas acabou por rachar. Aínda non cumprira un ano a segunda lexislatura e Xosé Luís Barreiro dimitiu do Goberno. E con el, case todos os conselleiros. A sensación entre todos os parlamentarios era que aquilo era inevitable. E iso, a pesar de que ambos se complementaban nas súas virtudes políticas. Barreiro era moi executivo, cunha vocación política avasaladora, e con boas destrezas para a negociación e a dialéctica parlamentarias. Albor ofrecía unha imaxe institucional de madurez, nada exacerbada, e de conexión co galeguismo histórico. Pero a política é decidir. E non sempre se acerta.

Xerardo Fernández Albor, Coalición Popular de Galicia: Xosé Luís é un tipo moi valioso. E foi unha pena que marchase levando a outros. Porque se aínda marchara só... pero non, e deume un desgusto. Pero eu sempre o quixen, e tamén a súa muller e á súa filla.

Xosé Luís Barreiro Rivas, Coalición Popular de Galicia/Coalición Galega: O momento máis difícil para min non é a moción de censura, aínda que logo sae mal, por dicilo dalgunha maneira. O momento máis difícil é cando me vou do Goberno, o 30 de outubro de 1986. Estamos falando, probablemente, do acontecemento máis complicado, tamén persoalmente, para min. En todo caso, é o que definiu a marcha da autonomía, porque marca a miña saída e a chegada de Fraga ó mesmo tempo. Por tanto, é un elemento crucial na interpretación política da autonomía.

AQUÍ PASOU O QUE PASOU... E SABÉMOLO TODOS

Xerardo Fernández Albor tivo que nomear un novo Goberno, no que destacaba a incorporación de Mariano Rajoy como vicepresidente. Pero había que ir a Fonseca a explicar o sucedido, dar contas do que pasara. Porque pasaran cousas graves dentro do Executivo, pero ninguén dera razón.

Na sesión máis relembrada do noso Parlamento, Manuel Iglesias Corral, de Coalición Popular, falou sen dicir nada, unha argucia parlamentaria que pasou á historia. As preguntas da oposición xiraban ó redor da crise de Goberno, das súas causas e, sobre todo, das súas consecuencias. Iglesias Corral subiu á tribuna de oradores e deu a seguinte resposta: *quen dixo que aquí non pasaba nada, nin para quen se pode dicir que aquí non pasaba nada? Aquí pasou o que pasou, e sabémolo todos.* O vello político provocou unha distensión que moitos agradeceron.

Pablo González Mariñas, Coalición Galega: Eu presentei unha interpelación ou unha pregunta. Levaba un argumentario de cinco folios traballados durante moito tempo e foron absolutamente barridos cunha frase que non significa nada e que o significa todo. Unha frase dun home moi experimentado en política que resolveu a miña pregunta con aquel *aquí pasou o que pasou*.

Produciuse nese momento unha gargallada por toda a Cámara porque a saída foi absolutamente xenial. Non dixo nada, non dixo nada máis que iso: *aquí pasou o que pasou,* con aquela cara que tiña el.

Así quedou ben rematada esa sesión na que o Goberno debía dar conta da súa crise. Moitos din que Iglesias Corral, seguramente sen pretendelo, pronunciou a frase máis célebre dita nunca no Parlamento de Galicia. Houbo moitas máis, e de máis contido, desde logo. Pero ningunha tivo tanta retranca nin foi tan oportuna. E ningunha, e iso ten mérito, deixou tan aliviado o grupo de goberno e tan conforme a oposición.

Pero pasaran cousas, claro que pasaran. E máis que ían pasar. Porque aquela ferida no Goberno de Albor non acabou de pechar. Con Barreiro e outros no Grupo Mixto, a oposición comezou a facer números e buscar compañeiros de viaxe para unha moción de censura. Os ofrecementos chegaban mesmo a deputados de Coalición Popular.

Xosé Luís Alonso Riego, Coalición Popular de Galicia: Viñeron falar comigo. Non me ofreceron nada, nin cargos nin cousa parecida. Pero non me parecía ético cambiar de partido para facer unha moción de censura. Non tería cara de ir ó meu pobo, A Guarda, nin cara de presentarme ante meu avó ou meus pais. E así llelo dixen ás persoas que viñeron falar comigo.

Pablo Egerique Martínez, Coalición Popular de Galicia: Eu era moi amigo de Suárez Vence e de Fernando Garrido Valenzuela, xusto os que eran disidentes da alianza de Goberno. E claro que me abriron as portas e me ofreceron a posibilidade de unirme a eles! Había razóns de peso, seguramente, pero eu creo que hai que manter a fidelidade.

Nas vésperas da moción de censura, os tres deputados do Partido Liberal no Parlamento xantamos en Santiago cos líderes do partido, José Antonio Segurado e Pío Cabanillas, que era como un asesor áulico. Dixéronnos que nin se nos ocorrera apoiar ese movemento.

A presión era grande en todas as bancadas. E non todos tiñan resortes persoais para explicar cambios de posicionamento dentro do propio grupo. Había moitas implicacións políticas, pero tamén familiares e de amizade. Ás veces era mellor esgotar os tempos, esperar a que outros desen o paso. Nesa xogada da moción de censura, moitos non sabían ben qué podían gañar, pero tiñan claro que podían perder moito.

Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, Coalición Popular de Galicia: No noso grupo parlamentario estaba integrado alguén que era catedrático de universidade, xa falecido. Circulaban bulos de que quería integrarse no grupo de cinco no que estaba Barreiro. Pregunteille directamente sobre aqueles rumores, porque eu non podía facer o ridículo como voceiro. Xuroume que non era certo e que non marchaba. Entón chamamos os medios de comunicación, entre eles Televisión de Galicia, para constatar diante deles a firmeza de permanencia dese home no noso grupo parlamentario.

Ó día seguinte, cando me levantei, fun á oficina parlamentaria que tiñamos na rúa Xeneral Pardiñas. Alí déronme unha carta do devandito deputado na que dicía que abandonaba o grupo. Ata entón lle durou a promesa: vinte e catro horas! Menos mal!

A MOCIÓN DE CENSURA SAE DA PRAIA DE RODEIRA

Pronto comezaron os socialistas de González Laxe a negociar. Co Partido Nacionalista Galego pero, sobre todo, con Coalición Galega. E, como era costume, esas conversas avanzaban máis rápido sentados ó redor dunha mesa e co padal entretido.

Alfredo Conde Cid, PSdeG-PSOE: Iso avanzouse moito nunha casa na Praia de Rodeira, en Moaña, na que veraneaba Ceferino Díaz. Estaba Laxe tamén, con Xosé Luís Barreiro e mais eu. Alí estivemos, debaixo dunha parra, comendo xamón. Foi moi agradable aquela reunión.

En todas as formacións políticas había diferenzas, se non ideolóxicas cando menos de sensibilidades e de formas de actuar. O PSdeG-PSOE non era unha excepción. Ceferino Díaz e González Laxe lideraban unha operación política de alto nivel, nunha manobra atrevida pero que politicamente tiña moitos riscos. Algunhas voces, no seo da Executiva socialista, comezaron a criticar o feito de non ter apenas coñecemento nin control desas reunións. E concluíron que o mellor era incorporar a esas negociacións ó Partido Socialista institucionalmente falando.

Miguel Barros Puente, PSdeG-PSOE: O meu queridísimo amigo Manuel Moreira Matalobos convidounos a cear na súa casa a Xosé Luis Barreiro e mais a min. Plantexeille a Barreiro o novo escenario pero amosouse irritado porque dicía que xa tiña falado con Sánchez Presedo e que lle comunicara todo o necesario.

Respecto da moción de censura, eu sempre entendín que era unha acción política pura. E a moralidade dos deputados que se trasladaban dun grupo a outro era, en todo caso, unha responsabilidade persoal.

Co Partido Socialista plenamente incorporado ás negociacións, os seguintes pasos foron xa a un ritmo alto ata a presentación formal da moción no rexistro do Parlamento. Pero ata nese punto, xa de aparente non retorno, o Goberno seguía loitando por que aquela tentativa esmorecese. Esa difícil misión de parar a primeira moción de censura da democracia española correspondeulle a... Mariano Rajoy.

Antonio Carro Fernández-Valmayor, PSdeG-PSOE: Mariano Rajoy falou comigo directamente porque eu fun o primeiro firmante da moción de censura a Fernández Albor. Instoume a que non fixera caso daquela proposta política. Pero eu contesteille que esta situación de crise interna no Goberno merecía, en todo caso, unha cuestión de confianza, cousa que non fixeron. E, polo tanto, o que provocou necesariamente foi a presentación dunha moción de censura.

É dicir, en dereito parlamentario, cando se perde a confianza da maioría, ou se plantexa unha cuestión de confianza ou a oposición presenta unha moción de censura.

Antolín Sánchez Presedo, PSdeG-PSOE: Eu lémbrome perfectamente de que, xusto presentada a moción de censura, antes da votación, chamáronme do Pazo de Raxoi para manter unha entrevista. Alí esperábanme Mariano Rajoy e Manuel Ángel Villanueva Cendón, que eran membros da Xunta de Galicia. Contáronme que ían presentar unha denuncia no xulgado contra Xosé Luís Barreiro. Chegaron os enfrontamentos mesmo ás denuncias xudiciais. Eu expliqueilles, con toda claridade, que a moción de censura se presentaba en función da situación política de Galicia e da falta dunha maioría de goberno, e non porque eles tomaran algunha decisión contra Barreiro.

A MELLOR FORMA DE MARCHAR: CON DIGNIDADE

Xa non había quen parase aquela operación, e a moción de censura celebrouse en setembro de 1987. Era a primeira vez que sucedía algo así en España, o que explica a expectación creada e que moitos xornais enviasen cronistas que desen conta daquela novidade.

Foron tres xornadas cun final escrito de antemán, pero non faltaron nin a cortesía nin a xenerosidade. Eran outros tempos, e había un respecto persoal que se podía poñer a proba mesmo nas circunstancias políticas máis dramáticas. Tamén tiñan todos bastante coidado en non tocar as institucións de autogoberno, en preservalas, dada a incerteza que había aínda na cidadanía.

Fernando González Laxe, PSdeG-PSOE: Naquela lexislatura as relacións persoais eran extraordinarias entre todos nós, e comprendiamos o sentido da política con maiúsculas. Discutiamos, pero sempre utilizabamos o cargo, nunca o nome. Eu criticaba o presidente da Xunta ou calquera conselleiro, pero sen utilizar o seu nome. Iso estaba salvagardado. Isto permitíanos ser duros na argumentación pero, ó mesmo tempo, educados na crítica.

Ismael Rego, PSdeG-PSOE: Naquel debate hai un momento, despois da intervención de Fernando González Laxe, que sobe o presidente Albor á tribuna e o interpela: *vostede que quere, que pretende? Xa vai ser presidente, ten os votos suficientes e eu voi deixar de selo. O único que busco hoxe aquí neste debate, como vello galeguista e vello demócrata, é saír coa maior dignidade posible.* Esa frase de Albor a min deixoume unha certa marca, e non porque fora o presidente senón porque eu descubrira nel unha certa calidade humana, algo que non era difícil de percibir.

Un home correcto nas formas soubo ir ata a bancada de González Laxe a felicitalo nada máis rematar a sesión. Albor soubo tamén desaparecer da primeira liña dos focos. Marchou como deputado á Eurocámara antes de esgotarse a lexislatura. Non gardou rancores de todo aquilo. Nin sequera cara a Barreiro, que asinou a moción e acabaría sendo vicepresidente do novo goberno.

Xosé Luís Barreiro Rivas, Coalición Popular de Galicia/Coalición Galega: A relación persoal con Xerardo Fernández Albor enfriouse un pouquiño, pero nunca se perdeu. Entre outras cousas porque Xerardo sempre foi absolutamente cordial e correcto, e eu tamén son educado.

Á marxe das feridas persoais que un suceso así deixa nas persoas, a posición que adopta cadaquén tamén sitúa unha marca na biografía política dos protagonistas. Pódese dicir que todos eles fixeron un punto e á parte nesa memoria, para ben ou para mal.

Xosé Luis Barreiro Rivas, Coalición Popular de Galicia/Coalición Galega: Hoxe eu podo dicir que, probablemente, desde a perspectiva persoal e tamén desde a longa perspectiva histórica, a moción de censura foi un erro. Non así a dimisión de 1986. Foi un erro porque, como diría Robespierre, *qué dirán de nosotros los siglos venideros?* Se sae ben, dirán marabillas, e se sae mal dirán que somos uns traidores e que non temos vergoña.

Hai que recoñecer que eu xogaba forte en política. Gañaba case sempre e perdín unha vez. Pero iso é coma quen se vai facendo rico no casino e un día, dun só golpe, perde todo e se vai á miseria.

Fernando González Laxe, PSdeG-PSOE: Claro que impresiona ser o presidente do teu país. Impresiona moito. Pero telo que asumir, saber que tes que ser o primeiro en todo: en manifestarte, en agradecer, en poñerte ó carón dos desfavorecidos, en falar, en dar consellos, en decidir. Telo que asumir.

A GARABATA DE CEFERINO DÍAZ

Poucos días despois de se celebrar a moción de censura Laxe tomou posesión como presidente da Xunta e elixiu ós membros do seu Goberno de coalición tripartita (PSdeG-PSOE, Coalición Galega e Partido Nacionalista Galego). A gran sorpresa foi que non incluíu a Ceferino Díaz, gran arquitecto da moción de censura e home de confianza de Laxe.

Xulio Pardellas de Blas, PSdeG-PSOE: Eu estiven con Ceferino case unha semana preparando o discurso de Laxe. Non hai que esquecer que tamén era o presidente da Comisión de Economía do Parlamento, por iso dabamos por descontado que sería conselleiro. A anécdota é que o día que se presenta o Goberno de Laxe, Ceferino por primeira vez veu de traxe e garabata. El nunca usaba garabata e aquel día veu... pero non foi conselleiro.

Fernando Salgado García, PSdeG-PSOE: Eu traballaba na *Voz de Galicia* e vino entrar na redacción tres ou catro horas antes de que González Laxe me chamase para cederme a carteira de Economía. Creo que aquela visita era como conselleiro de Economía *in pectore*. Veu falar co director e coas estruturas. Evidentemente, foi unha sorpresa e creo que Ceferino se atopou con algúns problemas en Madrid, no entorno de Alfonso Guerra, que non o admitía ben. Así que González Laxe tomou a decisión de substituílo por min.

Aqueles dous anos que restaban de lexislatura serviron para seguir consolidando o noso autogoberno. Leváronse adiante iniciativas como a creación de dúas novas universidades, a Escola Galega de Administración Pública ou a aposta pola tecnoloxía empresarial. Pero, seis anos despois de iniciarse a autonomía de Galicia, os medios seguían sendo escasos. A cousa, vista hoxe, move á risa.

Pablo González Mariñas, Coalición Galega: Recordo cando houbo unhas inundacións, daquelas que se repetían cíclicamente en Padrón. Eu era conselleiro da Presidencia e correspondíame levar Protección Civil. Entón, chamei por teléfono e dixen: *que suba Protección Civil.* Minutos despois apareceron no meu despacho dous funcionarios e preguntei: *isto é a Protección Civil de Galicia? Si, somos nós os dous.* Non tiñamos nin unha zodiac, nada.

Na presidencia do Parlamento xa se producira o relevo. Tomás Pérez Vidal sucedeu a Antonio Rosón, falecido a pouco de comezar a segunda lexislatura. Rosón, tan preocupado polo aforro desde os inicios, conseguira mercarlle ó Ministerio de Defensa o Pazo do Hórreo, vello cuartel militar. Pero de levar as obras adiante e inauguralas encargouse Pérez Vidal. Seguiu unha táctica moi particular para acelerar o traslado.

Tomás Pérez Vidal, Coalición Popular: Sempre fun partidario da idea de que cando se fai un edificio público hai que meter os funcionarios antes de que saian os empregados da construtora. Dalgunha forma hai que empuxar porque se non eternízanse as obras. Entón tomamos a decisión de rematar primeiro o hemiciclo e empezamos a ter as sesións sen rematar o resto do edificio.

Nesa época non se estilaban as mulleres nas bancadas. Había dúas nesa lexislatura: Enma González, de Alianza Popular e Rosa Gómez Limia, do PSdeG-PSOE. Traballaban nun mundo de homes e pasaban por algunhas cousas. Por outras, non.

Rosa Gómez Limia, PSdeG-PSOE: Viña o Príncipe, que agora é Rei, o 25 de xullo a ler a ofrenda ó apóstolo. A xefa de protocolo mandounos as instrucións de como tiñamos que actuar: *os deputados varóns estarán na Praza do Obradoiro para recibir o Príncipe. Subirán con el e situaranse nos bancos da parte esquerda. Mentres os homes non chegan á Catedral, as señoras deputadas quedarán esperando nos bancos da parte dereita.*

Enton chamei a xefa de protocolo e lembreille que tamén era deputada e non ía sentar á dereita coas mulleres. Debía estar na Praza do Obradoiro e subir cos resto dos deputados. Pero aseguraron que iso non o permitía o protocolo, así que lle dixen: *pois a min bórreme porque non vou.* E non fun. Con moita pena, porque tiña moitas ganas de ver o Príncipe. Pero non fun por dignidade.

Todos os deputados... e deputadas desa segunda lexislatura participaron tamén no primeiro Debate do Estado da Autonomía, unha fórmula novidosa en Galicia que impulsara González Laxe para aplicar de xeito regular o principio da *rendición de contas,* máis ambicioso ca un exame electoral cada catro anos. Foi tamén a estrea do Pazo do Hórreo como nova sede do Parlamento de Galicia. Coas obras sen rematar e coa autonomía a medio cocer.

PARLAMENTO DE GALÍCIA

III Lexislatura (1990-1993)

PARLAMENTO DE GALICIA

SECRETARIO	VICEPRESIDENTE 1ª	PRESIDENTE	VICEPRESIDENTE 2º	VICESECRETARIO
Tomás Iribarren Fernández-Rogina	José María García Leira	Victorino Núñez Rodríguez	Antonio Carro Fernández-Valmayor	José F. Nogueira Fernández

José Luis Alonso Riego · Bautista Álvarez Domínguez · María Antonia Álvarez Yáñez · José Carlos Baños Márquez · Daniel Barata Quintas · Miguel Barros Puente (14.06.1992) · Xosé Manuel Beiras Torrado · Ramón Félix Blanco Gómez · Bonifacio Borreiros Fernández · Roberto Castro García · José Manuel Chapela Seijo (17.06.1991) · Alfredo Conde Cid · Gerardo Conde Roa · Miguel Ángel Cortizo Nieto · José Cuiña Crespo · Manuel Ceferino Díaz Díaz · Juan Miguel Diz Guedes · Segundo Manuel Durán Casais

Pablo Egerique Martínez · Juan José Fernández García · Miguel Fidalgo Areda (27.05.1992) · Manuel Fraga Iribarne · José Antonio Cesáreo Franco Cerdeira · María Pilar García Negro · José García Pardo · Juan Antonio Garrido Torrado · Antonio Edelmiro Gato Soengas · José Giráldez Maneiro · Fernando Ignacio González Laxe · Carlos Alberto González Príncipe (17.06.1991) · Fernando González Suárez · José María Hernández Cochón (30.06.1991) · José Lage Lage · Manuela López Besteiro · Xoán Xosé Brais López Facal (28.09.1991) · José María López Noceda

María Elisa Madarro González · Pedro Manuel Mariño Campos · Manuel Martínez Garrido · Miguel José Martínez Losada · Rosa María Miguélez Ramos · Aurelio Miras Portugal · Camilo Nogueira Román · Santos Oujo Bello · Xesús Palmou Lorenzo · Pilar Pedrosa González de Castejón · José Serafín Pena Souto · Fernando Alfredo Pensado Barbeira · Manuel Pérez Álvarez · Tomás Pérez Vidal · Nazario Pin Fernández · María Josefa Porteiro García · Ismael Rego González · Alberte Xullo Rodríguez Feixóo



Francisco Rodríguez Fernández · María Margarita Rodríguez Otero · José Luis Rodríguez Pardo · Fernando Carlos Rodríguez Pérez · Juan Fernando Salgado García · Cándido Sánchez Castiñeiras · Antolín Luis Mariano Sánchez Presedo · Francisco Sineiro García · Roberto Taboada Rivadulla · José Luis Torres Colomer (17.06.1991) · Francisco Trigo Durán · Guadalupe Varela Coello · Manuel Varela Rey (17.06.1991) · Víctor Manuel Vázquez Portomeñe · José Antonio Ventoso Mariño · José Manuel Vila Pérez

María del Carmen Álvarez Fortes (12.10.1992) · Pedro Borrajo Rivas (20.06.1991) · Cristina Callejo Rey (20.05.1991) · Antonio Concheiro Coello (21.06.1991)

Otilia Docampo Estévez (3.06.1992) · Jesús María Fernández Rosende (20.05.1991) · Domingo Rafael Merino Mejuto (1.10.1991) · Jaime Alberto Pita Varela (20.06.1991)

▼ data de baixa
▲ data de alta

Terceira Lexislatura

1990-1993

A vitoria do Partido Popular nas eleccións de decembro de 1989 marcou un fito incuestionable na política galega. Manuel Fraga conseguía a primeira maioría absoluta en Galicia. Logo virían outras tres seguidas.

Toda unha época... que puido quedar en nada se o Partido Popular non consegue o seu oitavo escano pola provincia de Ourense, o que completaba os 38 xustiños da maioría. Durante uns días foi do BNG, antes dun polémico reconto do voto emigrante. A forza nacionalista nunca tivo probas de nada pero aquilo non lle cadraba. Mesmo pensaron que había moitos intereses –e non só do Partido Popular– en que Fraga conseguise chegar á Presidencia da Xunta de Galicia.

Cando menos, os 5 representantes elixidos permitíanlle ó BNG formar grupo propio.

Alfredo Suárez Canal, BNG: Cando se vai ó escrutinio dos residentes ausentes –cinco días despois das eleccións– prodúcese unha anomalía estatística que para min, que son matemático de profesión, non ten explicación. O voto emigrante ten un comportamento moi semellante en toda Galicia e as catro provincias, con pequenas flutuacións. Porén, na de Ourense, produciuse unha suba inexplicable do PP.

Manifestamos publicamente estas dúbidas pero, desde Madrid, os dirixentes do PSOE desautorizan os seus representantes en Ourense e din que non van cuestionar a maioría absoluta de Fraga Iribarne. Iso está nas hemerotecas e, polo tanto, non estou dicindo nada que no se poida comprobar.

Xusto o día antes da constitución do Parlamento, pronunciouse o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en contra das pretensións do BNG. Xosé Manuel Beiras e Alfredo Suárez Canal decidiron logo convocar unha rolda de prensa para o día seguinte, co fin de dar a súa versión do sucedido. Coincidía coa sesión constitutiva e Victorino Núñez, que ía exercer como presidente da Cámara, tiña a preocupación de que Suárez Canal tentase entrar no hemiciclo. Non pasou tal.

Quen estivo a piques de quedar fóra –e non porque non lle recoñecesen o dereito– foi outro compañeiro de Suárez Canal.

Francisco Trigo Durán, BNG: Cando foi de presentar as miñas credenciais no Parlamento, sucedeume que viña no meu coche por estrada –daquela aínda non había autoestrada– e en Cesures parei a repostar. Servíronme gasolina no canto de gasóleo co cal, ó chegar a Padrón, paroume o coche e tiven que vir en *autostop* ata Santiago. Cheguei a presentar as credenciais 5 minutos antes de rematar o prazo.

GAITEIROS E... PENSAMENTO POLÍTICO

O oitavo deputado por Ourense completou a maioría do PP e a alegría de Manuel Fraga, que abriu unha época na política galega e un estilo propio xa na súa toma de posesión. Aquilo converteuse nunha celebración soada, con milleiros de gaiteiros inundando as rúas de Santiago e desembocando nun mar de simpatizantes no Obradoiro.

Desde un punto de vista político, a súa aterraxe desde Madrid espertaba gran expectación, e non só nas súas filas.

Xoán Xosé Brais López Facal, PSG-Esquerda Galega: Fraga Iribarne foi sempre un político español, canovista, que viña con ínfulas británicas. Trouxo, no entanto, pensamento político. A súa posición en favor da autoidentificación –que era unha maneira de ler autodeterminación por baixo–, a administración única, a reforma do Senado, son cousas coas que coincido totalmente. Sobre isto puidemos ter debates ricos se tivésemos capacidade de interactuar. Non a tivemos. Pero creo que neste tipo de cuestións Fraga achegou pensamento político do que estabamos carentes.

Antonio Gato Soengas, PSdeG-PSOE: Vou contar algo que nunca contei... Naquel momento celebrábanse eleccións xerais e o secretario xeral do partido, Antolín Sánchez Presedo, ofreceume un posto de saída no Senado. *Prefiro non ir a Madrid,* contesteille, *porque agora que vén Fraga, gustaríame quedar*.

Por certo, ese posto ó que eu renunciei foi ocupado despois por Xosé Blanco López, e así puido saltar á política nacional. Son cousas da intrahistoria que xa se poden contar.

Xa logo dos sustos, a terceira lexislatura comezou poñendo en marcha dúas institucións que levaban anos aprobadas por lei pero atascadas por falta de acordo: o Valedor do Pobo e o Consello de Contas. Eran necesarias para ir rematando o edificio do noso autogoberno. Para valedor pensouse en Xosé Cora e pronto se puxeron de acordo o PP e mais o PSdeG-PSOE. Algo máis de tempo levou dar con quen presidise o Consello de Contas. Ás veces dáse o caso de persoas que rexeitan cargos.

Xesús Palmou Lorenzo, PP: Carlos Mella non fora nas nosas listas electorais, non puido ser. Xa cando se vai poñer en marcha o Consello de Contas, Fraga pídeme que teña unha conversa con Mella e lle ofreza a presidencia do Consello de Contas. Quedamos para xantar e trasladeille o desexo do presidente da Xunta de que asumise ese posto. Contestoume: *pois agradécello da miña parte pero dille que non, que non acepto*. E aí quedou a cousa.

Carlos Mella rexeitou presidir o Consello de Contas. Aceptouno Carlos Otero, que fora conselleiro de Economía.

Tamén aceptou Ceferino Díaz ocupar a presidencia da Comisión de Economía, que se lle ofrece tradicionalmente ó principal partido da oposición. No Parlamento conseguira o que non se lle concedera no Goberno. Nesa Comisión seguiu exercendo a súa peculiar retranca.

Roberto Castro García, PP: Ceferino era moi simpático. Presidía a Comisión de Economía pero, ó mesmo tempo, era o voceiro de economía do seu grupo. Entón resultaba que o presidente Ceferino Díaz lle daba a palabra ó deputado Ceferino Díaz. Entón abandonaba a Presidencia, ía cara ó escano e respondía: *moitas grazas, señor presidente*.

COUSAS DE DON MANUEL...

Nos plenos, os deputados comezan a observar unha imaxe curiosa. O presidente da Xunta acode ás sesións pero aproveita todo o tempo cando non ten que intervir, mesmo despachando cos conselleiros en pleno hemiciclo.

Comeza a asomar unha práctica que ía ser habitual no seu mandato. Fraga recadaba, á primeira hora da mañá, informes e follas arrincadas dos xornais. Logo repartíaas entre os seus colaboradores con indicacións claras do que debían facer.

Francisco Trigo Durán, BNG: Fraga sempre mantivo esa posición, digamos, por riba dos parlamentarios en si mesmos. Así como a tiña por riba dos seus conselleiros con aquel reparto continuo que facía de recortes de xornais durante os plenos do Parlamento. Ía chamando os conselleiros mediante un aceno e íalles repartindo os papeis.

Manuela López Besteiro, PP: Cando me daba tantos documentos, ía abraiada, claro. Tiñas que estudalos, darlle resposta e tal. Un día pensei que, xa que el daba documentación, eu ía facer o mesmo. Entón leveille propostas, informes de temas pendentes, etc. Nese momento quedou sorprendido e dixo: *veña, empece vostede primeiro*. Esa táctica empregueina moitas veces.

Xaime Pita Varela, PP: Chamaba a atención o aforrador que era don Manuel. Partía unha folla en catro cachos e gardábaos no caixón do despacho. Cando lle preguntei unha vez por que facía iso, respondeume: *nós fomos once irmáns e gastabamos moito papel. Había que aproveitalo todo.*

Esa obsesión por traballar sen descanso e por poñerlles deberes ós demais provocaba que moitos deputados do seu grupo tentasen non coincidir moitas veces con el. Porén, non lles importaba a algúns da oposición, que así tiñan a oportunidade de *colocarlle* algunha idea.

Xosé Antón Ventoso Mariño, PSdeG-PSOE: Fraga e mais eu coincidiamos moitas veces no ascensor. A conversa era, normalmente, protocolaria, sen entrar en temas concretos. Pero recordo que, logo dun debate sobre a contaminación das rías –que era un asunto moi grave aínda que en Galicia se ocultaba– pois me preguntou no ascensor se realmente esas verbas que eu dixera na tribuna eran certas. Contesteille que cría que si. E o tío, con toda a tranquilidade, dime: *mire, o luns pódeme presentar un dossier sobre o asunto?* Claro, non había outra que contestarlle: *podo, home, podo*. Así que lle fixen chegar un informe apoiado en datos que tiñan xa moi traballados as universidades de Santiago e de Vigo. Ó cabo dun tempo chegouse a un acordo para poñer en marcha o Plan de saneamento das rías.

UN MOSTEIRO *CIRCENSE*

No Parlamento, as anécdotas non acontecían só nos plenos. Había que estar co ouvido moi fino para descubrir algunhas perlas que quedaron nas actas das comisións ou mesmo nas roldas de prensa. Sucedía ás veces cando un deputado defendía a iniciativa doutro compañeiro e non sabía moito do que tiña diante.

Miguel Fidalgo Areda, PSdeG-PSOE: Eu elaborei unha iniciativa sobre a restauración do mosteiro de Melón. Non puiden ir presentala en rolda de prensa e foi outro compañeiro no meu lugar. Entón anunciou que o grupo socialista ía impulsar a restauración do mosteiro *circense* de Melón. Repetiuno varias veces, todo cheo de razón. Non soubo ler ben a palabra cisterciense. Evidentemente, non tiña os coñecementos de arte que teñen outros. Pero non todos temos que saber de todo.

Outro edificio senlleiro –aínda que de moito menor valor histórico– era o Gran Teatro de Lugo. A conta del deuse unha anécdota lembrada por moitos. Foi a primeira vez que Manuel Fraga marchou do pleno para non votar. Sucedeu algunha outra vez, sempre que o presidente da Xunta discrepaba do criterio do seu grupo.

Tamén resultou unha mostra dunha escena parlamentaria máis habitual do que parece, pero que case nunca transcende publicamente: a do deputado que, sen previo aviso, sobe á tribuna a defender posturas contrarias ás do seu propio grupo.

Alberte Rodríguez Feixóo, BNG: En Lugo había unha operación inmobiliaria de especulación, nun terreo dentro de murallas onde estaba o Gran Teatro. Había persoas do PP na Deputación que tiñan interese en levar adiante o derrube do edificio.

O noso grupo formulou unha iniciativa para tentar salvar o Gran Teatro e, tras as negociacións co voceiro do PP, Aurelio Miras Portugal, chegamos a un acordo, a unha transacción. Vese que a Fraga o colleu por sorpresa e marchou do hemiciclo no momento de iniciarse a votación.

Víctor Manuel Vazquez Portomeñe, PP: A Miras Portugal deille instrucións diante de Fraga.

—Vas alí e dille que non, que non estamos de acordo con iso.

—Ben, ben, entendido.

Subiu á tribuna e dixo todo o contrario e anunciou o noso voto favorable á iniciativa do BNG. Fraga mirou para min e buscaba algunha explicación.

—Se non llo tivera dito diante de min, se non lle dera diante de min as instrucións que lle deu, pensaría que vostede me engana.

—Don Manuel, agora xa non queda máis remedio que cambiar o voto de todo o grupo porque non imos desautorizar o voceiro. Total, esta iniciativa non ten importancia nin consecuencias.

—Pois co meu voto non. Xa me avisará cando remate a votación.

O KRUSHEV GALEGO

O presidente da Xunta levaba unha axenda apertada, un ritmo de actividade moi alto. E estaba acostumado a levar a voz cantante. O Parlamento supoñía moitas horas de presenza no hemiciclo, votando e contestando preguntas da oposición. Fraga, a dicir dalgún dos seus colaboradores, cría que había pequenos grupos que facían moito ruído no Parlamento e que volvían as sesións interminables. Para atallalo, o grupo popular promoveu unha reforma do Regulamento que incluía unha diminución dos tempos de intervención. Durante o debate final desa reforma, o líder do BNG, Xosé Manuel Beiras, sacou o zapato do pé e golpeou con forza o seu escano, a modo de protesta. O xesto imitaba o protagonizado polo líder comunista soviético Nikita Krushev, diante da Asemblea das Nacións Unidas.

Antolín Sánchez Presedo, PSdeG-PSOE: Nese momento pensei que o que facía Beiras era darlle unha patada a Fraga no cu dos socialistas. Cunha linguaxe inapropiada para o Parlamento, trataba de facer dous mundos antagónicos. Un proceso de confrontación

aberta con Fraga Iribarne que, ó final, ía reforzar o PP de Fraga e debilitaba o Partido Socialista. Finalmente, perdíase a confianza nunha alternativa política a Fraga, e iso desgraciadamente confirmouse.

María Antonia Álvarez Yáñez, PSdeG-PSOE: Estaba situada na fila por baixo da que estaba Beiras, co meu escano xusto por baixo do del. Ten certa graza porque foi a foto que percorreu os xornais de toda España, e semella que me está dando na cabeza co zapato. Eu son de Asturias e ata houbo xente que me chamou de alí para comentar o suceso.

Non voaron zapatos, pero faltoulle pouco, cando Fraga propuxo a reforma da Lei electoral. O punto máis polémico era o de subir do 3 ó 5 por cento a porcentaxe de votos que debía conseguir un partido para entrar no Parlamento. Había outra novidade non menor: impedir que un deputado puidese ser, ó mesmo tempo, alcalde. Estes e outros detalles redactáronse practicamente dunha sentada, como sabemos agora.

Carlos Alberto González Príncipe, PSdeG-PSOE: Esa lei foi iniciativa de Fraga, pero a unha parte do PSOE non lle veu mal. Porque se queres consolidar a figura de Antolín como próximo candidato, non é bo que Paco Vázquez, Carlos Príncipe ou Xerardo Estévez puidésemos ser candidatos á Xunta. Así que o PSOE opúxose á lei pero, en fin, daquel xeito, sen facer moito ruído, non vaia ser.

Xoán Xosé Brais López Facal, PSG-Esquerda Galega: Está claro que pasar do 3 ó 5 por cento como quórum para acceder ó Parlamento galego foi unha forma de frear o que estorbaba. E que estorbaba? Pois todo aquilo que non fose o PP ou o PSOE, o bipartidismo, que xa se estaba cocendo e que era como o Santo Grial.

María Xosé Porteiro García, PSdG-PSOE: Esa reforma fixo que a dispersión da oferta política nacionalista se concentrase ó redor do Bloque Nacionalista Galego, que colleu máis forza e chegou a ser a segunda forza en Galicia. De non ter sido por esa esixencia do 5 por cento que se marcou na nova Lei electoral, non se tería dado esa necesidade de reunión de forzas.

Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, PP: Xa pasaron tantos anos que agora se pode dicir publicamente que a fixen sentado no meu escano, mentres escoitaba perorar outro deputado. Recordo ben que me urxía Fraga, e sumouse ás présas Xosé Cuíña, que era secretario xeral do partido:

—Esa reforma, que, encargámoslla a alguén ou fala dunha vez?

—Fágoa pero dunha vez; tanto, que agora mesmo.

O PLAN XACOBEO, NUN PANO DE MESA

Esta forma un tanto espontánea ou intuitiva de agromar proxectos e ideas valeulle ao conselleiro Portomeñe tamén para presentar no Parlamento a que sería unha das grandes iniciativas do Goberno: o Plan Xacobeo. Supuxo a revitalización do Camiño de Santiago e un pulo decisivo para o noso turismo. Aínda así, a idea naceu dunha forma ben prosaica.

Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, PP: Eu ía pensando en que 1992 sería un ano importante polas Olimpíadas de Barcelona e pola Expo de Sevilla, pero Galicia quedaba sen promocionar.

Eu xa pensara naquilo dos Camiños de Santiago, pero acaboume de inspirar –e este é o aspecto máis vulgar da cuestión– unha xerra de ribeiro, no medio dunha mesa redonda, cunha serie de cuncas ó seu redor. Todas estaban orientadas cara á xerra. Pois empecei alí a escribir sobre papeis e servilletas e deillas a un colaborador e díxenlle: *isto dásmo o luns e comezamos a traballar*. E aquilo foi a base do Plan Xacobeo.

Nesa lexislatura tamén comezaban a ser coñecidas as mañas de Xosé Cuíña, que era conselleiro de Política Territorial. Tiña claro que Galicia precisaba de grandes infraestruturas. Mesmo os seus rivais daquela recoñecen que tiña moito empuxe e case sempre conseguía levar a auga ó seu rego.

Emilio Pérez Touriño, PSdeG: Coñecino en Madrid, cando eu estaba no Goberno do Estado. Estabamos negociando a construción das autovías de Galicia e mantiña con Cuíña reunións periódicas nunha comisión de seguimento.

As reunións eran sempre cordiais pero eu vía que, ó saír, a partida a gañaba sempre Cuíña. Logo aprendín daquilo. Aparecía sempre un xornalista cun cámara e o bo de Cuíña dáballes todo tipo de explicacións contando a película, claro, á súa maneira. Así facía a presión mediática.

Xoán Miguel Diz Guedes, PP: Borrell substituíu ó ministro Cosculluela e tentou paralizar ese proceso das autovías. Consideraba que era un investimento excesivo, un luxo. Entón recordo unha cea na que estaban os conselleiros de infraestruturas de toda España co novo ministro. E Borrell advertiulle a Pepe Cuíña:

—Mañá temos a asemblea, pero que saibas que vou propoñer que o tema das autovías se suspenda.

Entón Cuíña deu un golpe na mesa, fisicamente vamos, un bo puñetazo e díxolle:

—Ministro, se ti es capaz de tomar esa iniciativa e de ir en contra da vontade do teu propio presidente do goberno, eu póñoche a Galicia en pé.

Ismael Rego González, PSdeG: Eu fun un dos que visitei –non me importa recoñecelo– xunto con Emilio Pérez Touriño, o famoso muíño de Cuíña, que sempre presumía de levar xente de variopintas ideoloxías e persoeiros de todo tipo. Fun un par de veces alí, onde se falaba do divino e do humano, de política, de cultura... Ías alí, comías unhas troitas que estaban riquísimas e botabas unha tarde de parolada.

UN NOVO GRUPO: AS MULLERES

Non aparecerá en ningún documento que houbese na terceira lexislatura un grupo parlamentario de mulleres. Non o había en sentido estrito. Eran 9 ó comezo da lexislatura e chegaron a ser 12, repartidas entre os 4 grupos. Pero falaban moito entre elas e mesmo deseñaban algunha estratexia para impulsar iniciativas parlamentarias, influíndo nos seus propios grupos. Sacaron cousas adiante grazas á súa complicidade, á convicción compartida de que moitos asuntos precisaban dun pulo feminino para poñelos na axenda política.

Margarita Rodríguez Otero, PSDdeG-PSOE: Un día soubemos que se ía debater no Parlamento europeo algo importante relacionado coa muller, e decidimos ir falar todas con Victorino Núñez, que era o presidente do Parlamento:

—Presidente, gustaríanos ir a Bruxelas e montar unha viaxe institucional, porque hai asuntos que se van dirimir alí sobre a muller e nós queremos asistir.

—Ben, vou ver se teño presuposto. Se teño presuposto, está feito. Pola tarde avísovos.

Pasaran dúas horas e xa nos contestou: *Xa podedes ir facendo as maletas. Ides facer esa viaxe.*

Manuela López Besteiro, PP: Eu cheguei a ser despois conselleira de Familia, Muller e Xuventude. E nomeei dous directores xerais e dúas directoras. Fraga fíxome notar, cun comentario, esa representación tan paritaria. O certo é que nomeara esas persoas pensando na súa valía, non fixen premeditadamente esa distinción entre homes e mulleres.

María Pilar García Negro, BNG: O primeiro Goberno de Fraga creara o Servizo Galego de Igualdade do Home e da Muller. Tiña un acrónimo merecente de ironía por parte de moitas e moitos de nós: SEGAPIÓN. Cando foi creado non tiña orzamento, ou practicamente nada. Entón, tiven a ocorrencia de levar unha hucha desas que daban en Caixa Postal, un buzón de lata.

Aquilo foi unha comedia porque coloquei o buzón alí no atril e pedinlle ós deputados que fixeran algunha achega. Eu puxen a primeira moeda. O deputado Santos Oujo, un billete de 1.000 pesetas, nada menos!

O Parlamento recibiu visitas ilustres, como a do primeiro ministro portugués, Cavaco Silva, ou a do presidente uruguaio, Luis Alberto Lacalle. Pero, sen dúbida, a que máis pegada deixou en Galicia foi a do líder cubano **Fidel Castro**, que viñera para coñecer a terra dos seus antepasados, a localidade lucense de Láncara. Tamén devolvía así a visita que fixera Manuel Fraga un ano antes a Cuba. Todo marchou ben durante eses días... ata a última cea.

Xesús Palmou Lorenzo, PP: O último acto foi unha cea no hotel Araguaney, en Santiago. No seu transcurso, Fraga insistiulle a Fidel na necesidade dunha apertura política en Cuba, poñéndolle como exemplo a Transición española e dicíndolle que el mesmo debía pilotar esa transición. Nun momento dado dille: *E que saibas que en Galicia serás recibido cos brazos abertos.*

Fidel interpretou que Fraga lle estaba ofrecendo asilo político. Entón levantouse anoxado e soltoulle: *presidente, nos veremos en el infierno*. Aí mesmo rematou a reunión, e Fidel Castro ordenou que preparasen todo para saír de inmediato, varias horas antes do previsto.

COMISIÓNS DE INVESTIGACIÓN, SI OU NON?

É cousa rara que as lexislaturas en Galicia rematen tranquilas. En decembro de 1992, o petroleiro *Mar Exeo* naufragou fronte ás costas da Coruña. Non houbo vítimas mortais, pero o fume tóxico creou alarma.

O Parlamento puxo en marcha unha comisión de investigación para poñer luz sobre o sucedido. Pero non chegou a alumear informe ningún. Era a primeira comisión deste tipo que se poñía en marcha no Parlamento galego, e xurdiron as dúbidas sobre a súa eficacia. Co paso dos anos, iso non ten mudado.

Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, PP: No Parlamento de Galicia non había costume de aprobar comisións de investigación. Rexeitábanse moitas veces porque se referían a temas que non eran da estrita competencia autonómica, senón do Estado. Entón, meternos a dirimir cuestións cuxas responsabilidades non nos correspondían e ofrecer conclusións que logo serían inoperantes, pois parecíanos un pouco ridículo. No caso do *Egeo* non se pensou ben e a comisión foi para adiante, cun resultado absolutamente estéril.

Francisco Trigo Durán, BNG: Eu, que formei parte desa comisión de investigación, creo que son boas. Pero é necesario que o partido de goberno non o tome coma unha agresión, e que os partidos da oposición a utilicen para conseguir melloras sobre o que ten sucedido.

É verdade que todos perseguimos a crueldade política co que está no goberno e ten responsabilidades, e lle pedimos que as asuma. Pero as comisión de investigación, no seu ditame, nas conclusións, poden presentar melloras técnicas e lexislativas. Os xuíces só aplican a lei. A política debe ser, ademais, un elemento transformador.

Con aquela comisión de investigación sen rumbo claro e sen conclusións, acabou a terceira lexislatura. Fraga disolveu o Parlamento en pleno verán do 93 e convocou eleccións para outubro. A nova lei electoral, con ese límite do 5 % dos votos para entrar no Parlamento, debuxaría un hemiciclo ben distinto.

PARLAMENTO DE GALICIA

IV Lexislatura (1993-1997)

PARLAMENTO DE GALICIA

SECRETARIO
Tomás Iribarren Fernández-Rogrina
▼ 2.10.1996

VICEPRESIDENTE 1º
José María García Leira

PRESIDENTE
Victorino Núñez Rodríguez

VICEPRESIDENTE 2º
Miguel Ángel Cortizo Nieto

VICESECRETARIO
Bautista Álvarez Domínguez

SECRETARIO
▲ 14.10.1996
Fernando González Suárez

José Luis Alonso Riego
María Antonia Álvarez Yáñez
María José Area Canal
José Carlos Baños Márquez
Daniel Barata Quintas
Xosé Manuel Beiras Torrado
Antonio Carro Fernández-Valmayor ▼ 7.02.1996
Juan Manuel Casares González
Roberto Castro García
Francisco Julio Cervi o González
María Fernanda Cervi o Villaverde
Gerardo Conde Roa ▼ 30.07.1996
José Cuiña Crespo
Manuel Ceferino Díaz Díaz
Juan Miguel Díz Guedes ▼ 5.07.1996
Fabio Egerique Martínez ▼ 5.07.1996
María Olaia Fernández Davila
Juan José Fernández García ▼ 14.11.1995

Mª Teresa Fernández Piñeiro
Jesús María Fernández Rosende
Manuel Fraga Iribarne
José Antonio Cesáreo Franco Cerdeira ▼ 30.06.1997
María Pilar García Negro
Antonio Eleimiro Gato Soengas
José Giráldez Maneiro
Ubio Santiago Labarta Fernández
José Lage Lage
Manuela López Besteiro
José María López Noceda
Manuel López Outeiral
Emilio López Pérez
María Elisa Madarro González
Manuel Martínez Garrido
Aurelio Miras Portugal
Julio Ángel Montes Marqués
J. Domingo Cipriano Oreiro Rodríguez ▼ 30.06.1995

Santos Cujo Bello ▼ 1996
Xesús Palmou Lorenzo
Pilar Pedrosa González de Castejón
José Serafín Pena Souto
Fernando Alfredo Penzado Barbeira
Manuel Pérez Álvarez ▼ 27.06.1995
Tomás Pérez Vidal
Nazario Pin Fernández ▼ 17.05.1995
Jaime Alberto Pita Varela
María Xosé Porteiro García
Alberto Xulio Rodríguez Feixóo
Xosé Henrique Rodríguez Peña
Fernando Carlos Rodríguez Pérez
Dositeo Rodríguez Rodríguez
Francisco Rodríguez Sánchez ▼ 5.03.1996
José Manuel Romay Beccaría ▼ 6.05.1996
Manuel Ruiz Rivas
Francisco Salgado García ▼ 13.05.1994

Antolín Luis Mariano Sánchez Presedo
Francisco Sineiro García
José Enrique Sotelo Villar
Alfredo Suárez Canal
Roberto Jesús Taboada Rivadulla
Xosé Henrique Telo León
Celestino Torres Rodríguez

Francisco Trigo Durán
Manuel Vázquez Fernández ▼ 20.04.1995
Víctor Manuel Vázquez Portomeñe
Guillermo Vázquez Vázquez ▼ 3.03.1995
Xesús Veiga Buxán
Agustín Vega Fuente
José Antonio Ventoso Martiño
José Manuel Vila Pérez

María del Carmen Bastos Rodríguez ▼ 1996
Xaime Bello Costa ▼ 1995
Ramón Félix Blanco Gómez ▼ 1995
Bonifacio Borreiros Fernández ▼ 1996
Cristina Callejo Rey ▼ 1995
Antonio Concheiro Coello ▼ 1995
María del Carmen García Campelo ▼ 1996
José Luis García Gorostizu ▼ 1995

Bieito Lobeira Domínguez ▼ 1996
José Atilano López Díaz ▼ 1996
Juan Eladio Pico Tembrás ▼ 1997
José Recimil Tábora ▼ 1995
Ismael Rego González ▼ 1994
Francisco Rodríguez Fernández ▼ 1995
Carlos Rodríguez Pablos ▼ 1996
María Encarnación Sánchez Roel ▼ 1996

PARLAMENTO DE GALICIA

▼ data de baixa
▲ data de alta

Cuarta Lexislatura

1993-1997

A cuarta lexislatura do Parlamento de Galicia ofrécenos un panorama inédito. Logo das primeiras lexislaturas, con moitas forzas políticas representadas no hemiciclo, en 1993 produciuse unha clara atomización: só quedaron 3 grupos. A nova lei electoral impedira que algún pequeno partido obtivera escano.

O Partido Popular, con Fraga como garantía de éxito, colleitara 43 deputados, un fito histórico. Os socialistas retrocederan ata os 19 escanos, e Antolín Sánchez Presedo, o seu líder, quedaba cuestionado. Froito desas tensións o grupo tivo ata 4 voceiros en menos dun ano: o propio Sánchez Presedo, Ceferino Díaz, Fernando Salgado e Miguel Cortizo. Esa interinidade aproveitábaa Fraga continuamente como ataque dialéctico a ese grupo.

Antolín Sánchez Presedo, PSdeG-PSOE: Eu fora un secretario xeral elixido por unanimidade no Partido Socialista, con voto individual e secreto, o cal ten un gran valor. E, polo tanto, non quería ser un motivo de discordia que puidese xerar divisións dentro do partido. Entón decidín irme retirando gradualmente da primeira liña política.

Francisco Cerviño González, PSdeG-PSOE: Antolín é unha das persoas con maior capacidade de análise política que teño coñecido, de moitos quilates. Foi hostigado polo vazquismo con palabras moi grosas. Eu recordo perfectamente a Javier Losada dicindo: *o Partido Socialista ten un cáncer, e ese cáncer chámase Antolín Sánchez Presedo*. Esas palabras foron portada en moitos xornais.

Fernando Salgado García, PSdeG-PSOE: Nunha reunión de grupo decidiuse que eu debía substituír a Ceferino Díaz como voceiro. Ceferino aceptouno. A verdade é que durei só uns meses porque tiven a oportunidade de volver á profesión xornalística como director de *El Progreso* de Lugo. Dimitín e... non teño ánda moi boa conciencia daquilo, porque foi en vésperas do Debate do Estado da Autonomía, no que me tocaba enfrontarme con Xosé Manuel Beiras e con Manuel Fraga. Así que lle deixei o reto a Miguel Cortizo.

A CABEZA DO BAUTISTA

A terceira forza era o BNG. Os seus 13 escanos case multiplicaban por 3 a representación anterior. Ese peso ofrecía a posibilidade de ocupar un posto na Mesa do Parlamento. O BNG pediullo a Bautista Álvarez, por experiencia e por dominio do Regulamento. Aceptouno sen moito entusiasmo, porque sempre preferiu a área dialéctica da tribuna de oradores. Pero, unha vez asumido o novo papel, decidiuno levar con moito rigor. En calquera caso, e tendo en conta a biografía política dun dos fundadores da UPG, aquela imaxe era chamativa.

Bautista Álvarez Domínguez, BNG: A Mesa debe manter certa neutralidade nos debates. Regulamentariamente, cando un dos seus membros intervén nun debate non pode retornar á Mesa ata que haxa un pronunciamento da Cámara sobre o asunto. Fíxeno así sempre, pero esta norma violouse algunha vez por parte dalgún, e non vou citar nomes.

Xosé María García Leira, PP: Na Mesa, Bautista era un home moi institucional, e grazas á súa intervención chegamos a moitos acordos. Nalgunha ocasión, non cabe dúbida, sentábanlle mal as iniciativas porque tiña un activismo político moi forte. Entón contíñase e dicía que non podía aceptar estas posicións pero, no canto de entrar nun debate violento, levantábase e marchaba. Tranquilizábase e pouco despois volvía e retomábanse as actividades.

Francisco Cerviño González, PSdeG-PSOE: Recordo unha anécdota simpática con Bautista e o propio Victorino Núñez, presidente do Parlamento. Alí fumábase moito, dunha maneira desaforada. Sobre todo nos bancos da esquerda, que sempre foi máis viciosa.

Un día pedinlle a palabra ó presidente para solicitar que se prohibise fumar no hemiciclo, invocando algunha recomendación da Organización Mundial da Saúde. Nese momento, Bautista meteu a man no peto, colleu un pito e prendeuno ostentosamente, ollando para min.

Cando rematei a miña breve intervención, Victorino Núñez díxome: *señor deputado, estame pedindo vostede a cabeza do Bautista.* O presidente era un gran regueifeiro.

2 ANOS, 4 MESES E 1 DÍA DE CADEA

O BNG daba un paso para normalizar a súa presenza nas institucións. Pero algún deputado tiña contas pendentes coa Xustiza, e a súa entrada no Parlamento estivo en cuestión durante varios meses. Bieito Lobeira, marinense, declarárase insubmiso ó servizo militar, pero daquelas non pensara nas posibles consecuencias na súa carreira política. Bautista Álvarez tomou un papel activo e foi un dos que estivo na procura de solucións.

Bieito Lobeira, BNG: Xaime Bello e mais eu entramos ó remate desa lexislatura, no ano 1996, en substitución de Francisco Rodríguez e de Guillerme Vázquez. Naquel momento son insubmiso e teño unha condena firme de dous anos, catro meses e un día de prisión, ademais de oito anos de inhabilitación para exercicio dun cargo público.

Cando teño que entregar a acta para entrar no Parlamento, o oficial maior dime que non é posible porque hai unha controversia xurídica. Bautista insistiu con argumentos regulamentarios, xurídicos, políticos... de todo tipo, polas boas e polas malas. Finalmente, a Mesa do Parlamento tomou a decisión de permitirme a entrada como deputado.

Xosé Ramón Cólera Leirado, Oficial Maior do Parlamento de Galicia (1981-2005): Aquilo resolveuse facéndolle entrega a Lobeira da súa acta como parlamentario. Estaba claro. El tiña un mandato do pobo e, polo tanto, eran o pobo e os tribunais de xustiza os que tiñan que resolver esa situación. Nós, desde logo, non. Así que lle fixen entrega da súa acta e deixei que o tema se resolvese na instancia correspondente.

Dos deputados que comezaron a súa andaina nesa lexislatura, a maioría tiveron unha entrada menos convulsa que Lobeira, máis ortodoxa digamos. Iso si, a súa condición de novatos levounos á sorpresa, ó temor e, nalgún caso, á impaciencia.

Francisco Rodríguez Sánchez, BNG: Hai cousas que semellan anécdotas pero que son moi importantes; por exemplo, eu nunca entendín como un Parlamento que contaba con medios non era capaz de que as actas –dos plenos cando menos– estivesen listas ó día seguinte, á disposición de seren consultadas. Tardaba moitos días e as actas das comisións, meses. Tiñamos

que andar con gravacións de magnetófono. Pero qué clase de respectabilidade era esa da propia Cámara?

Xesús Veiga Buxán, BNG: Cando cheguei ó Parlamento, unha das cousas que me lembro do edificio do Hórreo é a altura enorme dos teitos. Esa dimensión arquitectónica alimentou unha sensación de certo medo escénico, e sentinme diminuído desde o punto de vista presencial.

Manuel López Outeiral, PP: A min chamoume poderosamente a atención que, mentres estaba intervindo un deputado, había un grupo que estaba interrompendo e facendo moito ruído, e que non había ningunha chamada á orde por parte da Presidencia.

Aínda que era novato, pensei que había que amañar esa situación. Pedín a palabra e invoquei o artigo 100, que é o que sinala que os debates deben facerse de xeito ordenado, e que o presidente velará por que non interrompan a quen ten o uso da palabra. A Victorino Núñez non lle fixo moita graza. Logo, achegouse ata min Romay Beccaría e díxome: *Manolo, estas cousas están moi ben, pero déixallas ó voceiro do grupo*.

O conselleiro Xosé Manuel Romay Beccaría era un dos máis leais colaboradores do presidente Fraga. Ía ó Parlamento con datos e bos argumentos. Tiña fama ben gañada de traballador e rigoroso, pero andaba lonxe das mañas parlamentarias e da retranca. Xusto a que lle sobraba a algún deputado do seu grupo.

Xosé Manuel Romay Beccaría, PP: O Parlamento tiña debates de categoría e moito control ó Goberno. Cando fun conselleiro, tiven voceiros do meu grupo que me defenderon moi ben. Cando levei os temas de agricultura, apoiábame Fernando Carlos, un deputado de Lugo que se pelexaba con Francisco Sineiro cando se metía comigo polos incendios. Logo tamén foi voceiro de sanidade.

Fernando Carlos Rodríguez Pérez, PP: Romay foi para min un conselleiro extraordinario, un intelectual de primeira orde. No Parlamento actuaba con gran cortesía. Os voceiros non actuaban igual. Por iso me pediu que defendese na tribuna as posicións políticas da Consellería. Eu empregaba a linguaxe parlamentaria, cousa que Romay era incapaz de facer. E tampouco debía, porque se se pon nese nivel un conselleiro, enseguida lle paran os pés no Parlamento. A liberdade para ser duro na crítica, mesmo sarcástico, tena o deputado.

Alfredo Suárez Canal, BNG: Nunha ocasión, Romay Beccaría acabou a súa intervención dicindo que as listas de espera tiveran unha mellora tan impresionante que a redución superara o 100 %. Creo que dixera o 115 %. Iso provocou que presentase unha iniciativa parlamentaria para preguntarlle como tiñamos conseguido en Galicia a gran marca de que os doentes estivesen sans antes de poñerse enfermos.

UNHA *OKUPA* NO DESPACHO DE FRAGA

Pilar García Negro, deputada do BNG, vivía a súa segunda lexislatura, pero xa deixara marca no hemiciclo. Xa era un referente do nacionalismo galego, unha voz firme a prol do galego, de calquera aspecto da nosa cultura e dos nosos sinais de identidade.

Dunha vez ocorréuselle ir ver a Fraga ó seu despacho para facerlle entrega dun libro de Manuel Ferreiro sobre o himno galego. Quería mudar a Lei de símbolos de Galicia e restituír o texto orixinal de Eduardo Pondal. A escena describe ben o encontro de dúas personalidades tan marcadas.

María Pilar García Negro, BNG: Cando entrei no seu despacho, expúxenlle as miñas razón e entregueille o libro do profesor Manuel Ferreiro, grande especialista en Pondal. El escoitou educadamente, como non podía ser doutro xeito.

Nun momento dado, Fraga empezou a moverse e a remexer papeis na mesa. Eu interpretei claramente que ese era o sinal de que a entrevista rematara. Mais non me dei por enteirada. Continuei falando de Pondal, de Manuel Ferreiro, e el repetiu a xestualización e os acenos, cada vez máis apurados. Eu seguín sen acusar recibo, de tal maneira que fiquei sentada todo o tempo que me pareceu oportuno, falando de Pondal, do himno galego, da importancia dos símbolos nacionais, do labor meritorio do profesor Manuel Ferreiro. Erguinme cando me pareceu oportuno, unha vez que colocara toda a miña prosa.

De prosa sen medida e sen cadencia fixa eran Fraga e Beiras, líderes de dous grupos antagónicos, pero que se respectaban mutuamente na súa condición de profesores universitarios, unha categoría da que facían gala case sempre que subían á tribuna de oradores. Nas actas quedaron os seus enfrontamentos dialécticos, compendio da historia das ideas políticas e dos movementos sociais. Tamén quedaron algunhas anécdotas xa case esquecidas.

Manuel López Outeiral, PP: Recordo que Beiras lle fixo unha pregunta ó presidente, e cando Fraga lle respondía, marchou do pleno. Aquilo era dunha descortesía parlamentaria absoluta. Volveu entrar no hemiciclo cando Fraga estaba rematando. O líder do BNG desculpouse dicindo que tivera unha urxencia líquida. Na contrarréplica, o de Vilalba soltoulle: *vou ser breve para que non se produza ningún tipo de urxencia: nin líquida, nin sólida nin gasosa.*

UNHA DIMISIÓN PACTADA

A pesar deses enfrontamentos dialécticos, prevalecía a cortesía parlamentaria, e tamén o sentir común de que o Parlamento era unha institución básica, o piar do autogoberno, e había que prestixiala. Isto descartaba convertela nun escenario de liortas innecesarias ou que servise como altofalante de escándalos. A boa imaxe do Parlamento era cousa de todos.

Alberte Rodríguez Feixóo, BNG: A Comisión do Estatuto dos Deputados revisa as declaracións de todos os deputados para ver se se corresponden coa realidade. Logo declara as compatibilidades ou incompatibilidades que poida haber, tanto de carácter funcional como económico.

Iniciada xa a lexislatura, recibiuse unha carta anónima que poñía en dúbida que un deputado do Partido Popular tivera feito axeitadamente a súa declaración de intereses. Investigouse, e correspondeume a min facer esas pescudas. Efectivamente, había unha incompatibilidade clara e ese informe levouse a pleno. No momento en que se ía debater e votar –e airear, por dicilo dalgún xeito– o voceiro popular, Vázquez Portomeñe, chamounos ós membros da Comisión do Estatuto fora do hemiciclo e ofreceunos un trato: el garantía a dimisión dese deputado a cambio de non seguir adiante co debate sobre esa incompatibilidade. Como o obxectivo era que ese deputado deixara o escano ou ben rectificara a súa situación, a Comisión do Estatuto deuse por satisfeita. Conseguimos o noso obxectivo: o afectado dimitiu e evitamos un escándalo social que non lle tería feito ningún favor á Cámara.

As anécdotas con Fraga sucedíanse dentro e fóra do Pazo do Hórreo. O traballo absorbía case todo o día do presidente da Xunta. De cando en vez atopaba un oco para ir cazar ou pescar. Pero nin sequera neses momentos descansaba das súas dotes de mando.

Jesús Fernández Rosende, PP: Nunha ocasión quedamos para pescar. A noite anterior, chamoume o patrón do barco para informarme dunha forte tempestade que ía impedir a saída do barco.

Pola mañá, moi cedo, chegou don Manuel e cando baixou do coche díxenlle que non podiamos saír tal e como estaba o mar. Contestoume: *querido amigo, a decisión de saír tomámola onte. Vimos aquí para pescar.*

Saímos, efectivamente, pero ó pouco tempo Fraga comprendeu que aquilo era unha temeridade e mandou buscar abrigo.

UN RETO FERROVIARIO: ACADAR OS 180 KM/H

Nesa lexislatura prodúcese unha decisión importante: crear unha comisión de estudo para elaborar un plan de mellora do ferrocarril; primeiro, no interior do noso país, e despois con todas as conexións cara ó exterior. O seu ditame final foi un instrumento moi útil para futuros proxectos de modernización.

Alfredo Suárez Canal, BNG: Aquel ditame da Comisión do ferrocarril acabou colocando Galicia no mapa da modernización dos camiños de ferro posteriores, cambiou a dinámica prevista na Unión Europea. É certo que todo foi chegando con moito atraso, pero o traballo daquela Comisión foi un punto de partida importante.

María Antonia Álvarez Yáñez, PSdeG-PSOE: Nesa época non se falaba do AVE a Galicia, pero pedíanse unha serie de melloras na rede de ferrocarrís. En fin, cousas tan elementais como a dobre vía ou a electrificación. Entón falabamos de acadar velocidades de 180 quilómetros por hora. Xa nos parecía a panacea.

Francisco Rodríguez Sánchez, BNG: É interesante que se saiba agora que houbo unha empresa de transporte privado de autobús que fixo presións –ás veces ameazantes– para que non se avanzase cos camiños de ferro. Entendían que os seus intereses se vían comprometidos, en particular na zona de Ferrol e da Coruña. Chegaron a enviarme o comité de empresa cun avogado á fronte. Dicían que abondaba con eliminar algunhas curvas. Nin dupla vía nin electrificación.

Hai outra anécdota ilustrativa do bo traballo daquela comisión: cando estabamos a piques de votar o ditame, Fraga saíu do hemiciclo, pero achegouse a min e díxome: *teño que marchar por forza, pero que saiba que non é por discrepancias co documento, co que estou totalmente de acordo*. Foi a única vez que Fraga falou comigo.

UNHA INTERVENCIÓN CRUCIAL... PREPARADA EN MEDIA HORA

Outra iniciativa moi destaca foi a aprobación por unanimidade da Lei de Dereito Civil de Galicia, na que colaboraron moitos xuristas. Moitos deles aplaudiron longamente desde a tribuna de convidados, acompañando ós 75 deputados da Cámara. Nos grupos houbo xenerosidade no traballo e no recoñecemento mutuo dos méritos. No texto quedaron recollidos, como lei, moitos usos e costumes da nosa xente.

Alberte Rodríguez Feixóo, BNG: Foi unha lei importantísima, e teño que sobrancear o traballo dos meus compañeiros de ponencia, en especial o do grupo maioritario, porque podía parar o desenvolvemento desta lei. Non o fixo porque Palmou entendeu perfectamente a necesidade de normativizar o dereito civil de Galicia. Paréceme xusto poñer en valor o seu traballo neste caso.

Xesús Palmou Lorenzo, PP: Nese pleno final estaba previsto que interviñese por parte do Grupo Popular o noso voceiro, Vázquez Portomeñe. Ás 9,15 da mañá dese día recibo unha chamada no meu domicilio na que se me di que, por indicación de Manuel Fraga, eu serei o voceiro nese debate. A sesión plenaria comezaba ás 10 e eu non tiña nada preparado. Sentín un desacougo que recordarei sempre.

O único que se me ocorreu foi pedirlle á muller que me levase en coche a Santiago, desde A Estrada. Nesa media hora, a de máis tensión que recordo na miña experiencia parlamentaria, fixen unhas notas para saír do paso.

A uns meses de rematar a cuarta lexislatura Fraga decidiu disolver o Parlamento e convocar eleccións. Esa cita suporía a renovación da metade da Cámara: 35 novos deputados que encheron o Parlamento de iniciativas e novas anécdotas.

PARLAMENTO DE GALICIA

V Lexislatura (1997-2001)

PARLAMENTO DE GALICIA

SECRETARIO

Juan Pedrosa Vicente

VICEPRESIDENTE 1º

▼ 4.03.2000
Celso Delgado Arce

PRESIDENTE

José María García Leira

VICEPRESIDENTE 2º

Bautista Álvarez Domínguez

VICESECRETARIO

Miguel Ángel Cortizo Nieto

VICEPRESIDENTE 1º

▲ 26.05.2000
Miguel Ángel Santalices Vieira

María Salomé Álvarez Blanco

María Marta Álvarez Montes

María Antonia Álvarez Yáñez

▼ 14.07.2000
Daniel Barata Quintas

José Manuel Barreiro Fernández

Xosé Manuel Bestas Torrado

Abel Caballero Álvarez

Juan Manuel Casares González

Xabier Casares Mouriño

Roberto Castro García

▼ 14.07.2000
Gerardo Conde Roa

Ramón Corriegoso Fernández

▼ 18.10.1999
Antonio Couceiro Méndez

▼ 14.07.1998
Pablo Crespo Sabaris

José Cuiña Crespo

Celso Currás Fernández

Rosa Darriba Calviño

Xosé Díaz Díaz

Miguel Domínguez Vaz

Alberto Durán Núñez

María Olaia Fernández Davila

Jesús María Fernández Rozende

Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Manuel Fraga Iribarne

Gástor Gago Álvarez

María del Carmen García Campelo

María Pilar García Negro

Justo José González Balleste

Anxo Guerreiro Carreiras

Eduardo Gutiérrez Fernández

José María Hernández Cochón

Juan Manuel Juncal Rodríguez

Bieito Lobeira Domínguez

Manuela López Besteiro

▼ 2.03.2001
Manuel López Casas

Manuel López Outeiral

Emilio López Pérez

▼ 14.07.1999
Javier Losada de Azpiazu

Antón Louro Goyanes

María Elisa Madarro González

Jose Luis Méndez Romeu

Joaquín Muñoz González

▼ 14.07.1999
Camilo Nogueira Román

José Antonio Orza Fernández

Xesús Palmou Lorenzo

Xosé Manuel Pazos Varela

▼ 14.07.1999
Fernando Pensado Barbeira

Emilio Pérez Touriño

Jesús Pérez Varela

Jaime Alberto Pita Varela

Ismael Rego González

Alberto Xulio Rodríguez Feixóo

Xosé Henrique Rodríguez Peña

▼ 21.03.2000
Fernando Carlos Rodríguez Pérez

▼ 14.07.1999
Dositeo Rodríguez Rodríguez

María Dolores Rodríguez Seijas

Manuel Ruiz Rivas

Isabel Salazar Bello

Francisco Sineiro García

▼ 14.07.1999
José Enrique Sotelo Villar

Alfredo Suárez Canal

María Jesús Tapia Fernández

Xosé Henrique Telio León

Francisco Trigo Durán

Mauro Varela Pérez

Xesús Vega Buxán

Manuel Vega Pombo

José Manuel Vila Pérez

María Dolores Villarino Santiago

▼ 14.07.1999
María Fernanda Blanco Fernández

▼ 26.10.1998
▲ 12.11.1998
María Nava Castro Domínguez

▼ 14.07.2000
Antonio Concheiro Coello

▼ 14.07.2000
Serafín Escudero Cerntrón

▼ 14.07.2000
▲ 18.07.2000
María Begoña Freire Vázquez

▼ 14.07.1999
Sergio López García

▼ 11.04.1999
Manuel Mendoza López

▼ 14.07.1999
Domingos Merino Mejuto

▼ 11.04.2000
Gregorio Rodríguez Fernández

▼ 11.12.1998
Carlos Rodríguez Pablos

▼ 29.02.1999
María Soledad Soneira Tajes

▼ 11.12.2000
José Jaime Francisco Vázquez Iglesias

▼ 14.07.1999
Ascensión Yeguas Sánchez

▼ data de baixa
▲ data de alta

Quinta Lexislatura

1997-2001

Das eleccións de outubro de 1997 saíu un Parlamento semellante ó da cuarta lexislatura. O Partido Popular seguía sendo maioritario e Manuel Fraga seguía colleitando a aceptación de máis da metade dos electores.

O cambio viña desde as forzas da oposición, que volvían ser o PSdeG e o BNG, pero cos postos intercambiados. Logo dese *sorpasso* na esquerda, os nacionalistas xa eran o segundo grupo, con 18 escanos. Presentaban moitas caras novas, algunhas de susto. Vese que a entrada no Pazo do Hórreo, pola responsabilidade do cargo ou polas dimensións do edificio, impresiona.

Xosé Díaz Díaz, BNG: Cando entrei por alí e subín por aquelas escaleiras dixen para min, que demos é isto? Que vou facer? Estaba abraiado e agardaba por alguén do grupo, deputado ou empregado, que nos dese ós novos algún tipo de información sobre as normas de funcionamento do Parlamento, sobre o xeito de presentar iniciativas. Pois non, nada diso. Teño que dicir que non houbo quen nos dixera nada, e iso que o BNG xa era a segunda forza da Cámara.

Dolores Rodríguez Seijas, PP: Na primeira reunión do Grupo Popular atopeime cun papeliño no meu sitio que poñía *voceira de Educación: Dolores Rodríguez Seijas*. Aquilo impresionoume, porque acabas de chegar e veste con aquela función, aquela responsabilidade que comporta un certo medo escénico. Ó acabar a reunión, fun falar con Xaime Pita, o voceiro do grupo, e díxenlle:

—A min isto paréceme un pouco forte, non? Entrar no Parlamento xa de voceira. Primeiro, quería ver qué pasa.

—Pois mira, isto é unha decisión de don Manuel, entón eu non podo liberarte desta función. Tes que ir onda el e pedirllo. Pero váiseche incomodar.

Manolita Besteiro, que era a conselleira de Familia, estaba ó meu lado e aconselloume que non o rexeitara, basicamente porque aínda eramos poucas mulleres e non era doado que nos deran responsabilidades.

Os socialistas quedaban como terceira forza da Cámara, con 15 escanos, que logo serían 13 porque os socios de Esquerda Unida marcharon ó Grupo Mixto. Aquilo fora un matrimonio de conveniencia que non saíra ben, sobre todo para o socio maioritario. Aínda así, nunca racharon as pontes de complicidade. No Grupo socialista as augas ían revoltas, porque os malos resultados do candidato, Abel Caballero, provocaron que o voceiro do grupo fose Emilio Pérez Touriño. Desa forma foi gañando peso para presentarse como candidato nas seguintes eleccións.

María Antonia Álvarez Yañez, PSdeG-PSOE: O noso candidato fora Abel Caballero, pero a campaña tamén veu marcada polo acordo con Esquerda Unida. Pero ese acordo quedou en nada visto os resultados electorais, que foron moi malos. Conseguimos 15 deputados, dos que 2 eran de Esquerda Unida, Anxo Guerreiro e Xosé Manuel Pazos, que rapidamente pasaron ó Grupo Mixto.

Xosé Manuel Pazos Varela, Grupo Mixto (Esquerda Unida-Esquerda Galega): Con eses resultados electorais, o Grupo socialista presionounos para que permanecésemos integrados con eles. Claro, non era o mesmo ter 15 deputados que ter 13 máis 2. Non aceptamos esa integración. O que si asinamos foi unha especie de acordo polo que tanto Anxo coma min iamos apoiar todas as propostas que saíran do Grupo Socialista. Ó principio había certa desconfianza pero logo o ambiente mellorou e eramos case o mesmo grupo.

OS PEORES INIMIGOS, NA CASA

Nas filas populares tamén houbo cambios. Neste caso, de voceiro do grupo parlamentario. A notable ausencia de Vázquez Portomeñe, xa no Senado, foi cuberta por Xaime Pita. O betanceiro tiña claro desde o principio que debía buscar o acubillo de Manuel Fraga, patrón incuestionable do barco *popular*.

Xaime Pita Varela, PP: Don Manuel non era moi amigo de dar consellos. A min, unha das poucas veces que me deu un foi para dicirme:

—Pita, que non lle esqueza que así como nas guerras a coiraza se pon no peito, na política ponse nas costas, porque o inimigo teno moitas veces na casa.

Fernando Carlos Rodríguez Pérez, PP: Xaime Pita era a antítese de Vázquez Portomeñe. Víctor era toda unha linguaxe florida, sempre dándolles voltas as cousas. Había que estar moi atento ó que dicía. Empregaba moi ben a ironía. Xaime Pita non, ía directo á cuestión. Soltaba frases como, *vostede é un impresentable; repito, é vostede un impresentable*. Así que tivemos un voceiro máis duro dialecticamente, pero moi traballador.

CHEGA GARCÍA LEIRA; MARCHA O TABACO

Xa estaban o tres grupos organizados, cos populares e socialistas de estrea na portavocía e cos nacionalistas ocupando a segunda fila da Cámara. Para abrir as sesións e poñer algo de orde nos debates, o Parlamento contou cun novo presidente, o vilalbés García Leira. Estaría no posto dúas lexislaturas. Antes fora alcalde da súa vila durante 20 anos. O ofrecemento para levar as rendas do Pazo do Hórreo colleuno por sorpresa.

Xosé María García Leira, PP: Quen ía ser elixido era outro deputado da provincia de Lugo. Por circunstancias persoais que lle afectaron, non puido ser, e Fraga pensou en min porque xa estivera de vicepresidente do Parlamento. Chamoume un día pola noite á casa:

—Leira, quería dicirlle unha cousa.

—Vostede dirá don Manuel.

—Que vai ser o presidente do Parlamento de Galicia.

—Paréceme que vostede está falando con outra persoa. Son García Leira, de Vilalba...

—Oia!, ben sei con quen estou falando, non se preocupe, diso imos falar despois.

—Eu creo que está equivocado, as miñas aspiracións non van por ese lado.

—Iso discutímolo mañá, veña verme ás nove.

Fun ás 11 e falamos do tema. Ante a súa insistencia aceptei, pero deixándolle claro que se o facía mal a equivocación era súa por escollerme.

Unha das medidas máis impopulares que tivo que tomar García Leira foi a de prohibir o uso do tabaco dentro do Pazo do Hórreo. A cousa era vista, porque xa se amagara varias veces con facelo, e porque o fume era excesivo para poder respirar ben ou mesmo para ver a faciana do veciño de escano. Pero a resistencia era forte. O mellor era facelo a poucos, e así foi. A transición durou uns meses. Comezou a eliminarse o tabaco nas reunións da Mesa do Parlamento e nos plenos. Logo, estendeuse a todo o recinto.

Xosé Manuel Pazos Varela, Grupo Mixto (Esquerda Unida-Esquerda Galega): Daquelas aínda se podía fumar no Parlamento, pero non en todos os sitios. Na miña primeira intervención no pleno fun todo tranquilo co cigarro cara ó atril. Fumaba mentres ía co discurso. Entón escoitei ó presidente do Parlamento:

—*Señor Pazos, non hai cinceiro.*

—*Pois digo eu que habería que poñer algún.*

—*Non, é que está prohibido.*

Entón tiven que baixar do atril e apagar o cigarro. Así que vaia entrada fixen no Parlamento, fumando no hemiciclo!

Xosé María García Leira, PP: Aquilo foi unha cousa curiosa. Quero dicir que, dos fumadores máis compulsivos que había no Parlamento, dous eran precisamente deputados que logo estiveron na Mesa: Bautista Álvarez e Dolores Villarino. Cando suscitei nunha reunión da Mesa a prohibición do tabaco, vetárono radicalmente. Pero logo foron cedendo.

OS PANOS DE MESA DE *GELUCO*

Había bos parlamentarios nesa lexislatura. Non é cuestión de dar nomes, porque de ser o caso teriamos que falar de Bautista Álvarez, de Marta Álvarez Montes, de Pilar García Negro, de Olaia Fernández Davila, de Camilo Nogueira, de Miguel Cortizo, de Méndez Romeu... pero convén facer un aparte con Anxo Guerreiro. *Geluco,* como se lle chamaba no mundo político, viña do Partido Comunista e de pisar varias veces o cárcere durante a Ditadura franquista. Na nacente democracia en Galicia tamén tivera un papel destacado, como un dos redactores do *Estatuto dos 16.*

Guerreiro era respectado na Cámara, polo seu pasado, polo permanente ánimo construtivo e porque todos recoñecían que tiña un evidente talento para a dialéctica parlamentaria.

Xosé Manuel Pazos Varela, Grupo Mixto (Esquerda Unida-Esquerda Galega): Hai unha cousa que pouca xente sabe. *Geluco* nunca levaba discursos escritos. Na cafetería, collía unha servilleta e anotaba catro ideas, e a partir de aí montaba o seu discurso, sempre apaixonado.

Eramos dous no Grupo Mixto, fisicamente bastante distintos. Así que no Parlamento nos chamaban *Quixote e Sancho*. Hai unha cousa que indica a vitalidade e o optimismo de Anxo Guerreiro. Nos procesos electorais os resultados non acompañaban, pero el sempre repetía a mesma frase: *neno, desta arrasamos.*

Dolores Villarino, PSdeG-PSOE: *Geluco* tiña moito que admirar. Comezamos xuntos na política e por iso nos coñeciamos moito. O seu partido era pequeno, pero todos sabiamos que era histórico, non era un partido de *quita e pon*. De feito, eu tamén comecei militando no Partido Comunista. Logo, en 1988, pasei ó PSOE.

Geluco sabíao, era consciente desa biografía súa, e por iso era un político de raza. Levaba toda unha vida defendendo as mesmas cousas, con matices segundo a época que lle tocaba vivir. Desde logo, non era un político de *quita e pon,* non nos vaiamos confundir.

CUÍÑA REVELA QUE O QUIXERON MATAR

Ninguén na Cámara o esperaba, ninguén tiña sospeitas de que a cousa era tan grave e ninguén puido explicar despois qué razóns levaron a Xosé Cuíña a contar publicamente, no medio dun pleno, que un empresario da construción do Bierzo, José Martínez Núñez, quixo asasinalo. Había unha investigación en marcha, a partir do suicidio dun home que, ó parecer, recibira o encargo de rematar coa vida do conselleiro de Infraestruturas.

Cuíña pediu comparecer voluntariamente e deu detalles da presunta trama para matalo, un asunto que relacionou con intereses urbanísticos do empresario.

Roberto Castro García, PP: El contounos a algúns en privado que ese empresario se achegou a el con ese ánimo de *presionar,* entre aspas, sobre certas obras. E Pepe Cuíña contaba que lle respondera a ese empresario: *tes dúas opcións: ou saes pola porta ou saes pola ventá. Ti verás o que mellor che conveña.*

Pero eu creo que foi máis ruído ca outra cousa, se é que houbo algo nalgún momento. Nunca tivemos constancia no grupo de que houbese perigo serio nese sentido.

Xesús Veiga Buxán, BNG: O episodio foi unha das cousas máis chamativas e sorprendentes que se debateron no Parlamento nesa lexislatura. Eu recordo ben que el estaba incómodo nese debate. Cuíña buscou apoios e solidariedades fóra do Parlamento. Recordo que houbo un escrito asinado por varias persoas, entre elas o arquitecto César Portela, considerado entón próximo ó BNG. Nese escrito apoiaban a Cuíña como vítima dunha campaña de desprestixio e que mesmo poñía en perigo a súa vida.

Marta Álvarez Montes, PP: Tanto nas bancadas do PP como no resto, quedamos absolutamente asombrados. É dicir, a primeira reacción foi de sorpresa, sorpresa total. Quedamos en estado de *shock.*

Eu tiña moita confianza con el, porque coincidiramos en Lalín, onde eu fora xefa de estudos do instituto. Así que un día pregunteille a qué viñera aquela comparecencia e aquela confesión tan singular. Daquela, pareceume que estaba un pouco arrepentido daquel golpe de efecto, aínda que non sei se tería intención de provocar algunha reacción.

UN SUCESO ESTRANO: APLAUSO UNÁNIME

O normal é que as votacións na Cámara sexan dispares, que cada grupo manifeste o seu ideario en cada pequena votación e se distinga así do resto. Mesmo nos chamados *temas de país* resulta difícil acadar a unanimidade. Aínda é máis complicado cando se trata de censurar ou loar unha persoa.

Pois este sucedido infrecuente viuse na despedida de Xosé Cora, que levaba 10 anos como Valedor do Pobo, un tempo no que consolidou a institución e gañou o respecto de toda a Cámara. Así llo fixeron saber cando presentou o seu último informe ante o pleno. Cora tiña xa prestixio como presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Polo tanto, era a persoa idónea para o posto de valedor, unha institución que nacera para a defensa dos dereitos e liberdades amparadas na Constitución e no Estatuto de Autonomía.

Salomé Álvarez Blanco, BNG: Eu estiven nesa lexislatura na Comisión de Peticións, na que comparecía o valedor en primeira instancia. Desde o meu parecer, foi un valedor extraordinario, porque era imparcial e porque fixo uns informes moi completos e interesantes, que daban moito xogo despois nos debates. Era unha persoa extraordinaria.

María Pilar García Negro, BNG: Lembro unha frase del que eu aplaudín, si, si. Foi a propósito da violencia sobre as mulleres, que era un tema do que xa falabamos centralmente daquela. Entón el dixo que, independentemente de afectos, de noivados, de futuros compromisos, as rapazas, as mulleres novas había que lles mandar sempre, de forma clara e contundente, a mensaxe de teren un traballo e seren independentes economicamente; e a partir de aí o que se quixera, e a partir de aí calquera outro compromiso que non hipotecara a súa liberdade. Eu aplaudín aquela intervención, que foi positiva e segue a ser necesaria.

Marta Álvarez Montes, PP: Cora era un home que tiña amplos coñecementos. Ó mesmo tempo, ofrecía un trato moi cordial e respectaba a opinión de todo o mundo.

Creo que se volcou en facelo ben, en darlles resposta ás necesidades e peticións dos cidadáns. E nótase moito cando unha persoa fai, honestamente, todo o que pode por axudar os demais. Por iso foi un gran valedor.

FEITOS E DESFEITAS NO EXTERIOR

A Comisión da Emigración funcionaba nesa lexislatura a pleno rendemento. Os seus membros mesmo facían viaxes ó exterior para coñecer directamente a realidade de moitos emigrantes galegos. Desas misións quedou algunha anécdota que non pasará precisamente á historia da diplomacia, pero si ó rexistro de chacotas e mofas. Unha visita dunha delegación de parlamentarios á embaixada do Reino de España en Londres ía tan ben, tan ben, que Xosé Manuel Pazos sentiuse relaxado de máis...

Alberte Rodríguez Feixóo, BNG: Estabamos sentados ó redor dunha mesa e o compañeiro, fumador empedernido, non tivo mellor idea que poñerse a fumar e botar a cinza nunha especie de centro de cristal, que supoño que sería de Baccarat ou de Murano, polo menos, e que estaba como ornamento artístico enriba da mesa.

Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, BNG: Nós empezamos a ollar uns para os outros, pensando que xa tiñamos que dar a nota. Pero o embaixador, que tamén estaba fumando, resultou ser bo diplomático. Apagou o seu cigarro naquela especie de ensaladeira.

As cousas non foron tan simpáticas, nin moito menos, nunha desas viaxes a América que eran moi do gusto do presidente da Xunta. A Manuel Fraga encantáballe ir a América e estar cos emigrantes. El mesmo presumía acotío de que era fillo de emigrantes que se coñeceran en Cuba. A cousa seguinte non pasou na Illa senón na Arxentina.

Ó presidente recomendáranlle que non era moi acaído visitar a Federación de Sociedades Galegas, en Bos Aires. Non procedía pero el empeñouse. E alá foron tamén varios parlamentarios galegos.

Produciuse o que todo o mundo esperaba: cando Fraga comezou a falar, logo duns discursos previos, moita xente alí congregada comezou a berrarlle, e non precisamente para festexar a súa chegada. Moitos eran descendentes de exiliados da Guerra Civil. Interrompéronо de tal forma que non puido falar. Con todo, o discurso era o de menos. O urxente era saír daquel avespeiro.

Miguel Ángel Santalices Vieira, PP: Cando a cousa apertaba, achegueime onda o presidente e díxenlle que había que abandonar o local. Pedinlle que se collera a min do brazo.

Metémonos por onda a xente e tivemos a colaboración do deputado Chema Ferreiro, que ía abrindo camiño. Decatouse de que tiña que botar unha man porque era o presidente da Xunta, aínda que fose dunha ideoloxía oposta á súa.

Preto xa da saída eu recibín un golpe. O instinto levoume a repeler esa agresión, pero o presidente da Xunta reprendeume: *siga, siga, non se me poña agora a pelexar, que o que temos é que saír de aquí.*

Xosé Francico Ferreiro Abelleira, BNG: A cousa complicouse moito. Lémbrome de que unha persoa que estaba diante de min levaba un xornal, e dentro levaba un coitelo. A verdade é que a cousa, ó final, quedou en nada.

Hai outra cousa que lembro ben: tres deputados que formaban parte desa comisión, desa viaxe, non foron a ese acto. Creo que non me trabuco se digo que sabían ben o que ía ocorrer.

ELVIRA E PARRULA MONTAN O LÍO

Logo dese susto na Arxentina, aínda lle esperaba outro a Manuel Fraga. A piques de rematar a quinta lexislatura, tivo que lidar coa chamada *crise das vacas tolas*. O gando vacún estaba afectado por unha enfermidade dexenerativa que causou gran alarma. Os primeiros casos apareceron en Coristanco (A Coruña) e Carballedo (Lugo): *Elvira* e *Parrula* eran os nomes das dúas vacas que fixeron cabeza naquela epidemia. Algúns aínda recordan eses nomes con espanto.

Todo era descoñecido para as autoridades, e non había ningún protocolo do que botar man. Así que as primeiras cabezas mortas soterráronse de forma algo improvisada no concello de Mesía. Esa decisión provocou a dimisión do conselleiro de Agricultura e a presentación dunha moción de censura por parte do BNG. Os socialistas non secundaron esta estratexia.

Roberto Castro García, PP: Comezan a saír vacas afectadas e a pregunta era saber onde se metían. Ese era o gran dilema. Entón a alguén se lle ocorreu metelas nunha canteira e botarlles cal por riba, como forma de neutralizalas. Pero fíxose tan mal, de maneira tan chapuceira, que ata non as cubriron ben. Entón, a algunha vaca víaselle a cabeza fóra, sacando a lingua. E iso, por riba, á hora de xantar nos informativos das televisións. Aquilo foi terrible.

Celso Currás Fernández, PP: Aqueles días da crise das vacas tolas, eu tiña unha intervención no Parlamento. Cando saía, atopeime cuns xornalistas e preguntáronme pola miña opinión sobre o asunto. Viña algo canso da intervención no pleno e contestei: *Miren vostedes, o único das vacas tolas que lles teño que dicir é o que dixo a miña muller hoxe cando saía da casa, e é que non volvía comprar carne.*

Ó día seguinte, a miña resposta estaba nas portadas dos xornais. O presidente Fraga non tardou en chamarme para falar.

—Pero conselleiro, como se lle ocorre dicir cousa semellante?

—Presidente, é que... non o pensei.

—Pois as cousas hai que pensalas!

Ismael Rego González, PSdeG-PSOE: Estabamos en Betanzos cando soubemos da noticia do soterramento das vacas. Emilio Pérez Touriño, que dirixía o Grupo socialista, tivo claro desde o primeiro momento que esa responsabilidade non xustificaba unha moción de censura. Cando a presentou o BNG, pediume que lle comunicase á Presidencia da Xunta que nós non iamos participar.

Alfredo Suárez Canal, BNG: Tivemos algo de medo ou respecto a presentar a moción de censura, porque sabiamos que non ía triunfar. Por outro lado, nós eramos o principal grupo da oposición, e había unha realidade que demandaba que presentaramos unha alternativa, outro xeito de facer as cousas.

Xesús Veiga Buxán, BNG: Posteriormente á celebración da moción de censura, o BNG encargoulle unha enquisa a unha empresa demoscópica. Nunca se publicou. O que saíu como conclusión dese traballo é que as cousas seguían igual, que o desgaste do Partido Popular practicamente non existía. Aquilo foi un xerro de auga fría. Logo, as eleccións de outubro de 2001 certificaron que esa enquisa non ía descamiñada.

PARLAMENTO DE GALICIA

VI Lexislatura (2001-2005)

PARLAMENTO DE GALICIA

SECRETARIO

Juan Pedrosa Vicente

VICEPRESIDENTA 1ª

Inmaculada Rodríguez Cuervo

PRESIDENTE

José María García Leira

VICEPRESIDENTA 2ª

Salomé Álvarez Blanco

VICESECRETARIA

Dolores Villarino Santiago

Bautista Álvarez Domínguez

María Marta Álvarez Montes

Fernando Amarelo de Castro

José Manuel Baltar Blanco

José Manuel Barreiro Fernández

Xosé Manuel Beiras Torrado

María Soledad Bueno Berrio-Alegortua

María Josefa Caldelas Fernández

Juan Manuel Casares González

Xabier Casares Mouriño
30.04.2002

Remedios Camedo Carballo

Roberto Castro García

Francisco Cervitho González

Miguel Ángel Cortizo Nieto
28.04.2005

José Cuíña Crespo

Xosé Díaz Díaz

Manuel Díaz Vázquez

María Olaia Fernández Davila
23.07.2003

Jesús María Fernández Rosende

Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Manuel Fraga Iribarne

Cástor Gago Álvarez

Carmen Gallego Calvar

María Pilar García Negro
4.03.2003

Natividad González Laso

Beatriz González Loroño

Eduardo Gutiérrez Fernández

Juan Manuel Juncal Rodríguez
7.11.2003

Bieito Lobeira Domínguez

Susana López Abella

Manuela López Besteiro

Victoria Eugenia López Díaz

Sergio López García
27.07.2002

Manuel López Outeiral

Emilio López Pérez

Enrique César López Veiga

Pablo Xabier López Vidal

Antón Louro Goyanes
30.11.2004

María Elisa Madarro González
31.01.2005

María Martín Alonso
4.07.2002

Jose Luis Méndez Romeu
4.07.2004

Domingos Merino Mejuto

María Teresa dos Anxos Novo Arrojo
18.06.2002

Xesús Palmou Lorenzo

Margarita Pérez Herraiz

Emilio Pérez Touriño

Jaime Alberto Pita Varela

María Corina Porro Martínez
4.07.2003

Modesto Pose Mesura

María Pilar Ramallo Vázquez
4.07.2003

Ismael Rego González

Miguel Ángel Reviejo Ares

Fernando Rodríguez Corcoba

Alberte Xullo Rodríguez Feixóo

Maximino Rodríguez Fernández

Xosé Henrique Rodríguez Peña

María Dolores Rodríguez Seijas

Pilar Rojo Noguera

Manuel Ruiz Rivas

Miguel Ángel Sarmallices Viera

Laura Seara Sobrado

Ramón Sesteelo Fernández

Francisco Sineiro García

María Soledad Sonesta Tajes

Alfredo Suárez Canal

Alberto Suetro Pastoriza

María Jesús Tapia Fernández

Xosé Henrique Tello León
4.08.2004

Francisco Trigo Durán

Ricardo Varela Sánchez

Xesús Vega Buxán

Pedro Borrajo Rivas
14.04.2004

Diego Calvo Pouso
7.03.2003

Ramón Carballo Páez
4.07.2002

Rosa Darriba Calviño
9.09.2003

María Esther Fontán Prado
9.02.2005

Alejandro Gómez Alonso
1.09.2003

Salvador González Solla
9.09.2003
11.05.2004

Paula Janza Muñiz
18.06.2003

José Manuel Lage Tuñas
11.05.2004

José Manuel Mayán Santos
25.06.2003

César Augusto Pérez Ares
26.05.2004

Ana Belén Pontón Mondelo
7.02.2004

Manuel Luis Rodríguez González
14.09.2003

▼ data de baixa
▲ data de alta

Sexta Lexislatura

2001-2005

Nunca foi tan enganoso o comezo dunha lexislatura. O PP, con Manuel Fraga repetindo como candidato á Presidencia da Xunta, conseguiu a cuarta maioría consecutiva. Aínda así, a pesar da folgura de escanos, quixo ofrecer unha proposta de diálogo coa oposición. Certo que esa novidade ía estrearse só co BNG, e durante un tempo limitado. Os socialistas tiñan o mesmo número de deputados, 17, pero Fraga tomou a Beiras como líder da oposición, unha manobra que algúns interpretaron como un intento de situar o socialista Pérez Touriño nun segundo plano.

Así que os saúdos iniciais, os bos desexos de acordo e colaboración, mudaron rapidamente. Fraga estaba a piques de cumprir xa os 79 anos de idade, un feito que comezaba a colarse entre os discursos da oposición..., e tamén no PP. Ese límite biolóxico, unido ó desgaste de gobernar durante anos, era unha mecha preparada para prender en canto xurdira algún problema. Esa lexislatura estivo chea deles.

O ESTRAÑO SUCESO DA MAN TENDIDA

Esa sexta lexislatura comezou coa normalidade institucional e democrática que supón investir un novo presidente da Xunta. No seu discurso, Fraga ofreceu a posibilidade de colaborar coa oposición en buscar as mellores solucións políticas para Galicia. Na réplica, Xosé Manuel Beiras testou esa oferta pedíndolle que tomase en consideración o documento nacionalista que contiña 40 medidas urxentes para Galicia.

Fraga levantouse para recoller o documento e Beiras saíu ó seu encontro. No medio do hemiciclo, déronse a man, para sorpresa de todas as bancadas e certo malestar entre os socialistas, que se sentían convidados de pedra.

O presidente reelixido ofrecía a man tendida a Beiras, o mesmo líder do BNG que o descualificara con dureza nos 12 anos anteriores. Días máis tarde quedaron para referendar o acordo nun xantar a base de salpicón de lumbrigante, vieira e pescada á galega.

Xosé Díaz Díaz, BNG: Eu lémbrome ben de cando os dous se descualificaban na tribuna. Aquilo era desagradable. Beiras tenlle chamado a Fraga *planta carnívora*, e ás veces dicíalle que ía *morrer na cadeira*. Por iso me sorprendeu tanto aquel apertón de mans. Agora xa o entendo. Beiras pensaba que nós, unha vez que fixeramos o *sorpasso* cos socialistas en 1997, pois que nas seguintes, nas do 2001, el ía ser presidente da Xunta de Galicia. Claro, levou unha decepción e eu entendo que unha persoa, como eu a coñezo, moi querida de si propia, non entendeu que a xente non o votara.

María Olaia Fernández Davila, BNG: Sorpresa creo que foi para todos; outra cousa é que para algúns fose unha positiva e para outros negativa. Eu fun das primeiras, pero sei que non todo o mundo no BNG pensou o mesmo. Mesmo diría que aquilo abriu unha fenda na formación que todos coñecemos como acabou despois...

Xosé Manuel Baltar Blanco, PP: Lembraba a Beiras, sempre agresivo con Fraga, e que xa na campaña electoral de 1989 dixera que en tres meses ía acabar con el. Así que aquel apertón de mans foi unha sorpresa... e unha xogada política mestra de Manuel Fraga. Porque estaba situando a Beiras como interlocutor da oposición e dándolle un machadazo político ó Partido Socialista, que quedaba en terceiro lugar porque empataran a escanos pero conseguira máis votos o BNG.

Dolores Villarino Santiago, PSdeG-PSOE: Eu creo que Fraga era o máis listo, sen dúbida, do Partido Popular de Galicia. O máis listo, o máis intelixente e o que sabía máis de política. Tiña claro que upando o Bloque ninguneaba o PSOE, que era realmente a alternativa que tiña o Partido Popular.

Nós sempre lles diximos ós do Bloque que en Galicia habería alternancia no Goberno o día que o PSOE fose alternativa real, e que ía necesitar apoios do Bloque ou de quen fora. Beiras non ía ser presidente da Xunta na vida. Era obvio. Por iso Fraga o apoiou sempre.

UNHA VÍA DE AUGA NO HEMICICLO

Todo cambiou no clima parlamentario a partir do 13 de novembro de 2002. Había un forte temporal e, de xeito premonitorio, a auga comezou a entrar no hemiciclo e noutras estancias do Pazo do Hórreo. Con todo, o peor ía acontecer fóra, a 28 millas da costa de Fisterra. O petroleiro *Prestige*, un monocasco liberiano de bandeira de Bahamas, xestión grega e carga de propiedade suíza, sufriu unha vía de auga e comezou a soltar boa parte das 77.000 toneladas de cru que levaba. Seis días máis tarde, logo de tentar afastalo mar a dentro, partiu en dous e comezou unha marea negra que trouxo consecuencias ecolóxicas, económicas e políticas.

Bieito Lobeira Domínguez, BNG: Foi moi curioso todo, porque eu lembro xa o propio 13 de novembro do ano 2002, na tarde na que se producen esas dúas vías de auga en tanques de estribor do *Prestige*. Esa mesma tarde tiñamos pleno no Parlamento. O temporal era moi grande, tanto que caían pingas dentro do propio Parlamento, chovía dentro do Parlamento.

María Pilar García Negro, BNG: O que choramos –falo por min mesma– en viaxes sucesivas por terras de Traba, de Laxe, vendo como estaba aquilo! Aínda lembro perfectamente a data, o 21 de decembro, o día que comezaba o inverno, na costa de Carnota. Preguntei canto recollía de cada vez aquela enorme culler ou grúa, e dixéronme que unha tonelada, unha tonelada! E volta a chorar por semellante estrago, de maneira que, claro, a violencia institucional sumouse á catástrofe económica e medioambiental. Aquilo foi terrible, brutal.

Pilar Rojo Noguera, PP: A min encargáronme do voluntariado. A miña única preocupación era que non houbese ningún accidente, porque viña moita xente botar unha man.

Tamén hai que dicir que se fixo un pouco de política daquilo, porque cando nos puxemos a organizar aquilo chamábannos dalgunha universidade ou dalgún lugar que non vou contar e dicíannos: *queriamos levar esta fin de semana 2.000 persoas a esta praia*. Entón, se lles diciamos que non se podía, que xa estaba cuberta a cota de voluntarios, nos contestaban: *imos ir esta fin de semana, coa vosa axuda ou sen ela*.

Manuel Luis Rodríguez González, PSdG-PSOE: A min, no grupo, acabáronme empaquetando facer o rexistro diario de todas as novas relacionadas co buque. Fanlle ese encargo a un deputado do interior! Agora ben, como son profesor de tecnoloxía de secundaria, algo

de estruturas entendo. Cando saíu a noticia de que a fenda no *Prestige* alcanzaba xa os 30 metros, no grupo ocorréuseme facer o comentario de *preparádevos porque isto vai rachar*. Coas condicións que había do mar, cun pouquiño que saibas das forzas ás que está sometido un barco...

Pasados os primeiros días, a catástrofe ía tomando unha gran dimensión. Rapidamente, días despois do accidente, constitúese a plataforma *Nunca Máis* para denunciar a xestión política do accidente e para reclamar que se activasen as axudas necesarias para limpar a vertedura, recuperar a zona e compensar os sectores que viven do mar.

O acto máis importante da organización foi o 1 de decembro de 2002, cando preto de 200.000 persoas se manifestaron en Santiago de Compostela.

Francisco Trigo Durán, BNG: Nós fixemos un movemento social, porque o fixemos nós, fomos nós. Non xurdiría se o Bloque non estivese aí, igual que non xurdirían as manifestacións nas Encrobas, e teriamos unha central nuclear en Xove se non fose polo BNG. É dicir, que algún mérito no país aínda temos. Aínda que eu xa non milite nel, o Bloque tivo ese mérito.

OS MEDOS DE BEIRAS, DE FRAGA, DE TOURIÑO... DE TODOS

Os líderes da oposición preparan unha moción de censura contra Fraga. O presidente sabe que lle toca remontar o mal comezo dunha xestión de crise que levantara moitas críticas, pola súa ausencia nos primeiros días e pola mala coordinación co Goberno central.

Os socialistas deciden tomar a iniciativa e presentar unha moción de censura. A xogada era arriscada, porque aritmeticamente era imposible que triunfase. Fiábano todo a que o impacto na opinión pública lles fose rendible nas seguintes eleccións. Pero aínda faltaban tres anos. Por riba, non mantiveron contactos co BNG para actuar conxuntamente. Cadaquén presentou a súa moción, e o BNG *ó trantrán*. Desde que comezara a lexislatura, o grupo nacionalista mantiña canles abertas de negociación co PP. As relacións non eran malas. Os seus líderes, Fraga e Beiras, mantiñan contactos periódicos, ben directamente, ben a través de terceiros, ben por carta. Por iso Fraga tentou ata o último momento que o BNG non se sumase á crítica institucional ó Goberno galego, mesmo aceptando a cambio que se constituíse unha comisión de investigación.

Dolores Villarino Santiago, PSdeG-PSOE: Fraga non quería vir ó Parlamento a dar explicacións, e a única maneira de traelo foi a moción de censura, e iso foi idea e iniciativa de Emilio Pérez Touriño. Iso deulle unha dimensión política ó tema do *Prestige* que doutra maneira non tería. Unha comisión de investigación si, pero... ti sabes como vai. Iso é media hora pola mañá e logo depende de como che fagan o titular dous xornais de Galicia.

Ismael Rego González, PSdeG-PSOE: Debían ser as oito da tarde. Touriño viña de volta de Corcubión e chamoume por teléfono.

—Ismael, valora a posibilidade de que acordemos mañá, no Comité Nacional, a presentación dunha moción de censura contra o presidente Fraga.

Recordo que houbo un silencio de varios segundos que non me atrevín a cortar. Tivo que ser el.

—Que pasa, por que quedas calado?

—Porque estou cagado.

Levabamos moito traballo feito, eramos alternativa clara ó Partido Popular, e todo podía estragarse cunha moción a un presidente que tiña maioría absoluta. Podía saír ben, ou saír mal e tirar ó traste todo o traballo feito.

Inmaculada Rodríguez Cuervo, PP: Nos días eses nos que o barco aínda andaba pululando e ninguén sabía onde metelo, paroume Beiras polos corredores do Parlamento.

—Teño que falar co presidente Fraga discretamente, ninguén pode sabelo, de ningún lado, de ningún partido. Ti es a única persoa que me ofrece garantías.

—E como facemos? Que queres facer?

—Quero falar co presidente, temos que montar unha comisión de investigación e facer con el algún acordo. Temos que falar, pero en privado. Douche o meu móbil persoal. Falas co presidente e, se el quere, chámasme.

Marchei inmediatamente para Vigo, onde Manuel Fraga tiña un acto e alí, nun aparte, conteille todo o que me dixera Beiras. A partir de aí o que fixen foi levar os recados dun ó outro, cos teléfonos de aquí para aló. Penso que ninguén sabía daquilo.

Xaime Pita Varela, PP: Cando os socialistas presentan a moción de censura, o señor Beiras chamoume para que lle comunicase a don Manuel que o BNG non ía presentar outra. Ó día seguinte, o BNG presentou a moción de censura. Entón volveume chamar Beiras para que lle dixese a don Manuel que el non presentara a moción, que fora unha decisión interna do BNG. Todos sabemos que Beiras non sintonizaba coa forza maioritaria dentro do BNG. Creo que perdeu unha boa ocasión de presentar a dimisión.

Francisco Trigo Durán, BNG: Fraga tentou por todos os medios que non presentaramos a moción de censura. Mandounos recado a través dunha persoa que xa faleceu, que era director xeral, asegurando que se non a rexistrabamos el aceptaba a comisión de investigación sobre o accidente do Prestige. O BNG, no seu Consello Nacional, decidiu por maioría –non fora unha decisión unánime– presentar a moción de censura, e sempre digo que o que se abstivo defendeuna coma un campión.

CUÍÑA E O PERIGOSO *EFECTO DOMINÓ*

As mocións de censura non saíron adiante na votación. Aínda así, o *Prestige* deixara unha fenda no propio Goberno, e o conselleiro Xosé Cuíña pagou as consecuencias. Foi acusado de vender material para limpar o chapapote a través de empresas familiares. Acabou presentando a súa dimisión, polo menos segundo se recollía na carta que lle enviara ó presidente da Xunta. Todos sabían que era un cesamento.

Moitos viron naquel asunto un axuste de contas dentro do PP, entre dúas tendencias que representaban o mundo urbano e o rural, o galeguismo e o centralismo. É dicir, o que daquelas se alcumou como *boinas e birretes*. Todos xogaban ó dominó, ou sabían da inercia desas fichas que golpeaba con forza Fraga no taboleiro. Así que moitos entenderon que Cuíña era só unha peza.

Maximino Rodríguez Fernández, PP: Nós, os de Ourense, tiñamos a impresión de que a raíz galeguista do partido –que eu entendo que debe estar sempre presente–, pois estaba, digamos, se non perdéndose alomenos quedando moi atenuada, moi diminuída. E cando cae Cuíña, tiñamos a convicción de que ía producirse un efecto arrastre, o clásico das fichas de dominó. Vamos, que detrás de Cuíña ía caer Baltar.

Roberto Castro García, PP: Coincidiu coa celebración dun Congreso Nacional do partido. Había certo malestar. Estaba por medio Pepe Cuíña, que naquel momento se sentía menosprezado, apartado ou ninguneado. E non precisamente polo presidente. Daba a impresión de que había alguén que sementaba a discordia entre o presidente e Cuíña.

Desde Ourense enténdese que a Cuíña non o tratan ben. E Cuíña tiña sido un conselleiro útil para Ourense. Era conselleiro de Galicia, evidentemente, pero foi sensible coas demandas que se facían desde Ourense.

Xesús Palmou Lorenzo, PP: No mes de xaneiro de 2003 prodúcese o cesamento de Xosé Cuíña como conselleiro de Política Territorial. E prodúcese o 16, un día que eu, que era secretario xeral do partido, común con Fraga. E foi así porque había que facer unha remodelación de goberno e Fraga convócame para falar sobre as persoas que van entrar. Marchaban dúas conselleiras que ían como candidatas ás municipais e Carlos del Álamo, que Fraga tamén me di que o vai substituír.

Durante o xantar non houbo ningunha mención á substitución de Pepe Cuíña, absolutamente ningunha. Fraga dime que a continuación, ás 5 da tarde, ten unha xuntanza con Cuíña no seu despacho. Sei que despois desa xuntanza se produce o cesamento de Cuíña e, como consecuencia, Pepe interpreta que a miña reunión con Fraga tivo algo que ver. Era unha interpretación absolutamente errónea, como logo lle fixen saber.

MANOLI, PREPARA AS MALETAS QUE MARCHAMOS PARA A CORUÑA

Cinco dos oito deputados de Ourense decidiron mostrar a súa desconformidade co rumbo que estaba collendo o Partido Popular. Escenificaron a súa protesta reuníndose nun piso da cidade das Burgas e abandonando temporalmente as súas obrigas parlamentarias.

Aquilo non era unha simple brincadeira. Se non se arranxaba, perigaba a maioría absoluta do PP. Sendo cinco, mesmo podían formar grupo propio na Cámara. O envite estaba servido, pero había que aguantalo para darlle credibilidade, para conseguir o resultado pretendido. E, claro, iso xeraba tensións. E xa se sabe que as tensións desembocan en tormentas ou en episodios de vis cómica.

Así aconteceu con Maximino Rodríguez, deputado ourensán moi querido e algo temeroso. Indo nun coche co resto de rebeldes, e cando a situación xa non tiña volta atrás, chamou á muller e indicoulle: *Manoli, prepara as maletas que marchamos para A Coruña*. Aquela saída provocou unha gargallada tremenda no resto. Maximino quería fuxir de todo aquilo, marchar de Ourense e refuxiarse no piso que tiñan na Coruña. Non ía ser tan doado.

Roberto Castro García, PP: Pois no momento en que tomamos esa decisión, estivemos reunidos en Ourense e logo viñemos á casa de Pepe Cuíña, aquela mañá. Era xaneiro, e non había actividade parlamentaria ordinaria, pero había comisión de investigación do *Prestige*. E nós xuramentámonos para saír da escena política a partir dese momento. E comentamos moi convencidos: en 10 minutos comezan as chamadas. E empezaron as chamadas, claro, desde San Caetano, desde Raxoi... e desde Moncloa tamén. E nós desaparecidos (risas). Aquilo foi simpático, no sentido de que non houbo nunca perigo para ese Goberno.

Jesús Fernández Rosende, PP: Cando os de Ourense non apareceron na Comisión do *Prestige*, deixáronme literalmente en cueiros, porque tiña que intervir e todos os papeis e documentos tíñaos Roberto Castro.

Co paso dos días, Roberto pediume desculpas porque aquilo non tiña que ver comigo directamente, aínda que me prexudicou.

A verdade é que todo o mundo sabe que os de Ourense, en política, son coma catedráticos. É mellor estar con eles que telos en fronte.

Xosé Manuel Baltar Blanco, PP: Os cinco deputados de Ourense fixemos un plantexamento político que logo se recollería nun documento. Aquilo foi coñecido como *a rebelión do piso*, que me parece unha forma simplista de tratar este tema. Din que nos pechamos nun piso. Eu non coñezo a ninguén que viva nun piso que non peche a porta tan pronto entra. Estivemos nel unhas horas. O resto do tempo, neses cinco días, estivemos cadaquén na súa casa.

Miguel Ángel Santalices Vieira, PP: A Televisión de Galicia tiña as dependencias en Ourense na rúa do Progreso, case fronte á sede do Partido Popular. Eu vivía cerca, polo que tiña bastante relación cos traballadores desa canle. Estabamos todos na cafetería e vemos que no telexornal se informa de que están en paradoiro descoñecido os cinco deputados díscolos. Entón eu mirei para os xornalistas e díxenlles: *pero como que en paradoiro descoñecido se estou tomando aquí un café convosco?*

Maximino Rodríguez González, PP: Vou dicir algo que non se sabe. A min chamoume un dirixente do Partido Popular, e non era Manuel Fraga. Estivo tanteándome e eu deixeille falar, seguíndolle a corrente. Despois apareceu nun xornal que a crise xa estaba en vías de solución porque un dos cinco díscolos se ía descolgar.

Eu non me ía descolgar de nada. O que pasa é que eu deixeino falar, non lle dixen nin que si nin que non. Escoiteino. *Mira, paréceme ben o que dis*, dicíalle, pero nada máis. Non había un cambio de postura pola miña parte.

Aquela rebelión durou unha semana escasa, e a partir de aí as augas volveron ó rego. Había moito en xogo, así que Manuel Fraga e Xosé Luis Baltar tardaron uns poucos días en achegar posturas. Os deputados de Ourense mesmo redactaron un documento coas súas peticións. Algunhas tiñan nome e apelidos. Fraga aceptou as reivindicacións pero promoveu a idea de que había que escenificar a reconciliación cunha aperta. Iso celebrouse o 24 de xaneiro de 2003 na sede rexional do partido, que lle chamaban *A Nécora*, xusto fronte ó Parlamento.

Roberto Castro García, PP: Fomos para alí Baltar presidente, os cinco deputados de marras, Fraga e Palmou. Os cinco estabamos nun lado da mesa e Fraga, Baltar e Palmou, do outro. Pero antes de sentarmos, todo o comentario que Fraga facía, miraba para min. Eu era o único que formaba parte da antiga Alianza Popular. O resto non. E dicía, *Castro, Castro, Castro. Xa lle teño aquí un asterisco posto... pero bórrollo desde hoxe.*

Inmaculada Rodríguez Cuervo, PP: Eu deixei a política porque o presidente Fraga me pediu que a deixara para sempre. Sucedeu cando fixo un acordo con Xosé Luis Baltar para non romper o PP. Aquel foi un momento delicado. Segundo me explicou o presidente Fraga, unha das condicións que desde Ourense puxeron foi que eu deixara a política. Non pertencía á corrente deles e comprendo que era unha nota discordante en Ourense.

Fraga díxome que cando rematase a lexislatura eu tiña que deixar a política para sempre. E cumprín! Estiven ofendida durante anos pero agora xa o vexo con moita tenrura e comprensión. Agora entendo moito máis a política e que esas cousas teñen que acontecer.

María Dolores Rodríguez Seijas, PP: A miña visión sobre aquela rebelión era negativa. Entendía que non era o momento oportuno para levar adiante este tipo de estratexias. Quedamos fóra tres deputados de Ourense: Cástor Gago, Inmaculada Rodríguez e mais eu. Creo que os tres recibimos convites para participar, dunha ou doutra forma, pero non aceptamos.

A paz cos de Ourense supuxo cambios no Goberno galego e tamén no Pazo do Hórreo, aínda que deses non se falou nada. A Manuel Ruiz Rivas, a quen Fraga chamaba polo xentilicio, nomeárono vicevoceiro. Un cargo oficial que tiña máis peso oficioso do que todos pensaron naquel momento, mesmo dentro do propio grupo.

Manuel Ruiz Rivas, PP: Daquela eu tiña que estar calado, pero hoxe en día pódese comentar unha chamada que recibín do presidente Fraga para ir velo ó despacho. Estaba alí tamén Xesús Palmou. Acórdome perfectamente.

—Ribeira, ten vostede que facerse cargo do grupo parlamentario.

—Pero home, Don Manuel, que me está dicindo?

—Pois iso, que o imos nomear voceiro do grupo parlamentario.

Había en Madrid un acto de partido importante, así que adiouse o nomeamento. Mentres tanto, a don Manuel ou a Palmou alguén lle fai ver que logo de cesar dous conselleiros, se cesaba ó voceiro parlamentario –que era Xaime Pita– pois íase entender mal. Polo tanto, Fraga vólveme chamar e dime:

—Ribeira, vostede vai ser a partir de agora o vicevoceiro. Pero vaise encargar absolutamente de todo o grupo parlamentario, e o señor Pita seguirá ás súas ordes.

Aquilo creoume unha situación difícil que puidemos salvar pola gran relación que tiñamos Pita e mais eu. Pero o grupo palpaba os roces que se puideron dar.

UN VASO DE CAFÉ CON LEITE... OU ALGO MÁIS

Manuel Fraga solucionara a rebelión dos deputados de Ourense. Máis complicado lle resultaría sobrepoñerse a unha gastroenterite que o deixou tocado días máis tarde. O peor é que non baixaba o ritmo de traballo e a axenda seguía chea de actos que ían minguando as súas forzas. Así chegou ó Debate do Estado de Autonomía. Tiña diante del 100 folios de discurso. Iso supoñía estar falando algo máis de dúas horas, sen descanso.

O único reforzo enerxético viña dun vaso de tubo que pedía que lle colocaran no atril. O contido era coñecido: café con leite. O que en realidade contiña non era tan sabido. Engadíanse unhas pingas de *whisky*. A cousa é que, cando levaba algo máis dunha hora falando, Fraga comezou a perder a voz e a cambalearse. Houbo que suspender a sesión e, a partir de aí, aquilo converteuse nunha competición de rumores que só calou cando Fraga, horas máis tarde, volveu ó hemiciclo para rematar o seu discurso.

Francisco Cerviño González, PSdeG-PSOE: Nun momento Fraga comezou a balbucir e caeulle a cabeza cara adiante. Fíxose unha especie de silencio, ninguén se movía e Margarita Pérez Herráez berroulle ó conselleiro de Sanidade: *José Manuel!* Entón o conselleiro foi a atender ó presidente inmediatamente. Miguel Santalices tamén se levantou do seu escano. Trataban de que o presidente Fraga saíse de alí pero el negábase, tiña moita autoridade. Lembro que Santalices tentou convencelo:

—Descanse un pouco presidente, descanse un pouco. Fágame caso.

—He dicho que no!

Miguel Angel Santalices Vieira, PP: Eu díxenlle ó presidente do Parlamento que suspendese o pleno e que baixase o médico. Así llo indica a un membro da Mesa pero, cos nervios, no canto de coller o teléfono, agarrou a bandeira que tiña ó seu carón e púxose a falar a través dela. Por riba, Tuco Cerviño dicía que non había que preocuparse, que había médicos abondo no hemiciclo. Pero eu díxenlle: *pero Tuco, por favor, que non temos nin idea!*

Jesús Fernández Rosende, PP: Cando vin que se resistía e que tentaba sobrepoñerse e continuar, baixei do escano e collín a cadeira de rodas da taquígrafa. El non quería sentar porque dicía que o debate era moi importante. Ó final conseguimos metelo nunha sala onde estivo uns minutos cos pés erguidos e recibiu asistencia médica.

Francisco Cerviño González, PSdeG-PSOE: Aquilo parecía *o camarote dos irmáns Marx* porque había moita xente. Eu sabía que o presidente Fraga tiña un marcapasos, tiña un bloqueo aurículo-ventricular completo. O primeiro que pensei foi que se lle desconectara o marcapasos, polo que pedín un fonendoscopio e o médico do Parlamento apareceu axiña. Tentei desabotoarlle a camisa pero deume un *manotazo*. Cando xa o conseguín e o estaba auscultando, Fraga, cos ollos pechados, dixo con enerxía: *que conste que estou aquí contra a miña vontade!*

Xosé Manuel Mayán Santos, PP: Cando saín daquela sala, varios deputados preguntáronme polo seu estado, por se era grave. Eu comentei que non, porque falaba ben e tiña forza nas mans. Era unha lipotimia. Pero non me creron e dicían que era un ictus. Cando horas máis tarde volveu para rematar o seu discurso, ollei para eles todo cheo de razón.

Xosé Francisco Ferreiro Abelleira, BNG: A verdade é que, desde o principio, os facultativos que estaban alí dicían que parecía unha lipotimia, nada grave. Pero o feito determinante é que cando lle empezamos a afrouxar un pouco a roupa, el comezou a repoñerse e díxonos: *Comínoos a que me restitúan á tribuna onde estaba.*

Aí pensei, *xa está, xa está novo*. E foi así. Automaticamente a irmá, Charo Fraga, que ó principio protestaba bastante, díxolle que volvese á tribuna e demostrase que era un Iribarne.

Emilio Pérez Touriño, PSdG-PSOE: Ante o desconcerto inicial, o meu grupo, efectivamente, pensa que pode ser algo grave, un ictus. A verdade é que esa intriga dura pouco porque o propio Cerviño se encarga de facernos chegar os datos que falaban dun episodio leve.

Roberto Castro García, PP: Eu vivín un episodio máis complicado ca ese, que foi nunha reunión na sede rexional do partido. Alí deulle outro achuchón importante. Eu creo que estivo morto uns segundos, practicamente morto. Pero recuperouse e pediu unhas carpetas negras para seguir traballando e repartindo papeis a todos. E iso que xa estaba a ambulancia para levalo. Todo o mundo sabe que se non fora o marcapasos non tería saído desa. Pero entrou o marcapasos, marcoulle o ritmo e salvouno.

Fraga, con 81 anos de idade, sobrepuxérase á lipotimia, ó accidente do *Prestige*, á crise de Goberno, á rebelión ourensá e ás dúas mocións de censura. Moita tensión en pouco tempo. Era hora de pechar o capítulo da sexta lexislatura e convocar eleccións.

PARLAMENTO DE GALICIA

VII Lexislatura (2005-2009)

PARLAMENTO DE GALICIA

SECRETARIO

Pablo Xavier López Vidal

VICEPRESIDENTA 1ª

María Teresa Paz Franco

PRESIDENTA

Dolores Villarino Santiago

VICEPRESIDENTE 2º

Jaime Alberto Pita Vareta

VICESECRETARIO

José Manuel Balsar Blanco

María Carmen Acuña do Campo

▼ 26.09.2005

María do Carme Adán Villamarín

Carlos Ignacio Aymerich Cano

Agustín Baamonde Díaz

José Manuel Balseiro Orol

María del Mar Barcón Sánchez

▼ 07.07.2007

José Manuel Barreiro Fernández

Ángel Bernardo Tahoces

▼ 26.09.2005

Fernando Xavier Blanco Álvarez

Carlos Fernando Blanco Parga

▼ 26.09.2005

Ánxela Bugallo Rodríguez

Mª de la Concepción Burgo López

María del Carmen Cajide Hervés

Diego Calvo Pouso

José Manuel Castelao Bragaña

Jaime Castiñeira Broz

Roberto Castro García

María Marta Cerdido Pintos

Francisco Xulio Cervilla González

▼ 26.09.2005

José Cuiña Crespo

María Carme Da Silva Méndez

Xoaquín María Fernández Leiceaga

José Fervenza Costas

▼ 4.09.2006

Manuel Fraga Iribarne

Carmen Gallego Calvar

José Manuel Gallego Lomba

María Amparo González Méndez

Alejandro Gómez Alonso

Jose Manuel Lage Tuñas

Bieito Lobeira Domínguez

Susana López Abella

Manuela López Besteiro

Dámaso López Rodríguez

Enrique César López Veiga

Ignacio Javier López-Chaves Castro

▼ 15.04.2008

Abel Fermín Losada Álvarez

Beatriz Mato Otero

Guillermo Antonio Meijón Couselo

José Luis Méndez Romeu

Aurelio Domingo Miras Portugal

Carlos Negreira Souto

Alberto Núñez Feijóo

Jose Antonio Orza Fernández

Xesús Palmou Lorenzo

Xosé Ramón Paz Antón

César Augusto Pérez Área

▼ 26.09.2008

Margarita Pérez Herraiz

Emilio Pérez Touriño

Ana Belén Pontón Mondelo

Modesto Pose Meaura

Anxo Manuel Quintana González

Ismael Rego González

Marta Rodríguez Arias

Maximino Rodríguez Fernández

Antonio Rodríguez Miranda

Pilar Rojo Noguera

Manuel Ruiz Rivas

Carmen Janet Salgado Núñez

Miguel Ángel Santalices Vieira

Laura Seara Sobrado

Beatriz Sestayo Doce

María Soledad Soneira Tajes

Alberto Suetro Pastoriza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis María Tojo Ramallo

José Tomé Roca

María Luisa Valladares Rodríguez

Ricardo Vareta Sánchez

Manuel Vázquez Fernández

▼ 17.07.2007

María Xosé Vega Buxán

▼ 26.09.2008

Miguel Ángel Fernández López

▼ 20.11.2007

María Cristina Ferreiro López

▼ 11.09.2007

María Isabel García Pazín

▼ 15.09.2005

Pablo González Mariñas

▼ 26.09.2008

Rosa Oubiña Solla

▼ 15.09.2005

Manuel Parga Núñez

▼ 15.09.2005

María Modesta Riobó Dios

▼ 4.09.2006

María Soledad Sánchez Trujillano

▼ 4.09.2006

José Antonio Santiso Miramontes

▼ data de baixa
▲ data de alta

Sétima Lexislatura

2005-2009

A sétima lexislatura do Parlamento galego abriu un novo ciclo. Logo de 16 anos gobernando a Xunta de Galicia, o PP volvía gañar as eleccións pero... perdía a súa maioría absoluta. O Partido Socialista e o BNG sumaban os 38 escanos suficientes como para investir a Emilio Pérez Touriño e formar un goberno bipartito. O nacionalista Anxo Quintana sería o vicepresidente, un cargo que tiña relación directa co feito de que a Presidencia da Cámara fose para a socialista Dolores Villarino. A repartición de consellarías e os equilibrios posteriores na Xunta darían paso a catro anos de negociacións permanentes, non sempre doadas. Quizais no Parlamento as cousas foron máis doadas. Polo menos, o Goberno non perdeu ningunha votación neses catro anos.

Emilio Pérez Touriño, PSdG-PSOE: Esa lexislatura comezou cun certo tirapuxa, porque o BNG dicía que había que recoñecer xa o termo nación, e tiña un plantexamento un tanto sindical da negociación, de poñer máximos inalcanzables para logo ir retrocedendo. Recordo que me reunín rapidamente con Quintana e lle dixen: *imos mal así. Creo que debemos dar unha imaxe de unidade, dun goberno disposto a gobernar e botarlle sentido común. Non podemos andar pensando só en qué lle sacamos á outra parte.* Teño que recoñecer que Quintana reaccionou con moito pragmatismo e con intelixencia política.

Anxo Quintana González, BNG: Era un Goberno de coalición que necesitaba continuamente da negociación e da actividade parlamentar, e iso enriquece a vida do Parlamento, a pesar de que pasamos á historia como un Goberno que se levaba tremendamente mal. O certo é que non perdeu nin unha soa votación no Pazo do Hórreo, e iso di moito da capacidade de negociación e da actividade parlamentar.

Carlos Aymerich Cano, BNG: Tiñamos claro tamén que era un Goberno de dous e, polo tanto, non podiamos permitir derivas presidencialistas. Por riba, unha forza era estatal e outra nacionalista, e eses trazos tiñan que manterse. Por iso eu, por exemplo, lle facía preguntas a Touriño en todos os plenos, cousa que ás veces non se aceptaba ben.

Fernando Blanco Parga, BNG: O de negociar seguido era habitual. Recordo, por exemplo, o Día da Clase Obreira Galega, no 2006. Levabamos unha iniciativa para que ese día tivese carácter institucional da Xunta de Galicia. Pois nesa comisión entramos sen ter o apoio do PSdeG –non vou entrar nas causas– pero conseguiuse nun receso, moi ó fío da navalla pero conseguiuse. E, sorprendentemente, o PP votou a favor. Situacións desas, en catro anos, tivémolas a diario.

Manuela López Besteiro, PP: Aquela situación era chamativa, sobre todo recordando a época de Fraga, na que o presidente se encargaba de que todo fose na mesma liña, sen consellerías paralelas.

Algunha vez viñan alcaldes socialistas pedirnos axuda ó Grupo Popular para defender algunha iniciativa que tiña que ver con consellerías do BNG. Dicían que non se entendían, igual por razóns persoais, non o sei.

UNHA *FONTANEIRA* PARA EVITAR ATASCOS

Cun escenario parlamentario que precisaba de tanto equilibrio, Emilio Pérez Touriño decidiu ofrecerlle a presidencia da Cámara a unhas das súas colaboradoras máis leais: Dolores Villarino. Os socialistas pensaran antes en que houbese dúas vicepresidencias no Goberno, e que unha fose para ela. Pero o BNG insistiu en que só houbese unha, para deixar claro que aquilo era un Goberno de coalición.

Lola foi a primeira muller en ocupar a Presidencia do Parlamento logo de 24 anos de autonomía. Era unha das persoas máis influentes no contorno de Touriño. E todos sabían da súa experiencia, da súa lealdade e do seu carácter, ingredientes moi necesarios para que non se abrisen pingueiras na Cámara. Porque esta ourensá, estivese onde estivese, sempre se considerou unha *fontaneira* da política.

Dolores Villarino Santiago, PSdeG-PSOE: Chamoume Emilio Pérez Touriño o día anterior, creo recordar. Pediume que fose a presidenta e aceptei sen moitos rodeos. Eu nunca me plantexara ser presidenta do Parlamento, obviamente. Pero non por nada, senón porque sempre crin que había máis xente ca min para ese posto. Eu víame de fontaneira; sempre fun moi fontaneira, moi de traballar na parte traseira do grupo.

Tamén formei parte da comisión do PSOE que negociou co Bloque o Goberno. Entón, sempre pensei que seguiría sendo fontaneira.

A Presidencia nesa lexislatura non foi doada. O que pasa é que tiña unha Mesa marabillosa (Xaime Pita, Xosé Manuel Baltar, Tereixa Paz e Pablo López Vidal). Sempre repetín o mesmo: *se me dan a elixir no PP e no Bloque que xente quero comigo, non elixiría mellor.*

Ismael Rego González, PSdeG-PSOE: Ver que Touriño era presidente e que decidía que Lola asumise a Presidencia do Parlamento, supuxo para min unha fonda satisfacción porque eu sabía o que ela achegara a ese proxecto, que era moitísimo.

Con Lola tamén levei o gran desgusto da miña vida política, que foi consecuencia destas cousas que pasan nos partidos, os localismos. Cando se fai a seguinte lista electoral, comeza a haber un ruxerruxe de que Lola pode ter algún problema para ir na lista de Pontevedra, que encabezaba Touriño. A el sempre lle tiña escoitado que ía estar nesa lista e nese Parlamento. Pero ó final non foi. Lamentablemente, triunfaron algunhas presións dentro do partido.

Francisco Cerviño González, PSdeG-PSOE: Lola era facedora de programas electorais, de traballar rápido. Ademais, era moi directiva co resto de deputados, moi esixente. Creo que foi un gran acerto nomeala presidenta do Parlamento.

Porén, na dirección do pleno creo que tiña un criterio algo cambiante, e iso xeraba certo desconcerto. A min chamábame moito a atención. Certo é que eu era un deputado algo revoltoso. Ela explicábamo así: *mira, Tuco, así elevo o listón e podo chamarlles a atención tamén ós do Partido Popular.*

Xosé Manuel Barreiro Fernández, PP: Eu fora presidente da Comisión de Investigación do *Prestige,* na sexta lexislatura. E Lola fora entón bastante ingobernable. Xa na sétima lexislatura, eu era voceiro do grupo e ela presidenta da Cámara. Nunha sesión eu fíxenlle unha protesta airada. Ó saír fóra tivemos unha conversa que fala moito de como era Lola.

—Mira, Xosé Manuel, non che vou consentir protestas deste tipo.

—Pero ti xa non te lembras das que me fixeches a min na Comisión do Prestige?

—E que eu non che vou consentir nin a terceira parte das que che fixen.

INVASIÓN DO PARLAMENTO? NON CHO CREO

Dolores Villarino viviu unha situación complicada ó pouco de iniciarse a lexislatura. Máis dun cento de cargos do PP, sobre todo alcaldes, entraron no Parlamento en sinal de protesta. Non aceptaban o cambio de criterio do Bipartito nunha repartición de axudas ó rural que xa deixara feito o anterior Goberno.

Dolores Villarino ordenou o seu desaloxo e os deputados populares abandonaron o pleno en sinal de protesta.

Dolores Villarino Santiago, PSdG-PSOE: Cando a invasión do Parlamento, eu non dei crédito. Recordo que viña de comer e cando cheguei ó despacho dixéronme:

—Presidenta, están os cargos públicos do PP manifestándose dentro do Parlamento.

—Dentro do Parlamento? Non cho creo.

Saín fóra e vin unha muller, que creo que era alcaldesa de non sei onde, cun megáfono. Estaban dentro do recinto, pegados á caseta da Policía. E entón achegueime a un policía para falar con el.

—Oia, vostede sabe que isto é ilegal? Como vai a cousa esta? Que me entere eu.

—Xa, pero é que entraron...

Fernando Blanco Parga, BNG: Entraron no Parlamento fisicamente, dentro do que é o recinto, que ten inviolabilidade, que está protexido dende o punto de vista da lexislación. E iso, claro, para unha persoa de esquerdas, para un nacionalista coma min, que o faga un partido chamado *de orde* como o Partido Popular... Aquel día fun para a casa pensando: *aquí algo está cambiando, realmente con este Goberno algo cambiou, que os papeis se intercambian*. Foi unha cousa realmente chamativa e quedará para a historia do Parlamento.

Alfredo Suárez Canal, BNG: Daquela, eu era conselleiro de Medio Rural, e tomara a decisión de reasignar os fondos para os concellos con criterios obxectivos e obxectivables.

Entón o PPdeG viu a gran ocasión para mover a todos os seus alcaldes, e entraron no Parlamento. Mesmo tentaron entrar no salón de plenos. Lembro que o deputado Emilio López, *Milucho,* lles foi dicir: *home, se queredes axuda... Xa sabedes que eu destas cousas controlo moito, sei como se fan. E que non vos vexo...*

Manuel Ruiz Rivas, PP: Connosco metíanse moito porque dicían: *vós valedes moito pero non sabedes levar unha pancarta, porque o PP non sae nunca á rúa*.

Teño que dicir que quizais naquel momento había que adoptar este tipo de medidas para visualizar que seguiamos estando aí e que eramos unha maioría social importante en Galicia. Pero si, creo que igual nos pasamos de freada.

Dolores Villarino Santiago, PSdG-PSOE: Alguén me aconsellou que falase con Fraga, que igual así o resolvía. Quedamos ó día seguinte, ás nove, porque ás dez comezaba o pleno.

—Mire presidente, invadiron o recinto parlamentario, que é unha cousa absolutamente insólita.

—Bueno, pero a entrada é recinto parlamentario?

—Si, si. Teño un informe dos letrados que o certifica.

—Ah, pois páseme o informe.

Fraga nunca *puenteou* a Feijóo, e díxome que tiña que falar con el primeiro. Non sei como fixo, pero ás dez comezaba o pleno e alí entrou Fraga o primeiro e todo o grupo detrás del. Así rematou o conflito.

A REFORMA DO ESTATUTO: *ISTO ESTÁ FEITO*

Unha das promesas electorais de socialistas e nacionalistas era a reforma do Estatuto de autonomía. Así que non tardou moito en constituírse unha ponencia parlamentaria con tres representantes de cada grupo.

Os puntos de encontro eran moitos. Os de desencontro, tres: o tratamento da lingua, o financiamento autonómico e a identidade política de Galicia. Este último asunto botou a perder o traballo de meses.

Xoaquín Fernández Leiceaga, PSdG-PSOE: Na cuestión do Estatuto, e nomeadamente co Partido Popular, resolvemos os desencontros no ámbito parlamentario. Esa era a miña percepción. Pasou tanto con Orza como con Palmou.

Dous días antes da famosa reunión de Monte Pío, entre Touriño, Quintana e Feijóo, tivemos un xantar representantes dos tres grupos con dous asuntos centrais: como recoller no preámbulo o carácter nacional de Galicia e como regular os dereitos e deberes lingüísticos. Saímos todos de alí dicindo: *isto está feito*.

Logo todo se estragou, supoño que porque había unha posición previa de Alberto Núñez Feijóo e da dirección do Partido Popular de non entregarlle a vitoria do Estatuto a un Goberno de coalición que se quería que rompese. Tamén hai que entender que un Estatuto no que participaran o PP o Partido Socialista e o Bloque era unha vitoria para ese Goberno.

Xesús Palmou Lorenzo, PP: Houbo un tema no que tivemos desencontros importantes e que botou por terra a reforma. Era o de se se establecía no preámbulo do Estatuto se Galicia era unha nación ou non era unha nación. O BNG esixía que así fose. Desde o Partido Popular plantexamos que se fixera referencia no Preámbulo á Asemblea Nacionalista Galega que se celebrara en Lugo no ano 1918, onde se dicía que Galicia era unha nación. O BNG non o aceptou e finalmente, logo de ter consensuado toda a estrutura do Estatuto, todo o tema económico, a reforma non se levou a cabo.

Xosé Manuel Baltar Blanco, PP: A verdade é que traballamos moi ben en ponencia. E creo que ó final se tirou todo pola borda por una cuestión de nomenclatura, non? De se a palabra nación ía ou non ía no Preámbulo. Eu cheguei incluso a plantexar, dentro do meu grupo, que na exposición de motivos incluísemos unha frase tan lacónica como dicir: *Galicia posúe as características dunha nación: territorio, poboación e lingua*. Galicia posúe!

Carlos Aymerich Cano, BNG: A xente que estabamos traballando no relatorio do Estatuto, aínda que non chegara a bo porto, pois fixemos boa relación. Con Pal-

mou, con Tuco Cerviño, con Leiceaga, con Pedro Puy... Desenvólvense unhas relacións que van máis alá da mera cortesía, que foron de certa complicidade, dunha certa amizade.

Seis meses despois do inicio dos traballos, o 17 de xaneiro de 2007, o presidente da Xunta convocou á residencia oficial de Monte Pío ó líder do PP e ó líder do BNG e socio de Goberno. Era a última oportunidade de salvar a reforma. Foron case 6 horas de debate ó redor dunha mesa na que serviron algo de picar. Pero xa se sabe que, nas comidas de traballo, nin se come ben nin se traballa a gusto.

Había distancias entre os socialistas e os nacionalistas, e máis aínda co Partido Popular. Por riba, as reclamacións do novo estatuto catalán engadían máis tensión ó debate territorial en España.

Pasaban as horas e non saían da exposición de motivos. Había que definir Galicia e non había fórmula que contentase os tres.

Emilio Pérez Touriño, PSdG-PSOE: Desde o primeiro momento Feijóo plantéxame que o problema é que eramos incapaces de acordar co BNG, que o problema estaba na nosa mala relación cos nacionalistas. En honor á verdade, teño que dicir que iso non foi así. O BNG, neste tema comportouse cunha lealdade extraordinaria e cunha gran intelixencia política. Sabendo que iso podía ser un atranco para a reforma do Estatuto, non plantexou ningún problema.

Anxo Quintana González, BNG: E que pasou? Pois que non houbo negociación, e non a houbo porque o PP tiña unha postura prefixada que non era a de Feijóo... ou igual si que tamén era a del, porque *lle ía a marcha*. En calquera caso, era unha postura que non se decidira en Galicia. Naquel momento, o PP tiña un gran slogan en todo o Estado: *que se rompe España!*

Alberto Núñez Feijóo, PP: Lamentablemente, non pasamos a ningunha discusión porque se trataba exclusivamente de que pactásemos unha exposición de motivos na que, si ou si, tiña que configurarse Galicia como nación. A verdade é que eu crin que ía a unha reunión máis aberta.

Se tiñamos un atranco na exposición de motivos, ben podiamos primeiro facer o Estatuto, o seu texto articulado, e logo escribir a exposición de motivos, que era a interpretación auténtica do texto articulado. Non foi admitida esa proposta.

Pasadas as horas, cheguei a plantexar que non houbese exposición de motivos, xa que o Estatuto vixente non a tiña e non pasara nada. Tampouco esa idea foi atendida.

Por último, lémbrome de que o presidente Touriño nos plantexou unha proposta: que figurase na exposición de motivos a expresión *nazón de Breogán,* coa base de que aparece no noso himno. Fíxenlles unha reflexión ós dous: se logo de tantos séculos de historia, despois de saber o que somos e o que nos chamamos, se agora os galegos ven que dicimos que Galicia é unha *nazón de Breogán,* hai moita xente que non nos vai tomar en serio.

Eu non vin ó BNG especialmente entusiasmado con esa proposta de *nazón de Breogán*. Tampouco o vin especialmente preocupado polo resultado da reunión.

Anxo Quintana González, BNG: Cando lin aquela proposta de *nazón de Breogán,* pensei: *esta redacción fíxoa –ou polo menos axudou a facela– alguén que estivo antes no BNG.*

Porque se non aceptabamos ía ser difícil de explicar. Por riba, corría o risco de que o aceptara Feijóo, e hai que ter en conta que a mellora do Estatuto podía ser aprobada entre o PSdeG e o PP, sen contar co BNG. A proposta que fixo o señor Touriño era bastante infumable pero, claro, ante aquela situación eu non podía cometer o erro de pór o campo expedito para que houbera un acordo entre o PP e o PSOE. Dixen que estaba inicialmente de acordo, e iso serviu para que o señor Feijóo dixera que nin esa nin outra.

Emilio Pérez Touriño, PSdG-PSOE: A media tarde levantamos a xuntanza, que foi cordial e na que non houbo enfrontamentos. Facilitou moito a posición de Quintana, que deixou a cuestión nunha dialéctica entre quen presidía o Goberno e o líder da oposición.

Ó levantarnos recordo que Feijóo, de xeito distendido, en plan confianza, me di: *Emilio, pero que pretendías? Que me suicidara? Estasme pedindo un imposible.* O que estaba dicindo é que chegaba ata onde podía.

E TOURIÑO MARCHOU DO PLENO PARA NON VOTAR

A cohesión do Goberno bipartito ía poñerse a proba noutro asunto delicado. Constituíuse a Comisión de Investigación sobre a Cidade da Cultura, presidida por Ana Pontón. Os tres grupos votaron a favor deses traballos. O problema veu nas conclusións. Algunhas apuntaban á posible comisión de delitos na tramitación das obras. Había que decidir se se remitía ese ditame á Fiscalía ou non. Aquilo resolveuse cunha cuestión de principios que case remata cunha crise entre os grupos que apoiaban o Goberno. Acabou cun desaire do presidente da Xunta, que non é pouco.

Emilio Pérez Touriño, PSdG-PSOE: Cando remata a investigación da Comisión, hai un debate interno na maioría parlamentaria –PsdeG e BNG– sobre se enviar ou non as conclusións á Fiscalía. Desde o primeiro momento negueime en redondo, coa idea de que a Fiscalía xa estaba traballando no asunto e que as conclusións da Comisión xa estaban á disposición da Fiscalía porque eran públicas. Pero o Parlamento como tal non tiña por que tomar a iniciativa de chamar ás portas da Fiscalía.

Ó final as cousas son como son, e sempre hai un tirapuxa final, o recorte último de posición. A dirección do meu grupo parlamentario terminou cedendo á presión do BNG de mandar aquilo á Xustiza. Eu deixei claro que non asumía esa posición e, desde logo, non ía entrar na dinámica de xudicializar a política.

Anxo Quintana González, BNG: Nós discutimos moi seriamente no BNG se poñerlle dinamita á Cidade da Cultura e punto, acabouse a historia. Pero, claro, é que a Galicia a broma da dinamita ía saírlle moi, moi cara. Entón non puidemos facelo, pero non foi por falta de gusto.

No caso da Comisión de investigación, quedaban ó descuberto cuestións rexeitables politicamente, e algunhas que presuntamente poderían ser constitutivas de delito. Entón parecía inevitable darlle traslado ó ámbito xudicial, pero iso, ó presidente Touriño, non lle pareceu axeitado. Non creo que fose por falta de ganas de que xente do PP pasase pola Xustiza, senón porque se pensou que era mellor ollar cara adiante. Pasado o tempo, creo que foi un erro.

Ana Belén Pontón Mondelo, BNG: Eu creo que unha cousa é xudicializar a política e estar todos os días nos xulgados, e outra ben distinta é reaccionar ante unhas

obras que custaron tanto, que careceron de todo rigor e que plantexaban moitas dúbidas respecto da súa fiscalidade. Creo que era un acto de responsabilidade con todo o país que esas conclusións fosen á Fiscalía.

Francisco Cerviño González, PSdG-PSOE: O grupo parlamentario socialista, logo de discutilo ben, acordou remitir as conclusións á Fiscalía. Por certo, o fiscal acabounas metendo nun caixón. Había un desacordo claro do presidente Touriño. Tiña unha posición clara de que non se debía xudicializar a política e niso Emilio, como noutras cousas, era unha persoa doutrinal, no mellor sentido da palabra.

Ismael Rego González, PSdeG: Xusto antes da votación definitiva no pleno, achegueime a falar co voceiro do BNG, Aymerich, para dicirlle que non tiña moito sentido que nos enfrontáramos por iso. Pero non conseguín nada novo. Volvín cara ó meu escano e díxenlle ó presidente Touriño que non había nada que facerlle, que había que votar a favor da resolución. Entón, o presidente decidiu levantarse e marchar do hemiciclo para non ter que votar. O presidente priorizara as súas convicción, algo que eu non discuto. Pero supuxo un gran desgusto para min.

Xa pola tarde tiven unha das conversas máis tensas e duras que tiven nunca co presidente. O normal é que tivera presentado a dimisión como voceiro do grupo. Pola razón que fora, deixei que pasara a tarde e a noite e, ó día seguinte, coa cabeza máis fría, pensei que sería un erro porque xa había bastante desencontros no Goberno, e aquilo íao desgastar máis.

Isto levoume a non presentar a dimisión. Axudou tamén o feito de que o presidente, ó día seguinte, volveu traballar comigo con toda normalidade. E aquela conversación quedou soterrada e nunca máis volvemos falar diso.

Daquilo non se volveu falar... ata agora, porque o paso do tempo repousa os recordos e converte os dramas en anécdotas e vivencias moi enriquecedoras. Así ollamos esta sétima lexislatura, que foi consumindo os meses ata as eleccións de 2009. Entón abriuse outro ciclo parlamentario que do que haberá que dar conta noutro libro. Cando repousen os novos recordos.

Imaxes



EXCMO. AYUNTAMIENTO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na cidade de Santiago de Compostela, pazo de Raxoy a 25 de xulio de 1977.
Hoxe, Dia de Galicia, reúnense os parlamentarios galegos:
Diputados po La Coruña; Diputados por Lugo; Diputados por Ourense; Diputados por Pontevedra. Senadores po La Coruña; Senadores por Lugo; Senadores por Ourense; Senadores por Pontevedra e Senadores por designación real.
Aberto o acto (ou Sesión pública) e [redacted], os parlamentarios comparecentes, no seu propio nome e no dos ausentes, aos que, por diversas causas, lles ten sido



imposible a sua P. YEBRA presencia, proceden a declarar constituida formalmente a Asamblea de Parlamentarios de Galicia coa tarefa primordial de recabar, na defensa dos intereses e arelas do pobo, o Estatuto de Autonomía.
Para iso proceden a crear unha comisión encarregada de xestionar co Goberno o Reximen Provisional de Autonomía, cuios membros seran desiñados na xuntanza que a propia Asamblea proponse celebrar o proximo dia 30.
Derradeiramente, e na mentras se procede á aprobación do Reglamento de Reximen Interior e acorda nomear coordinador a Dn Antonio Rosón Pérez e Segredario a Dn Perfecto Yebra Martull-Ortega
Rematado o acto suscriben a presente



EXCMO. AYUNTAMIENTO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

José Luis Meilán Gil
Domingo García Cabell
José Mª Suárez Núñez
José Manuel Pineiro Amigo
Valentín Paz Andrade
Manuel Iglesias Corral
Victoria Fernandez de Zapata
[illegible] Moro
José M. Pardo
Francisco Cacharro Pardo
Victor Moro
Fermín Zelada de Andrés Moreno
Antonio Rosón
Candido Sanchez Castiñeira
Perfecto Yebra Martul-Ortega
M. Fontoira Suris
Jesús Sancho Rof
José Rivas Fontán
Antonio Vazquez Cuiller



EXCMO. AYUNTAMIENTO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gerardo Harguindey Banet. Senador (Lugo)
Nora Inés Vilariño Salgado. Diputado (La Coruña)
Luis González Vázquez. Diputado por Lugo
José Quiroga Suárez. Senador (Orense)
José Manuel Couceiro Taboada (Coruña) Diputado
Julio Lillo Avence, Senador - Lugo
José García García, Senador - Pontevedra
Juan C. Franco Amarelle Senador Coruña
Francisco José Vázquez y Vázquez - Diputado - La Coruña
Andrés Eguibar Rivas - Diputado - La Coruña
Celso Alonso Rodríguez - Senador - Orense
Francisco Bustelo García del Real - Diputado - Pontevedra
Estanislao Reverter Sequeiros

O manuscrito da primeira acta da Asemblea de Parlamentarios de Galicia consérvase no Pazo do Hórreo

Tivemos que constituír o primeiro Parlamento no Pazo de Xelmírez, nunhas condicións lamentables, cun frío tremendo (Adolfo Abel Vilela)



Manuel Iglesias Corral foi o presidente da Mesa de Idade na sesión de constitución do Parlamento de Galicia, o 19 de decembro de 1981

Antonio Rosón era un home moi austero e sempre tiña medo de gastar. Chegábanlle sempre os cartos (Antonio Gato Soengas)

Ramón Piñeiro foi quen conseguiu de verdade que eu fose candidato á Xunta de Galicia (Xerardo Fernández Albor)

La Voz de Galicia

Fundado en 1882
por Juan Fernández Latorre

Director: Juan Ramón Díaz García
7.ª edición: La Coruña

Unas cien mil personas participaron en la manifestación

El pueblo de La Coruña salió a la calle en defensa de su ciudad

Decenas de miles de personas se quedaron sin poder alcanzar la Plaza de María Pita, que tiene un aforo cercano a las cincuenta mil personas. En la fotografía puede verse la impresionante y sorprendente multitud que se congregó ante el Palacio Municipal coruñés. Las calles adyacentes a la plaza se vieron asimismo abarrotadas de manifestantes.

La Coruña (Redacción). El pueblo de La Coruña salió ayer a la calle para manifestarse en defensa de su ciudad y en contra del proyecto de Ley de la Xunta de Galicia y del acuerdo transaccional de la Comisión Parlamentaria que sitúan en Santiago todos los órganos administrativos del gobierno gallego. Unas cien mil personas —según fuentes municipales— participaron en la concentración —la más importante de cuantas se han celebrado en esta ciudad— convocada por AP, UCD, PSOE y UCE. La cornisa, que partió de la Plaza de La Palloza, a las seis de la tarde, discurrió en perfecto orden, con absoluta tranquilidad y sin ningún incidente. Numerosas banderas gallegas y pancartas festonearon la marcha en la que figuraban representaciones de todos los sectores de la vida local, muchas familias completas y grupos de gaiteros. El alcalde más repetido era «Paco La Coruña, por Galicia». Se dieron voces en contra de la Xunta y Manuel Fraga recibieron asimismo diversos pecialmente, los estableciminetos de hostelería, cerraron sus puertas a las siete de la tarde. Las sirenas de los barcos sarios en el puerto, al que paralelamente discurrió la manifestación, hicieron sonar sus sirenas acompañando el paso de aquélla. La cornisa iba encabezada por una pancarta que decía «Parlamento en Santiago, Xunta en Coruña». Miembros de la Corporación Municipal, pertenecientes a los grupos convocantes, iban a continuación, rodeados de maceros. El pueblo de la ciudad le portaba el primer tercio de alcalde. En la Plaza de María Pita, que ofrecía un aspecto inusitado, el alcalde coruñés subió la bandera gallega que ondeaba a media asta desde hace días en el balcón del Palacio Municipal. Después pronunció unas palabras. Hizo un llamamiento al diálogo y a la reflexión.

La masiva afluencia de público sorprendió los cálculos más optimistas, ya que no se esperaba que menos 30.000 se agruparan a ella desde las aceras, los puntos —el escalerario sobre todo— desde donde discurría la marcha y en las inmediaciones de la Plaza de María Pita.

► Páginas 4 a 6

Hoy, paro de una hora en toda Galicia

Santiago (Redacción). CC.OO. y UGT han convocado para hoy un paro, de una hora de duración, en toda Galicia, para exigir el cumplimiento del Acuerdo Nacional sobre Empleo (ANE) y en protesta contra los proyectos de reforma de la Seguridad Social y los decretos sobre contratación temporal, propuestos por el Gobierno. La acción fue justificada ayer, en el transcurso de una rueda de prensa celebrada en Santiago, por los secretarios generales de CC.OO. y UGT de Galicia, Manuel Amor Deus y Xoxo Mosquera. «Non é unha acción final pra paralizar Galicia —indicó Amor Deus—, senón un primeiro aviso á Goberno e á CEOE pra que retiren a súa anunciada intención de modificar os decretos de contratación temporal, que posibilitaría o despido libre masivo».

► Página 33

Aviones argentinos hunden una fragata y averían otros dos buques británicos

Buenos Aires (Efe). Aviones argentinos hundieron ayer una fragata y averiaron seriamente un buque de desembarco, informaron fuentes militares soberanas.

La agencia oficial de noticias argentina «Télam» añadió que otros dos buques británicos fueron alcanzados por fuego de los aviones argentinos y uno de ellos bayó humeando de aguas próximas a las Malvinas.

Un portavoz militar precisó a la agencia «Efe» que el ataque de la aviación argentina se consumó en la bahía de Fitz Roy, al sudoeste de Puerto Argentina.

Editorial "Bruguera" suspende pagos

Barcelona (Europa Press). «Editorial Bruguera S. A.» y su filial «Libros y Revistas S. A.» (Librerá), han presentado ante sendos juzgados de Barcelona expedientes de suspensión de pagos. El grupo editorial tiene un pasivo global de 11.327 millones de pesetas, y un guirón de 4.776 millones. Según un comunicado de la propia empresa, la crisis se produjo por una serie de hechos económicamente adversos, entre ellos la rescisión del contrato de impresión de la revista «Interviú», que representaba unos ingresos de más de mil millones anuales.

Editorial Bruguera da trabajo a unas 1.200 personas, repartidas entre la central de Barcelona y las delegaciones de Madrid, Sevilla, Valencia y Bilbao; recientemente, los trabajadores mostraron en la necesidad de un cambio en la gerencia de la empresa, a la que acusaban de una gestión ineficaz.

► Página 21

Las fuerzas israelíes luchan en Damur, a 12 kilómetros de Beirut

Beirut (Agencias). Las fuerzas israelíes han penetrado en la ciudad de Sidón, después de haberla cercado, y combaten ya en Damur y en sus inmediaciones, a 12 kilómetros de Beirut.

Las informaciones sobre la situación en Sidón son contradictorias. Según algunas fuentes, la ciudad ha sido ya ocupada por las tropas israelíes. Según otras, las fuerzas palestinas siguen resistiendo y la lucha es muy encarnizada. Según la agencia palestina «Wafa», está combatiéndose casa por casa, ante la penetración de unidades acorazadas y paracaidistas israelíes.

► Páginas 4 a 6

LA CORUÑA

Aprehensión de masas en el puerto coruñés
► Página 26

Prosigue el ciclo de conferencias en honor de Santa Teresa
► Página 28

Nuevo horario de cierre para establecimientos públicos
► Página 27

Llegó el "vicepresidente del concejo municipal de Caracas"
► Página 28

Dos muchachos arrebatan el bolso y lesionan a una mujer sordomuda
► Página 26

FARO DE VIGO

DIARIO DECANO DE GALICIA — FUNDADO EN 1853 POR ANGEL DE LEMA — PRECIO 35 PTAS.
VICEDECANO DE LA PRENSA NACIONAL
EMPRESA FARO DE VIGO, S.A. — Director: José Francisco ARMADA TAGNAM

SANTIAGO, CAPITAL DE GALICIA

EL PROYECTO DE LEY, APROBADO POR 60 VOTOS A FAVOR Y 8 EN CONTRA

SANTIAGO (MADRUGADA) — La aprobación de Santiago como sede de las Instituciones Autonómicas convierte a la Ciudad del Apóstol en capital política y administrativa de Galicia. La decisión del Parlamento gallego se tomó por aplastante mayoría: 60 votos a favor y 8 en contra. Estuvieron ausentes tres parlamentarios, dos del Partido Socialista Obrero Español y uno de U.C.D.

► PAGINAS 31, 32 Y 33

CAMERUN, A CASA; ITALIA, A BARCELONA

Adiós al Mundial en Vigo

ARGENTINA, CLASIFICADA EN SEGUNDA POSICION DE SU GRUPO

PARTIDOS JUGADOS AYER:
ITALIA, 1 CAMERUN, 1
ARGENTINA, 2 EL SALVADOR, 0
BRASIL, 4 N. ZELANDA, 0

A DISPUTAR HOY:
ARGELIA CHILE (5.15)
FRANCIA CHECOSLOVAQUIA (5.15 - TVE 2)
HONDURAS-YUGOSLAVIA (9.00 - TVE 1)

PAGINE SPECIALI PER L'ITALIANI
PAGINE 50 y 51

DECLARACIONES DE MITTERRAND EN RUEDA DE PRENSA:

«ESPAÑA NO DEBE PENSAR QUE DEPENDE DE FRANCIA LA SOLUCION AL PROBLEMA TERRORISTA»

ENTRADA EN LA C.E.E.: «CUANTO ANTES SE HAGA, MEJOR», PERO NO SE COMPROMETIO EN UNA FECHA.
► PAGINA 5

Paco Vázquez, en actuario grave durante una de sus intervenciones, ejuntar de las cuales dieron origen a incidentes. (Foto: Magar.)

INCORRECTISIMA ACTITUD DE FRANCISCO VAZQUEZ, EMPEÑADO EN DAR EL ESPECTACULO

TODOS LOS GRUPOS POLITICOS, INCLUIDO EL P.S.O.E., RECHAZARON SUS PERSONALISIMAS TESIS. ● CANSARON CON SUS INTERVENCIONES. LOS ENMENDANTES DE LA CORUÑA, EN ESPECIAL IGLESIAS CORRAL

Presidente y en presidencia de la Xunta, en diálogo durante una de las intervenciones en la sesión plenaria del Parlamento de Galicia. (Foto: Magar.)

MEDALLA DE ORO AL MERITO TURISTICO A ALVARO CUNQUEIRO
Concedida, a título póstumo, con motivo de la exposición de S. M. el Rey.
PAGINA 24

Adolfo Suárez «debe hacerse cargo» de UCD

ACUERDO UNANIME DEL GRUPO DE SECRETARIOS PROVINCIALES Y REGIONALES REUNIDOS EN MADRID
PAGINA 9

Díxenlle a Paco Vázquez que tamén desde Ferrol estabamos dispostos a apoialo na defensa da Coruña como capital de Galicia (Manuel Couce Pereiro)

La Voz de Galicia, miércoles, 24 de noviembre de 1982 — GALICIA — 47

Se suspendió la sesión tras varios incidentes

El Parlamento privó de sus derechos a los diputados de Bloque-PSG por no haber jurado la Constitución

Santiago (Por Tucho Calvo). La privación de los derechos reglamentarios a los tres diputados del Bloque-PSG por su reiterada negativa a prometer o jurar acatar y guardar fidelidad a la Constitución y el Estatuto, y la consideración de Claudio López Garrido de que la decisión adoptada al respecto no tiene vigencia hasta su publicación oficial, motivaron que pocos minutos antes de las nueve de la noche de ayer el presidente del Parlamento suspendiese hasta esta mañana, a las once, la sesión que se estaba celebrando. Este asunto, cuyo debate había ocupado buena parte de la sesión desde que dio comienzo a las cinco y media de la tarde en Fonseca, y los incidentes que lo rodearon, dejaron en un segundo plano el debate del presupuesto. Cuando Claudio López Garrido quiso hacer uso de la palabra y se dirigió a la tribuna de oradores, recibió tres advertencias sucesivas del presidente Antonio Rosón que, ante la negativa del diputado nacionalista a abandonar el salón de sesiones, suspendió primero por diez minutos la sesión —sería en realidad casi media hora— y finalmente hasta esta mañana, en atención, dijo, a lo avanzado de la hora.

El pleno había comenzado con bastante expectación con la lectura por parte del secretario de las normas que regirían el debate de la propuesta de resolución que presentaba la mesa y de la propia propuesta de acuerdo con la cual los diputados Bautista Alvarez, Luis Diéguez y Claudio López Garrido, pertenecientes al grupo mixto, «por aplicación de artigo 7 do regulamento, non tarán os dereitos regulamentarios establecidos nos artigos 8, 9, 10 e 11 do regulamento do Parlamento de Galicia» sairá que prestan a promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia».

Bautista Alvarez pidió la palabra para una cuestión de orden una vez concluida la lectura de la propuesta de la mesa para aclarar la obligación reglamentaria —artículo 74— de los documentos objeto de debate se den a conocer con una anticipación de al menos 48 horas, salvo acuerdo de la mesa en contra «debidamente justificado».

Así, se entró en los teóricamente quince minutos que los diputados afectados tenían de audiencia para exponer su postura. En el caso de Bautista Alvarez, primero en intervenir, el presidente encendió por dos veces la luz amarilla de aviso y la roja de tiempo de intervención concluido, pero, permitiendo que agotase todo el tiempo que deseó. Comenzó el diputado nacionalista por destacar el interés en la aplicación del reglamento en un punto concreto cuando —recordó— no se planteó en ningún momento el suscitar por la reiterada ausencia a las sesiones a algunos parlamentarios tal como se contempla en dicha norma. En su opinión, se trataba de encontrar una fórmula de «descalificarnos» o invalidarnos na nosa función parlamentaria» cuando no se ha conseguido que la voz del nacionalismo llegue a la Cámara. «Isto é grave/o mo —agregó—, porque de aprobarse a proposta da mesa estaremos en vía de recortarnos nunha fascitización da nosa sociedade e das nosas institucións».

Luis Diéguez, que intervino a continuación, fue más breve. Recordó lo que les ocurrió a los republicanos en 1883 y significó que «unha cousa é a democracia e outra a Constitución que intenta regulalos, se afirmando seguidamente que «esta Constitución que nace co pacto e a hipocresía ten moi pouco de democrática pra ter opinións asoballadas». Negó en cambio que fuese una postura golpista, y señaló que líderes como Fraga la juraron aunque pretendan modificarla e instaurar la pena de muerte, o cuando Blas Piñar. «Non se está seguindo —concluyó— a tres deputados, senon a sesenta mil persoas que son o noso aval parlamentario. Se esta Parlamento leva adiante a postura da mesa, nace morto».

López Garrido se refirió también a los tiempos de Segunda. «Non se trata dun cupricha —dijo— porque pra nós sería máis doado xurar a Constitución, pro cremos que as liberdades democráticas existen cando se poden defender».

En el turno de portavoces que se abrió a continuación intervinieron sucesivamente Angel Guerreiro, Camilo Nogueira, Ceferino Díaz, Suárez-Vence y José Luis Barreiro. Guerreiro anunció que se opondría a la propuesta de la mesa y habló de lo dicho del momento político así como de lo difícil de dialogar entre democracia y Constitución. En esta cuestión el ministerio de reforma que contem-

Los diputados, privados de sus derechos reglamentarios, no tienen intención de abandonar el Parlamento, según expresaron en el pleno

plo y dijo que si el 23-F hubiese triunfado el golpe, sin duda los diputados del Bloque-PSG estarían luchando por restaurarla. En su opinión, la mesa debería haber propuesto que los tres parlamentarios sobre los que se centraba el debate conservasen sus derechos adquiridos ante la que entendía imposible aplicación retroactiva de la medida.

Camilo Nogueira se mostró de acuerdo en lo fundamental con los diputados nacionalistas, señalando que siempre defendió que no fuese obligatorio prestar el juramento, tal como se contempla en una proposición no de ley de reforma del reglamento ya presentada. Dijo que si esa Constitución o el Estatuto colman sus aspiraciones, pero que los obstáculos no están en la una ni en el otro. En su opinión, debería suspenderse la aplicación de la norma durante esta legislatura, e hizo un llamamiento al sentido común señalando que la mesa retirase su propuesta.

«Esto non é un dos momentos máis felices do Parlamento», dijo Ceferino Díaz al iniciar su intervención. Repitió la postura de su grupo de que el tema no debía haberse propuesto al pleno sino que debía ser resuelto por la mesa, sin que ello significase escamotear responsabilidades del mismo toda vez que está representado en la mesa. «Pra nós é doloroso que os diputados do Bloque-PSG prefiran perder os dereitos parlamentarios nesta Cámara a xurar a Constitución. E lamentamos aínda máis que se presenten nesta tribuna pra atacar á Constitución que lles garantiza ese mesmo dereito».

Suárez-Vence inició su intervención con alabanzas del trabajo realizado en la Cámara por los diputados del Bloque-PSG, para señalar seguidamente que «no nos sentimos xogadores de nadie». Aseguró que la Constitución no niega a nadie, no niega a Galicia. Puede negar la idea que de Galicia tenga un grupo determinado, y basó la presencia del juramento en el respeto porque las mayorías se han puesto de acuerdo en ello y «a ha seguido un procedimento parlamentario legítimo».

Sumerida la propuesta a votación, se manifestaron a favor AP, UCD y PSOE, así como el diputado del grupo mixto Gonzálvez Marthez, se abstuvo el miembro del mismo grupo González Martín y votaron en contra los otros cinco parlamentarios que forman parte de él.

Ahierto un breve descanso por la presidencia, se produjo frente al palacio de Fonseca una manifestación de medio centenar de jóvenes que protestaban por la decisión del Parlamento y que fueron disueltos pocos minutos después por fuerzas de la policía nacional. Siete personas fueron condeciadas con este motivo a la comisaría de policía, quedando en libertad tras ser identificados.

Os tres deputados do Bloque-PSG foron suspendidos de dereitos por non xurar a Constitución e o Estatuto

Fernández Albor estende ben a bandeira de Galicia sobre o féretro de Antonio Rosón

Tras a morte de Rosón, Tomás Pérez Vidal foi elixido presidente do Parlamento, cando contaba 31 anos de idade

Fernández Albor tivo a idea de crear a CRTVG logo de escoitar a Otero Pedrayo falar da desaparición dunha lingua gaélica

Lémbrome ben de que Laxe, parafraseando a Groucho Marx, dixo que AP e Albor irían de vitoria en vitoria ata a derrota final (Antolín Sánchez Presedo)

Houbo unha última discusión que supoñía unha ruptura; algo así como dicir: un dos dous sobra neste pobo, forasteiro (Xosé Luis Barreiro)

Téñome pelexado tanto con Felipe González como con Pujol . El dicía que Cataluña eran 6 millóns, e eu que Galicia e o norte de Portugal tamén sumabamos 6 millóns (Fernando González Laxe)

Sempre fun partidario de que cando se fai un edifcio público hai que meter ós funcionarios antes de que saian os empregados da empresa. Hai que empurrar porque se non eternízanse as obras (Tomás Pérez Vidal)

A nova sede do Pazo do Hórreo inaugurouse o 10 de outubro de 1989. A Xunta mercoulle o edificio ó Ministerio de Defensa por 550 millóns de pesetas

Ceferino Díaz estaba permanentemente pegado a Laxe, e no grupo dabamos por descontado que ía ser o conselleiro de Economía. Non foi así (Xulio Pardellas Blas)

Pouco a pouco, Beiras ía participando con asiduidade na vida parlamentaria, digamos que con maior ou menor estridencia, pero participaba con total normalidade (Tomás Pérez Vidal)

O primeiro Goberno de Fraga contou con 11 conselleiros, o mesmo número que con Laxe, pero eliminou a figura do vicepresidente

Na terceira lexislatura pasouse de 2 a 12 mulleres no Parlamento de Galicia

Claro que impresiona ser o presidente do teu país, pero telo que asumir. Sabes que tes que ser o primeiro en todo: en manifestarte, en agradecer, en dar consellos, en decidir (Fernando González Laxe)

A Fraga parece que o tiñan sempre na peaña do PP. Sempre o vías rodeado de tropecentas mil persoas (Xosé Antón Ventoso Mariño)

Xosé Cuíña tiña moita retranca, como todo o mundo sabe. Polo tanto, daba gusto debater con el aínda que non estiveses dacordo en nada (Xosé Manuel Pazos Varela)

Pepe Cuíña era como Garrincha, o que pasa é que había momentos en que se emborrachaba caneando e perdíase. Pero canenando no corpo a corpo era dificil, caneaba moi ben (Francisco Trigo Durán)

Poñer en marcha o Xacobeo foi darlle a Galicia o seu pozo de petróleo. Tiñamos unha credencial exclusiva fronte ó mundo (Víctor M.Vázquez Portomeñe)

Cando Xosé Cora toma posesión como Valedor do Pobo non había nada, non se sabía nada do que era o Valedor. El deulle corpo a esa figura (Tomás Pérez Vidal)

María Xosé Porteiro, xornalista, foi deputada na 3ª e 4ª Lexislaturas



Presentei unha moción para que non se fumase, porque ía contra a saúde. Beiras dixo que entón habería que presentar outra moción contra o fume das chemineas (Xulio Pardellas Blas)

Tres homes que deixaron pegada no Parlamento de Galicia: Xosé Cuíña, Fernández Albor e Anxo Guerreiro

Xosé Luis Rodríguez Pardo, histórico deputado socialista, conversa con Victorino Núñez

O grupo parlamentario tiña unha dinámica propia que Fraga respectaba absolutamente. Iso si, cando non estaba de acordo con algunha das nosas decisións, marchaba para non votar (Víctor Manuel Vázquez Portomeñe)

Fraga Iribarne foi sempre un político español, canovista, que viña con ínfulas británicas. Trouxo, non obstante, pensamento político (Xoán López Facal)

Fidel Castro interpretou que Fraga lle estaba ofrecendo asilo político. Entón levantouse e dixo: "presidente, nos veremos en el infierno". Aí rematou a súa visita a Galicia (Xesús Palmou Lorenzo)

Fraga pediume que fose presidente do Parlamento. Díxomo por teléfono. Pensei que se equivocara de número e de persoa (Xosé María García Leira)

Un dos consellos que me deu Fraga é que non me esquecera de que, así como nas guerras a coiraza ponse no peito, na política ponse nas costas, porque ás veces o inimigo está na casa (Xaime Pita Varela)



Eu creo que o peor momento dun presidente é ter que expulsar a un parlamentario; porque o Parlamento é un sitio para dialogar, para confrontar ideas, pero sen pasarse da cortesía (Xosé María García Leira)

Ese apertón de mans foi unha sorpresa para todos; outra cousa é que para algúns fose unha sorpresa positiva e para outros negativa (María Olaia Fernández Davila)

Daquela xurdiu tamén o compromiso de ter unha reunión cara a cara. Falei cos dous e mesmo teño no meu poder as cartas que se intercambiaron ambos e que deron lugar a unha cea (Xesús Palmou Lorenzo)

O entendemento entre Fraga e Beiras na 6ª Lexislatura foi importante porque se fixeron algunhas comisións entre o PP o Bloque (María Salomé Álvarez Blanco)

Cando despachabas con Fraga dábache documentos e máis documentos. Pero as anotacións facíaas nun folio partido pola metade, para aproveitar a outra metade (Manuela López Besteiro)

Eu concibín sempre a dedicación parlamentaria como un traballo, non como unha parodia de mal teatro. De maneira que os xestos, a vehemencia, o humor ou a ironía deben ser auxiliares da tese política que se defende (María Pilar García Negro)

O BNG, no seu Consello Nacional, decidiu por maioria presentar a moción de censura pola crise do Prestige. *Sempre digo que o que se abstivo defendeuna coma un campión* (Francisco Trigo Durán)

Xosé Ramón Cólera foi oficial maior do Parlamento durante 24 anos, prestando asesoramento a catro presidentes da Cámara



Geluco nunca levaba discursos escritos. Na cafetería, collía unha servilleta e anotaba catro ideas, e a partir de aí montaba o relatorio, sempre apaixonado (Xosé Manuel Pazos Varela)

O esvaecemento de Manuel Fraga durante o Debate do Estado da Autonomía de 2004 marcou o remate da lexislatura

Nas eleccións de 2005, os partidos que logo formamos goberno sacaramos un deputado máis que o PP. Polo tanto, había que ir con moito tino e facer un uso responsable da capacidade de goberno (Emilio Pérez Touriño)

Eu nunca me plantexara ser presidenta do Parlamento, obviamente. Víame máis de fontaneira, de traballar moito na parte de atrás do grupo (Dolores Villarino Santiago)

Eu presidira a comisión de investigación das 'vacas tolas'. Tocoume tamén facelo na comisión do 'Prestige'. Había unha tensión tremenda, na rúa e tamén no Parlamento (Xosé Manuel Barreiro Fernández)

A formación de Goberno comezou cun certo tirapuxa, onde o BNG tiña un plantexamento un tanto sindical da negociación. Por sorte, Quintana reaccionou con moito pragmatismo (Emilio Pérez Touriño)

A pesar de pasar á historia como un Goberno que se levaba tremendamente mal, o certo é que non perdeu unha soa votación no Parlamento (Anxo Quintana González)

A negociación para reformar o Estatuto de Autonomía quedou ancorada na exposición de motivos, onde tiña que aparecer, si ou si, o termo nación (Alberto Núñez Feijóo)

Na 7ª Lexislatura abriuse a Comisión de Investigación sobre a Cidade da Cultura, cun proxecto arquitectónico de Peter Eisenman e promovida polo conselleiro Pérez Varela

No Parlamento pódense ter discusións fortes, pero sempre dentro dun límite. E aceptar as críticas. Como dicía a miña avoa: quen ten a lingua dura, ten que ter a costela dura (Carlos Aymerich Cano)

Teño a peculiar anécdota de ser un dos deputados máis breves de toda a historia do Parlamento galego. Na 3ª lexislatura saquei acta por Ourense, pero o TSXG acabouma retirando (Alfredo Suárez Canal)

Touriño nunca foi partidario de xudicializar a vida política. Dicía que as cuestións políticas había que resolvelas dentro da política e do Parlamento (Ismael Rego González)

En 2006, Manuel Fraga foi designado pola Cámara para representar a Galicia no Senado, recibindo todos os votos agás o seu propio